




RAIGAME

REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIONS POPULARES



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIONS POPULARES

índice



páx. 5

Editorial

páx. 6

CHAMOSO E OURENSE: UNHA RELACIÓN HUMANA E PROFESIONAL

Xosé Luis Sobrado Pérez

páx. 12

A ESMORGA NA BIBLIOTECA BLANCO AMOR

Isabel Almuíña González

páx. 18

VIEIROS CUMPRE CINQUENTA ANOS

Ricardo Gurriarán

páx. 26

O FONDO LUIS SOTO FERNÁNDEZ DO ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL

Pablo Sánchez Ferro

páx. 32

BUSCANDO A ERTÍ (ARTISTAS DE OURENSE NA REVISTA VIEIROS)

Xabier Limia de Gardón

páx. 40

CARLOS VELO. MÁIS ALÓ DO CINE: ESCRITOR E EDITOR

Miguel Anxo Fernández

páx. 46

NO CINQUENTA ANIVERSARIO DE VIEIROS

Xosé González Martínez

páx. 50

ELIXIO RODRÍGUEZ

Antonio Piñeiro

páx. 66

UNHA VIAXE DE LUÍS SOTO A VILANOVA DOS INFANTES

Antonio Piñeiro

páx. 72

LETRAS GALEGAS 2009

RAMÓN PIÑEIRO E OS GALEGUISTAS HISTÓRICOS COMO VALEDORES DA AUTONOMÍA GALEGA

Xosé Ramón Quintana Garrido

páx. 86


AQUEL DÍA DAS LETRAS DE HAI TRINTA ANOS

Afonso Vázquez-Monxardín


páx. 92

A PEGADA DE RAMÓN PIÑEIRO EN VIEIROS

Antonio Piñeiro



REVISTA DE ARTE, CULTURA E TRADICIÓN POPULAR



Dirección **Mariló e Xulio Fernández Senra**

Secretaría **Fco. Javier Álvarez Campos**

Coordinación **Antonio Piñeiro**

Icono Raigame (contraportada) **Tomás Vega Pato**

Coordenan **Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo F.
Escola Provincial de Danzas
Colectivo Castro Floxo**

Edita



Deseño e Realización infográfica **Xosé Lois Vázquez & Nicole Carpentier, S.C.**

Impresión **RODI Artes Gráficas, S.L., Ourense**

Dep. Legal **OU - 75/95**

I.S.S.N. **1136-3207**

Todas aquelas persoas que teñan

interés en publicar artigos ou traba-

llos nesta revista poden dirixirse a:

RAIGAME

Aptdo. 484

Tlf. e Fax 988 249493

32080 - Ourense

ccpraigamepublicacions@depourense.es

www.depourense.es

Tódolos dereitos de reprodución, adaptación, tradución ou representación dos textos, ilustracións e fotografías están reservados, e só poderán ser exercidos por terceiros previa solicitude e correspondente permiso dos editores ou dos autores.

Efemérides

Non se sabe ben de onde procede

a tradición de ollar para atrás cada certo tempo. Posiblemente sexa unha necesidade que un día nos proporcionamos os seres humanos co obxectivo de manternos máis alá do tempo que nos toca vivir e de converter en intemporais os ciclos cos que adoitamos perpetuarnos.

Agora ben, se esta práctica nos serve para abrir de cando en vez as fiestras do tempo e permitírnos ver entrar o arrecendo da historia, ou mellor dito, o arrecendo do saber que foi sementando a historia e do que nós somos privilexiados herdeiros, benvido sexa este costume que vai máis alá de culturas e tradicións, de linguas e relixións, de pobos e de Estados...

Pero tamén é certo que non toda a historia entra por esa fiestra, porque sería imposible de asumir polas nosas limitadas consciencias. Entra só o arrecendo que permanece, aquel que é quen de traspasar a inexorable e a miúdo tamén inxusta peneira do esquecemento.

Pois ben, neste marco dos ciclos da vida que se repiten e que acaban transformando a propia historia nun inmenso péndulo infinito no que viaxamos todos, é onde se pode situar a edición dunha revista onde conflúen importantes efemérides que teñen a Ourense como centro de referencia e que demostran unha vez máis a veracidade do mito cando as xentes da Xeración Nós a cualificaron como a «Atenas de Galicia». Velaí...

Ábrese o exemplar cunha ollada necesaria á figura de Manuel Chamoso Lamas, cando se cumpre o primeiro centenario do seu nacemento. É bo, pois, este momento para coñecer a vixencia das súas reflexións sobre a necesidade de conservar o riquísimo patrimonio que fan de Ourense unha provincia envexada.

E se cen anos son meritorios, cincuenta non o son menos para reivindicar a vixencia dunha novela como «A esmor-ga» de Blanco Amor. Se cadra, a novela máis universal da literatura galega.


Ou para realizar unha relectura actualizada a «Vieiros» a revista que deseñaron catro ourensáns como Luis Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Delgado Gurriarán, e que pasa por ser a máis audaz publicación galega do exilio. Esta é a razón de que o corpo fundamental deste número de Raigame se sosteña precisamente nunha ollada poliédrica a eses catro exemplares que o Padroado da Cultura Galega de México editou entre o ano 1959 e 1968.

E se de efemérides falamos, tampouco podíamos esquecer a circunstancia anual da celebración do Día das Letras Galegas, que este ano se lle dedica a un dos pensadores históricos do galeguismo como foi Ramón Piñeiro, no que ademais coincide a feliz –e por outra banda lóxica– circunstancia de que tamén participou activamente na edición de «Vieiros» coa achega de tres artigos que, por esa mesma causa e como «ramo» a unha obra pretendidamente cíclica, reproducimos facsimilamente.



XOSÉ LUIS SOBRADO PÉREZ

Responsable da Sección de Historia
do Centro de Estudos Chamoso La-
mas.



CHAMOSO E OURENSE:

UNHA RELACIÓN HUMANA E PROFESIONAL

Xosé Luis Sobrado Pérez

Como ben é sabido, naceu hai agora 100 anos Manuel Chamoso Lamas na cidade da Habana a onde os seus pais emigraran coma moitos outros milleiros de galegos á procura dunha vida máis acomodada da que as terras de Moldes, no concello de Boborás, lles podían ofrecer. Non vou escribir nin afondar máis sobre a súa biografía pois, entendo, que xa foi acertadamente tratada en numerosas publicacións, pero si determe en aspectos que teñen que ver máis cunha vida dedicada a unha quimera: a conservación do noso patrimonio, centrándome exclusivamente na actual provincia de Ourense.

Chamoso ven de neno -catro anos- para esta parroquia onde comeza a súa relación con esta terra na que, resulta evidente, facendo boa a

reflexión que hai uns días facía Ferrín sobre o feito de que a Patria de cada un de nós é a nosa infancia, Chamoso non rachará nunca, antes ben, como no caso do mítico Ulises desexando volver para morrer e repousar na súa soñada Ítaca, a historia repítese de maneira certa xa que o camposanto da igrexa de San Mamede, que el noutrora rescatara da ruína na que se atopaba, erguida no cumio dun castro rodeada de frondosas paisaxes, será o seu punto de destino. Moldes é un fermoso lugar onde as paisaxes resultan impresionantes e, de seguro, esta relación home-medio condicionou en gran medida ese gusto que el tivo sempre polo entorno natural.

Pero aparte desta fonda e estreita relación sentimental e humana de Chamoso coa súa parroquia, a pro-

fesional transcende moito máis aló, tanto no ámbito xeográfico e espacial como na multitude de facetas que este home chegou a practicar ó longo da súa intensa vida e que agora ollaremos. Dicar que sería practicamente imposible intentar abranguer toda a acción levada adiante nesta provincia nun sinxelo artigo, polo que citaremos algunhas das mesmas facendo fincapé no fondo compromiso e preocupación que sempre mantivo con estas terras.


A ARQUEOLOXÍA

Malos tempos tocáronlle vivir a Chamoso: a recente Guerra Civil –ou, mellor dito, como moitos dan en chamar Incivil- non deixa lugar para grandes empresas no mundo da investigación nun país desfeito, onde a miseria material e humana é a paisaxe dominante en calquera punto para onde se mire. As penurias son inxentes e, como sempre, o mundo da Cultura queda relegado a un segundo, senón terceiro, plano.

Chamoso inicia a súa andaina neste campo coa incorporación por oposición ó Corpo de Arquivos, Bibliotecas e Arqueólogos, para pasar no ano 1944

a desempeñar o cargo de Comisario da 3ª Zona do Servicio de Defensa del Patrimonio Artístico Nacional, e vaise a vivir a Zaragoza. Será dende este momento cando Chamoso inicie as súas experiencias no mundo da arqueoloxía, tendo como referente inicial as escavacións na Catedral de Santiago. E vai tomar como punto de partida neste campo da arqueoloxía dentro da provincia de Ourense un lugar moi próximo a Moldes: o chamado Castro da Teixeira, situado na parroquia de San Fiz de Brués (Boborás) sobre o que publica un interesante traballo no ano 1945 deste asentamento situado á beira do río Viñao, sobre o que no Medioevo se erguería o e nomeado Castelo de Caldelas de Orcellón. Moi interesantes son os datos que aporta sobre o asentamento mineiro romano de Barbantes, no monte do San Trocado, hoxe desgraciadamente desaparecidas en boa parte, que complementa uns anos máis tarde cun estudio sobre o Castro de San Cibrán das Lás. Estes dous singulares elementos, son de novo tratados e revisados por Chamoso nun novo artigo aparecido nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* do ano 1956. No medio destes dous episodios sae do prelo un importante estudio sobre o emblemático xacemento de Santa Mariña de Augas Santas e outros posteriores

PROXECTO DE RESTAURACIÓN E ORDENACIÓN EN PAZOS DE ARENTEIROS (OURENSE) 2ª FASE



relacionados coa aparición de restos en Parada de Outeiro (Vilar de Santos). Esta dedicación a estudos sobre a arqueoloxía de Ourense, remata coa aparición de novos traballos que teñen que ver coa presenza de vestixios relacionados con necrópoles e outros de época paleocristiá e xermánica.

OS CONXUNTOS HISTÓRICOS


Nin que dicir ten que unha das meirandes preocupacións que Chamoso tivo ó longo da súa dilatada carreira foi a da preservación dos nosos cascos históricos como lembranza do pasado contra os aires da mal chamada modernidade e as vantaxes e posibilidades de cara ó futuro que podería ter dita conservación, cuestión que merecía del a seguinte reflexión: *“Son núcleos de cidades cargadas de historia y mal podrán convertirse en núcleos urbanos nacidos del cálculo, de la improvisación o de la generación espontánea, y sería un delito imperdonable permitir la destrucción de su pasado urbano aun cuando debe respetarse su condición de nodriza del auge urbanístico que el desenvolvimiento y la complejidad de la vida actual, con su potente desarrollo sociológico, industrial o comercial, ha creado en su posterior expansión”*. E os anos déronlle a razón.

Allariz, Ribadavia, a propia cidade de Ourense xunto co núcleo de Pazos de Arenteiro, son puntos de referencia no obxectivo de protección que el traza e deseña. Conta cun colaborador especial nesta andaina: o arquitecto Carlos Fernández-Gago Varela. Este home acompaña a Chamoso moitos anos e participa nos traballos de recuperación destes valiosos enclaves históricos, auténticos caprichos elaborados por mans sabias durante séculos que garda a nosa provincia e nos que estes dous colaboradores e amigos ven moitas posibilidades de futuro nunha época na que a construción vertical e de formigón deixa despoboados e sen vida a estes vetustos lugares. Hoxe, o tempo dálle a razón, unha vez máis, a Chamoso: só hai que botar unha ollada e ver a realidade de presente e posibilidades de futuro que estes catro lugares que el tanto coidou están ofrecendo, converténdose na actualidade en puntos obrigados de visita, en pleno pulo de vida económica e social.

OS MUSEOS

Dúas foron as actuacións neste campo. Chamoso matina na necesidade de crear unha rede de pequenos museos que recollan o inxente valor patrimonial que existe en Galicia e que, vendo á


RESTAURACIÓN DA PORTA NOVA E CONXUNTO URBÁN DE RIBADAVIA (OURENSE)





ALZADO

PONTE DE SAN CLODIO
(OURENSE)



PLANTA

velocidade coa que andan os tempos, intúe corre perigo no caso de non acudir a tempo. Neste sentido fai unha aposta moi interesante coa creación do Museo do Ribeiro en Ribadavia, que el concibe como un museo vivo que ademais dos obxectos expostos estea integrado co entorno nos que se crean e recollan *“los valores populares que representan la esencia del ambiente, el carácter y el desarrollo de la vida”* dunha civilización que el decátase *“que se va”*, e no que se explicaría o contexto xeográfico, os criterios agronómicos, vinicultura e viticultura, historia, comercio, etc. Para este Museo do Ribeiro, Chamoso recupera un vello e magnífico edificio do século XVII situado no casco histórico desta vila e en palabras do seu colaborador Fernández-Gago *“no llegó a ser ese ejemplo de Museo Etnológico que Chamoso Lamas había diseñado, pero al menos ahí está una pequeña muestra por si algún día puede realizarse, o completarse tal como había sido pensado...”*.

O muíño de Moldes foi a segunda actuación museística levada a cabo na provincia de Ourense. Moi próximo á súa casa, á beira do río Arenteiro, foi declarado previamente como Monumento Nacional, sendo en palabras da persoa que quizais mellor coñeceu a Chamoso, o ben querido amigo Felipe Senén López, *“un modelo de ecomuseo no que se intentou a súa recuperación e posta en valor cunha pequena taberna que dera vida ó lugar e*

permitise a súa visita”; a desidia e apatía dunhas miopes autoridades municipais unhas veces, e a falta de rigor e rubor da propia Administración que permitiu o lamentable estado de abandono no que se atopa impediron que este proxecto quedase neso, un proxecto no que os valores etnográficos ían ter un tratamento especial.

OUTRAS INTERVENCIÓNS

Finalmente, un longo capítulo de intervencións variadas sobre distintos elementos patrimoniais situados dentro da provincia de Ourense, cuestión pola que Chamoso sentiu unha preocupación especial sobre todo cando era coñecedor de situacións de risco ou grave perigo de seren obxecto de danos irreparables.



Facer unha enumeración, aparte de non ser cuestión esencial, resultaría cando menos interminable; o que si foi fundamental o aspecto cualitativo en tanto que moitos dos nosos monumentos que hoxe lucimos e dos que nos gabamos están en pé grazas a unha decidida intervención nun tempo no que estes aspectos non eran transcendentais por non dicir sequer importantes para unha sociedade preocupada polo día a día e as penurias da época.

Aparte dos exemplos xa mencionados ata agora, a súa incondicional aposta polo noso legado cultural

permitiu, malia a escaseza de recursos económicos, importantes obras en puntos tan senlleiros como Santo Estevo, Santa Eufemia de Ambía, os mosteiros de Melón, San Clodio e Oseira, San Pedro de Rocas, Ponte San Clodio, Castro Caldelas, San Mamede de Moldes, San Xulián de Astureses, Castelo de Monterrei e un longuísimo etcétera que non ven a conto enumerar. Da súa teima neste aspecto, a frase do seu inseparable Fernández-Gago define o sentir de Chamoso neste sentido: *“fue un soñador incansable, y si no conseguía que se realizase un gran proyecto suyo, ya aparecería otro más humilde, el caso era trabajar por su Galicia, cosa que no siempre se le reconoció, aunque a decir verdad, él nunca aspiró a un agradecimiento, simplemente trabajó por salvar los monumentos, para que no se perdiera la historia y la tradición de su tierra”*.

Como epílogo a este traballo e á súa intensa vida, un importante legado bibliográfico relacionado coa provincia de Ourense que comeza moi cedo, no ano 1934, no que ve a luz o opúsculo *La Iglesia de los Templarios de San Mamede de Moldes*, obra na que analiza a daquela arruinada igrexa da súa parroquia, repertorio que se verá enormemente ampliado co paso dos anos tanto en número como en variedade temática que abrangue a arqueoloxía –como xa tocamos–, a historia, a paisaxe ou a arte.

Finalmente, unha reflexión de Felipe Senén dáme pé para rematar esta sinxela colaboración en lembranza dun home que tiveron a honra de coñecer e tratar nos últimos anos da súa vida e que anos máis tarde deu nome ó Centro de Estudios da Comarca do Carballiño ó que me honro pertencer: *“Chamoso non deixou de defender, de estudiar, de divulgar, de emocionarse coa arqueoloxía, a historia, a arte, as tradicións e lendas da súa terra. A súa profesión alongábase ás vintecatro horas do día e dunha xornada a outra. Os problemas do patrimonio eran os seus problemas”*.





EDUARDO BLANCO AMOR
1897-1979

Autoretrato. Ed. 2008

ISABEL ALMUÍÑA GONZÁLEZ

Licenciada en Xeografía e Historia. Bibliotecaria da Deputación de Ourense.



A ESMORGA NA BIBLIOTECA BLANCO AMOR

Isabel Almuíña González

En Sesión Extraordinaria de 7 de mayo de 1983, bajo la Presidencia de Ilmo. Sr. D. Victorino Núñez Rodríguez, se trata en el orden del día entre otras la propuesta de adquisición de la biblioteca de D. Eduardo Blanco Amor que consta de libros, documentos, cuadros, fotografías manuscritos y correspondencia, en la cantidad de millón y medio de pesetas.

O 21 de Marzo de 1984 faise efectiva a compra da mesma pasando a albergar os estantes da Biblioteca Provincial.

Blanco Amor constituíu esta biblioteca ao longo do seu exilio en Arxentina, esta sufriu numerosas perdas debido primeiro aos numerosos traslados de domicilio do escritor, segundo, a súa gran desmembración sófrea en Vigo cando se anega o baixo da botica que a albergaba despois de cruzar o Atlántico, feito que afectou de sobremaneira a Blanco-Amor causándolle un profundo abatemento, e terceiro, o propio autor dedicouse a agasallar libros os seus amigos durante os seus últimos anos de vida.

O 21 de Maio de 1993 a Editorial Galaxia, merca a plena titularidade de todos os dereitos de propiedade intelectual orixinarios de Don Eduardo Blanco Amor aos herdeiros do mesmo, xustificando a amizade do autor cos principais fundadores de Galaxia, así como a circunstancia de ser dita Empresa editora case exclusiva da obra galega do escritor, por decidida elección de este en vida, e a mellor alternativa para a promoción e divulgación da obra de D. Eduardo Blanco Amor. Isto leva consigo que a Deputación é dona da Biblioteca pero non podemos reproducir, nin editar a súa obra sen autorización expresa da Editorial Galaxia.

É sen dúbida unha das bibliotecas de autor máis relevantes da Biblioteca Provincial xunto coas de outros egregios escritores como Ben-cho-Shey, Benito Fernández Alonso, Alberto Vilanova, Pura e Dora Vázquez, etc... formada por un fondo bibliográfico importante non polo número senón máis ben pola calidade de temática literaria, conta en total con 1814 títulos, máis de 3000 imáxenes que conforman o arquivo fotográfico, 1137 cartas do arquivo epistolar, revistas, cadros, obxectos persoais,

manuscritos orixinais de narrativa, poesía e teatro, tanto en castelán coma en galego, ensaios, reportaxes, diarios, conferencias etc.

A esta biblioteca incorporáronselle posteriormente tres anexos:

Anexo EBA que conta con 103 títulos referentes á obra de Blanco Amor.


Anexo Lorca con 25 exemplares referentes ao estudo das obras de Blanco Amor e Federico García Lorca.

Anexo Carlos Laíño 51 libros doados por Carlos Laíño alusivos a temas e obras relacionadas con Blanco Amor.

As edicións da Esmorga na Biblioteca de Blanco Amor

Mentres o galeguismo enmudecía en Galicia baixo a represión do réxime franquista, os galeguistas do exilio continúan máis alá das nosas fronteiras o traballo de recuperación lingüística que se iniciara nos anos anteriores ao levantamento militar. Os galeguistas do exterior (entre eles Eduardo Blanco Amor) concentráronse en Arxentina, Brasil, Venezuela, México, Cuba. A resistencia cultural organizase da man de Castelao e Luís Seoane principalmente, financiadas polas institucións emigrantes e a iniciativa privada, xorden naquel intre as primeiras editoriais na resistencia, entre elas tan prestixiosas e de largo percorrido posterior como a Editorial Losada, Editorial Emecé, Citania, etc. É cando xorden os grandes títulos da literatura galega contemporánea dende o exilio: *Sempre en Galiza* de Castelao (1945), *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor (1959) ou *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas (1961), por citar algúns exemplos.

O 19 de xuño de 1956, Xosé Ramón Fernández Oxea (Ben-Cho-Shey), inspector de educación en Madrid, rexistra na Vicesecretaría de Educación Popular un mecanoscrito de 38 folios, datado en Bos Aires un ano antes, era *A Esmorga*, co subtítulo *Crónica de tres borraxos*. É o falanxista Miguel Piñanvieja del Pozo quen asina o informe da censura "Devolveuno limpo, tan mal lle pareceu que non se molestou en facer borranchos". Acabouna publicando Luís Seoane no 1959 na editorial Citania de Bos Aires.



É a obra nº 4 da colección Mestre Mateo da Editorial Citania xunto coas obras de Isaac Díaz Pardo, Ramón Valenzuela, Anxel Fole e Rafael Dieste. Salientar que a narración está ilustrada con debuxos de Isaac Díaz Pardo, mentres que a capa é obra de Luís Seoane.

A Biblioteca conta con 4 exemplares da primeira edición (1959) de *A Esmorga*.

Na biblioteca de Blanco Amor (1 exemp.): EBA/ 1744

Na Biblioteca de Ben-Cho-Shey hai (2 exemp.): BCS/20, BCS/21

E no Fondo antigo da Biblioteca (1 exemp.): FPA/330

A Editorial Galaxia intenta de novo por sacala en Galicia no ano 1969, pero de novo o informe é desfavorable, esixíndose a supresión das tres pasaxes da obra onde a Garda Civil malla no Cibrán.

O 2 de setembro de 1970 Blanco Amor cede e transfere ao editor Francisco Fernández del Riego, actuando en nome da Editorial Galaxia, todos e cada un dos dereitos sobre a obra "A Esmorga", para que salga á luz por

primeira vez en Galicia a 2º edición de A Esmorga, coas modificacións oportunas: "A Editorial Galaxia reeditaa agora, sabendo que incorpora ao seu programa de edición unha das máis notables obras de prosa galega destes derradeiros anos".


Posteriormente sairán a terceira edición (1975) e a cuarta edición (1978) respectando o formato: paxinación, ilustracións e o deseño da capa da 1ª edición de 1959.

A biblioteca conta con 5 exemplares das distintas edicións:

Ed. De 1970: EBA/1743; BCS/22

Ed. De 1975: BCS/23; LL/2671


Ed. De 1978: EBA/ 1742



Pasarán oito anos para que de novo a editorial Galaxia reedite A Esmorga, (1983), é unha edición que conta co patrocinio das Deputacións de Galicia, o deseño da capa realizaa F. Mantecón e M. Janeiro, mantéñense as ilustracións de Isaac Díaz Pardo. Como novidade incorpóraselle un prólogo e unha páxina con correccións ortográficas e morfolóxicas, así como un Apéndice ó remate do libro, que reflicte un pequeno vocabulario de termos usados na narración.


Dada a enorme popularidade de A Esmorga, séguese a realizar novas impresións da mesma, a día de hoxe en total 23 segundo datos facilitados pola Editorial Galaxia nas distintas coleccións e formatos, salientamos as seguintes impresións por ser estas as que se atopan entre os fondos da Biblioteca:

Edición de 1992 (11ª ed. na colección Literaria.) fondo Anexo EBA /3: Non engade as ilustracións de Díaz Pardo, e a capa é deseño de F. Mantecón.




Dicir que estas catro edicións foron editadas en vida do autor.


Edición de 1995 que conta co patrocinio da Compañía de Radio-Televisión de Galicia, integrada na colección Biblioteca da Cultura Galega co número 45, a ésta edición engádenselle os debuxos de Díaz Pardo, do deseño da capa encárgase a F. Mantecón. (Biblioteca Anexo EBA/2).




A edición de 2001, é unha coedición de Galaxia e La Voz de Galicia, co patrocinio de BBVA, vendíase conxuntamente coa edición do xornal para a colección Biblioteca Galega que ofertaba o diario. FPB/5980




Edición de 1998 (17ª ed. na colección Literaria) respecta o mesmo formato da edición de 1992, modifícase a capa que é deseño de Egon Schiele "Duas rapazas deitadas" (fragmento). (Biblioteca Anexo EBA/4).



A edición 2005 "Edición especial para a Deputación Provincial de Ourense con motivo do XXV Cabodano de Eduardo Blanco Amor" A fotografía da capa foi realizada por Blanco Amor: "Acordeonista ". FPB/7921



A editorial Galaxia no ano 2003 engade a Serie de Literatura a colección: Biblioteca Blanco Amor, a finalidade da cal é a de reunir a obra do egrexio escritor e que irá ilustrada con fotografías do arquivo fotográfico do autor. No 2008 salgue a 3ª ed. na colección co número 4, para a capa engádesse de novo a fotografía do Acordeonista do propio autor e no interior do libro un autorretrato do mesmo.



Traducións en outros idiomas

Dada a universalidade do autor, A Esmorga traducíuse ó castelán, ruso, francés e italiano:

En decembro de 1973, en vida do autor, Ediciones Júcar, publica a edición en castelán co título *La Parranda*, na colección de narrativa *La vela latina* nº 6 (Anexo EBA/94)


En 1984 a editorial rusa Palyta saca ao mercado a tradución da Esmorga con ilustracións de A. Medeedehko. Exemplar numerado: 816

Doado por Dª Pilar Vázquez Cuesta en el 1993. (Anexo EBA/5).

En Florencia en 2007 sae a edición italiana a cargo da editorial Società Editrice Fiorentina co título de *La baldoria*, tradución de Manuele Masini con ilustracións de Isaac Díaz Pardo, na capa: "Los tres esmorgantes"

Exemplar doado polo tradutor. (Anexo EBA /101)

La Noce, titular en francés da obra A Esmorga, foi a primeira obra galega traducida en Francia. En decembro do 2007, a obra, publicada pola editorial Terre de Brume abriu unha colección que se dedicará a promover a literatura galega. Vincent Ozanam, colaborador da Casa de Galicia en Toulouse, é o responsable da tradución.





Florencio, que tiña unha personalidade alegre, aberta e aglutinadora, non parou de ferver propostas culturais integradoras.

RICARDO GURRIARÁN RODRÍGUEZ

O Barco de Valdeorras, 1953

Doutor en Xeografía e Historia e Licenciado en Educación Física polo INEF de Madrid. Estudoso da Historia de Valdeorras e da pedagogía, imparte habitualmente charlas sobre estes temas. Entre as súas publicacións podemos destacar: *Aportación de la Institución Libre de Enseñanza a la*

Educación Física del Siglo XIX. Ed. Tórculo, Santiago, 1996; *FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN. Vida e obra dun poeta Valdeorrés, republicano e galeguista*. Ed. Do Castro, Sada-A Coruña, 1999; *Da prerromanización ao wolfram: apuntamentos históricos da minería en Valdeorras*. Ed. Tórculo, Santiago, 2000 e *GONZALO GURRIARÁN GURRIARÁN (1904-1975)* Instituto de Estudos Valdeorreses, 2005.

Vieiros

cumpre cincuenta anos



A PEQUENA INTRAHISTORIA DUN PROXECTO EDITORIAL DO EXILIO GALEGO EN MÉXICO

En lembranza de Florencio Delgado Gurriarán (FDG)

Ricardo Gurriarán

Meste ano cúmprense cincuenta anos da empresa editorial do exilio galego máis lograda, Tanto polo seu contido como pola súa presentación. Vieiros, aínda que só botou catro números á rúa en case dez anos, foi unha revista que tivo un gran impacto no noso país. Nas súas orixes están os ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurriarán. Probablemente, os catro galegos de México que máis fixeron polo labor cultural como ferramenta política. Atrás quedaban outras iniciativas desde o Padroado da Cultura Galega, o seu buque referencia, como as emisións de radio ou outras diferentes edicións, entre as que salientamos a *Presencia de Galicia en México* (1954). Estes catro exiliados, entre outros moitos, foron dos que seguiron coa chama acesa para manter a nosa identidade desde o Golfo.

Esta iniciativa, en principio, tratou de vincular ao exilio con Galicia, coa mediación do grupo de Galaxia, en conexión con Francisco del Riego, que era o embaixador en Galicia do proxecto. E co grupo Brais Pinto de Madrid, por medio de Luís Soto. Así, deste xeito, no primeiro número, podemos ver como as principais plumas galegas do interior van colaborar neste proxecto editorial.

Florencio, que tiña unha personalidade alegre, aberta e aglutinadora, desde a chegada que propiciara o presidente Cárdenas, non parou de ferver propostas culturais integradoras. A utilización do medio escrito como instrumento de loita foi unha constante no valdeorrés; e a preocupación por integrar ao esfarelado exilio político, minifundista e enfrontado. Primeiramente foi a revista *Saudade* (1942), *Verba Galega nas Américas*,



Nas orixes de Vieiros están os ourensáns Luís Soto, Carlos Velo, Elixio Rodríguez e Florencio Delgado Gurriarán. Estes dous últimos aparecen na foto con Ramón Cabanillas fillo.

que agrupou ao galeguismo militante en torno a este proxecto cultural, facéndoo extensivo ao exilio galego tras atlántico espallado por toda América e a plumas significadas como o polígrafo mexicano Alfonso Reyes e o poeta costarricense Rafael Cardona, traducidos ao galego por Florencio. Unha chamada Irmandade Galeguista foi a súa responsable editorial, da man de Carlos Velo, Caridad Mateos, Ramiro Isla, Xermán Raño, Andrés Valín, Ramón Cabanillas e Florencio, que deron entrada a outras opcións políticas con sensibilidade galeguista, como os socialistas Porteiro Viñas, Búa Rivas e Marcial Fernández. Cun ton “saudoso” de amplo espectro, tamén colaboraron: Castela, Seoane, Blanco Amor, Tobío, Álvarez Gallego, entre outros galegos exiliados. Nesta iniciativa, Florencio comeza a súa proposta poética creoula de mestizaxe musical, novidosa e única entre o exilio galego: entre a rica musicalidade expresiva de Galicia e México -“Noiturno da noiva jarocho” e “Rumba”-.

Aínda que tan só foron catro os números de *Saudade* que saíron á rúa, logo tivo unha segunda andaina, chegados os anos cincuenta. Desta nova volta percibimos que os galeguistas mexicanos exiliados tratan de tender pontes co interior ao incorporaren plumas senlleiras como Otero Pedrayo, Cuevillas, Cunqueiro...

Mais non tardaron moito os galeguistas en plasmar unha segunda operación editorial de compromiso,

neste caso de moita relevancia como arma ideolóxica de combate. Foi o senlleiro *Cancioneiro da loita galega* (1943), onde se recollen os principais poemas francófobos e de denuncia da barbarie franquista, que fixo Florencio, nun total de deza seis con diferentes pseudónimos (R. GURRIARÁN, 1999: 197); a maiores de incorporar a outras plumas galegas significadas como Ramón Cabanillas, fillo, e Rey Baltar, por citar aos máis salientables. Neste caso, a responsabilidade editorial fora do Partido Galeguista con Florencio de coordinador literario e corrector.

Poucos anos despois, Florencio foi galardoado nun certame literario organizado pola Federación das Sociedades Galegas de Buenos Aires (1946), en compañía de Plácido R. Castro e Luís Tobío. Iniciaba unha nova faceta literaria: a tradución ao galego de poetas consagrados. Para este premio presentou trece traducións de poetas franceses modernos.

No terreo estritamente político, FDG representou ao Partido Galeguista na negociación e redacción do pacto Galeuzca (1944) e estivo presente no acto de tramitar o Estatuto de Galicia nas Cortes Españolas de México, con Castela á cabeza da delegación. Tamén formou parte da delegación do Consello de Galiza en México. A actividade política do galeguismo por non quedar atrás nos organismos de representación naquel tempo foi frenética, coa colaboración dos galegos mexicanos.

A acbega de FDG para este
primeiro número foron
nove poemas mestizos,
o último dedicado
a Ramón Cabanillas.

XARABE TAPATIO

A Don Ramón Cabanillas,
mestre e petrucio da lírica
galega de arastora, con
fonda venerazón e agarimo.

Xalisco, Guadalajara: —Nenas de fermosa cara.
A “Pérola do Oucidente”: —Nenas de ollar verdecente,
(milleiros de Melibeas— con feitizos de sereas).

Terra de enxoitas valgadas— de irtos ágaves inzadas,
(xurden, feros, dos terreos— para acoitelar aos ceos):
Agaves de seiva ardente —pai do “tequila”. Augardente
de moi esgrevia liñaxe, —que ao sangue lle dá carraxe.
Compre, pra o bebericare, —limón e sal lle botare,
e, gorenta que gorenta, —canta quen co’ele se quenta.

O “xarabe tapatio”, —ledo coma un rechouchío,
é unha danza rebuldeira, —parenta da muiñeira.
E, un bailéo, beilado, —e, cós pés repinicado.
As pernas das rapaciñas —fan rendas de camariñas;
logo, xionllo no taboado, —o compañeiro, arrufado,
ralba, co pé, a linda testa —pra lle pór o ramo á festa,
e, do van avencellados, —afístanse, namorados.

Tapatíos, tapatías, —reloucan ás retesías. . .
O sangue férvelle á xente, —coitado de quen a emente!
Súpeto, estoupa a pistola, —pois seica se “armóu a bola”.
Desfeita pola liorta —esvaise, a festa, na porta;
só fica un home tendido, novo herói para un “corrido”,
e istas son bariles léndas, —de: “¡Ai, Xalisco, non te fendas!”

Nova Galicia (Guadalajara, México) 1959

FLORENCIO MANOEL DELGADO GURRIARAN

A derrota do fascismo na II Guerra Mundial non conseguiu os resultados agardados polos exiliados e aquilo que semellaba transitorio converteuse en definitivo. Cada quen organizou a súa vida e FDG casou e tratou de buscar un emprego estable, tendo que trasladarse a Guadalajara (1951). Pouco tempo antes comezara unha relación epistolar co galeguismo do interior, concretamente con Paco del Riego, quen lle vai a explicar ao poeta valdeorrés a inflexión da acción política do Partido Galeguista en Galicia: unha fronte cultural para defender a identidade e a lingua co abandono da política activa, centrada no labor de Galaxia (1950), que estaba comandada polos restos da militancia galeguista. Os poemas de FDG comezan a aparecer nas publicacións galegas da rede que

controlan os “galaxios” e nos manuais literarios que empezan a editarse na década dos cincuenta: Couceiro Freijomil, Varela Jácome, Carballo Calero e do propio del Riego. O punto de máxima colaboración vai ter lugar ao comezo dos sesenta, cando FDG publica o seu segundo libro de poemas “Galicia Infinda” (1963), da man da editorial viguessa. Moi atrás quedara “Bebedeira” (1934).

Florencio vai situarse nunha posición de ponte entre esta nova opción, fortemente contestada polos “transterrados”, e a organización política do galeguismo no exilio. As desavinzas entre os galegos do exilio mexicano foron patentes. Pese a isto, seguiron xuntos na fronte cultural, de xeito unitario. Primeiramente revitalizan *Saudade* (1952),



O segundo número (1962) vai ver a incorporación de artistas gráficos novos como Conde Corbal e Xosé Luís de Dios. Na imaxe, un dos gravados de Conde Corbal.

coa incorporación á redacción do comunista Luís Soto e algúns socialistas como Marcial Fernández, que vai ser o seu primeiro director. Tamén contan con colaboradores do interior nesta nova andaina: Pura Vázquez, Ben-Cho-Shey, a maiores dos xa citados anteriormente. Significamos que no número sete (1953), dirixido por FDG, o editorial foi dedicado ao peche de Galaxia pola censura franquista. A revista estaba escrita totalmente en galego, mesmo a publicidade. O grupo editor desta revista foi o xermolo doutras empresas que virían logo, pese ás desavinzas. A Florencio, como coñecedor do campo lingüístico, sempre lle foron encomendados os labores de traducción, corrección e coordinación literaria.

Este grupo unitario vai emprender unha das accións máis importantes dos galegos no exilio: a constitución do Padroado da Cultura Galega no México (1953), do que van saír iniciativas moi significadas, algunhas delas xa comentadas. En menos dun ano contaron con máis de trescentos asociados. Mais os problemas de protagonismo persoal e as diferencias políticas e ideolóxicas foron un freo naquel tempo para levar a cabo calquera iniciativa. A circunstancia de que FDG vivise en Guadalajara tamén foi un atranco, pois el era un dos principais moderadores entre as diferentes faccións que querían manexar o mando do temón; segundo testemuñaron os seus amigos, el era o principal aglutinante do Padroado, que nacera con vocación integradora, e quen mellor evitaba as opcións exclusivistas. A xestión da empresa era moi difícil, pois a presenza do anticomunismo visceral de Roxelio Rodríguez de Breaña, que era secretario do PG en México, chocaba frontalmente co excesivo afán dirixista de Soto, hábil experto en “sucionar” propostas cara os seus intereses. Cartas, chamadas telefónicas e desprazamentos á capital marcaron aqueles anos de fortes enfrontamentos no seo do Padroado. Aínda que triunfara a liña de Soto, con Vázquez Humasqué na presidencia e o tamén afín Carlos Velo na secretaría, o Padroado seguiu camiñando, non sen moitos problemas, pois o Partido Galeguista quedara marxinado dos cargos directivos. A correlación de forzas corría a favor do grupo de Soto e a súa táctica “entrista”. No fondo, había dúas posturas diferenciadas, a do PG, máis próxima aos galeguistas do interior, quen

tentaban de facer extensiva a proposta cultural do Padroado cara ao resto da emigración galega non política, co fin de atraelos, e contribuír de xeito coordinado ao papel que xogaba Galaxia no país, apartidariamente; e a de Soto e o seu grupo filocomunista, quen tiñan a intención de crear un partido galeguista marxista, como logo se vería, que tentaban de “empurrar” de calquera proxecto cara a posturas máis marcadas politicamente, de axitación, con carácter mobilizador.

En 1957 vaise poñer en marcha o grande proxecto de *Vieiros*. Florencio vai ser codirector, en compañía de Velo e Soto, nos dous primeiros números -1959 e 1962-; para, logo, no terceiro ser substituído por José Caridad Mateos (1965). As desavinzas materializáronse, mesmo chegaron ao extremo de celebrar o Día de Galicia por separado, circunstancia que se vira “agravada” porque o grupo de Soto non quixo conmemorar, en exclusiva, o Día das Letras Galegas (1963), por ser iniciativa do interior. Tamén os desencontros na liña editorial fixeron que o PG se apartase de *Vieiros*. A guerra ideolóxica no Padroado estaba servida, e a ruptura, pese aos esforzos unitarios e integradores de FDG, desde Guadalajara, foi unha realidade temporal. O grupo comunista de Soto, seguindo a táctica de copar instancias de intervención, tamén deu a batalla por revitalizar o Consello de Galiza, en 1964, con Velo de delegado en México, logo de que os comunistas galegos en Arxentina fixeran o mesmo. Nese mesmo ano vaise crear a Unión do Pobo Galego en Santiago. Para a súa implantación empregouse o ficheiro de *Vieiros*, con preto de 5.000 enderezos (SOTO, 1983: 266). Sobre Luís Soto e Florencio, Elixio Rodríguez, amigo de ambos, apuntaba:

“Florencio era un tipo moi especial no sentido de que todo o mundo o quería e non tiña roces con ninguén. Ás veces enfadábbase un pouco cos comunistas, porque os comunistas eran moi aborazados, tiñamos un proxecto de algo e os comunistas sempre querían a auga ao seu rego. Entonces, Florencio, eu recordo nalgunha xunta que tiñamos, que se enfadaba, e chegouse incluso a enfadar con Soto ao que admiraba moito. Por outro lado, Florencio era un home moi correcto, era destes que

agrupaba á xente, máis que dividía, era un home bondadoso, xeneroso, sempre atendía a razóns, non era sectario, tiña moitas virtudes, senón non sería amigo meu (...) Soto era perigoso, onde se metía non había quen competise con el. Merecía, porque era un home moi traballador, Soto era un tipo extraordinario, organizador, loitador nato. Entonces aí, había que facer o que dicía Soto, senón non había sociedade, escarallábaa. Eso é, tiña moi boas cualidades Soto, pero tiña eso: gustáballe controlar todo”.¹

Pese a todas as retesías, o proxecto *Vieiros* seguiu para adiante, coa paréntese de ausencia do galeguismo militante no terceiro número. O empeño dos seus creadores de que fose unha revista estrela conseguírono, desde o principio, en contido e presentación. No primeiro número, o esforzo de FDG para atraer ao galeguismo do interior deu os seus froitos. Del Riego enviou nove artigos de plumas significadas desde Galicia. A toda cor, ilustrada con debuxos de Maside e Souto, entre outros, saíu o primeiro número con gran éxito da crítica, con sesenta e oito páxinas de artigos e poemas, sen publicidade, enteiramente escrita en galego e portugués. O mundo literario galego quedou abraiado do traballo feito polos galegos exiliados en México. A achega de FDG para este primeiro número foron nove poemas mestizos. O segundo número (1962) vai ver a incorporación de artistas gráficos novos como Conde Corbal e Xosé Luís de Dios, entre outros, e achegas literarias do grupo Brais Pinto.

O número de páxinas agrandou ata oitenta e catro, e FDG comunica con Soto e Velo para transmitirle a marxinação á que se veu sometido polo grupo, sendo, como era, codirector. No número tres xustifican o cambio de codirector por problemas de distancia, e “de forma voluntaria” (1965). Entre tanto, Velo e Soto tratan de mediar con Florencio para achegalo de novo á revista, mais non aparece ningún traballo del, aínda que tiña varios enviados. Sen que saibamos certamente o que pasou, FDG volve a colaborar no número catro (1968), e último, desta emblemática publicación que se presentaba cunha portada de Xaime Quessada. Un poema e unha tradución de Rimbaud foron a derradeira achega de Florencio.


O certo é que, liortas, á parte, esta bonita revista chegou a Galicia e foi aceptada de moi bo grado polos seus receptores. Supuxo un paso cualitativo de referencia para as empresas editoriais que logo se fixeron aquí. E deixou abraizados aos especialistas por forma e fondo, e polos colaboradores con que contou.

Eis foi *Vieiros*, confeccionada con agarimo por unha empresa editorial sen empresarios ao uso, levada por antifascistas de espírito republicano e galeguista desde o lonxano Golfo... logo foron esquecidas todas as diferencias, co paso dos anos. Florencio e Luís Soto carteáronse ata a morte deste.

Ricardo Gurriarán, Compostela, marzo de 2009.

FDG volve a colaborar no número catro (1968), e último, desta emblemática publicación que se presentaba cunha portada de Xaime Quessada.

¹ En gravación feita a Elixio Rodríguez en México D.F., en 14 de febreiro de 1999.



GALICIA BAJO ★ EL TERROR



LA PROCESION DEL AMANECER

EDITADO POR
ALIANZA NAZONAL GALEGA

*Portada do folleto
Galicia bajo el terror,
editado por Alianza
Nazonal Galega.
México, 1943
AHPOu. Luis Soto
Fernández, caixa
14.630, sobre 52*

Pablo Sánchez Ferro

(Madrid, 1973)


Licenciado en Xeografía e Historia (UAM), DEA en Historia Moderna (UAM), Máster en Arquivística (UCIIM), técnico superior do cor-

po facultativo de arquivistas da Xunta de Galicia e na actualidade director do Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Autor de diversas obras e artigos vinculados coa Historia, a Arquivística e a Biblioteconomía.

O Fondo Luis Soto Fernández do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

[Breve panorámica]

Pablo Sánchez Ferro

A handwritten signature in black ink that reads "Luis Soto Fernández". The signature is written in a cursive style and is underlined.

Sinatura autógrafa de Luis Soto Fernández.

1929, marzo, 22. New York

AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.622, sobre 1

No ano 1993 os herdeiros de Luis Soto Fernández facían doazón á Xunta de Galicia do arquivo persoal do activo galeguista finado en México unha década antes, no ano 1982. O desexo dos herdeiros era poñer o fondo documental á disposición dos investigadores e estudosos nun arquivo público galego¹. Dese xeito, pasaba a incorporarse ao noso patrimonio documental público un fondo privado de especial interese dadas as súas características e contido.

Este fondo, ao custodiarse, pois, nun arquivo público de carácter histórico, é de acceso libre, coas salvedades impostas pola normativa relativa ao dereito ao honor,

á intimidade familiar e persoal e á propia imaxe, así como ás que atinxen á protección dos datos de carácter persoal e da propiedade intelectual.²

Desde una perspectiva cronolóxica, o fondo de Luis Soto Fernández esténdese dende o ano 1921 ata 1978, algo máis de media centuria dentro da chamada Idade dos Extremos, en referencia ao século XX.³

O volume que ocupa este arquivo é de dezaioito caixas nas que se recollen interesantes fontes primarias para a elaboración da historia do galeguismo na emigración, mais tamén para certos aspectos da historia do comunismo español.

1. Decreto 231/1993, de 30 de setembro, polo que se acepta a doazón do arquivo persoal de Luis Soto Fernández, feita polos seus herdeiros (DOG núm. 98, xoves, 14 de outubro de 1993, páx. 6.756).

2. Cito a normativa esencial na materia: Art. 18 e 105 b) da Constitución Española, de 27 de decembro de 1978 (BOE núm. 311, de 29 de decembro); Art. 57 c) da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do patrimonio histórico español (BOE. Núm. 155, de 29 de xuño); Art. 82 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia (DOG núm. 214, de 8 de novembro); Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (BOE núm. 298, de 14 de decembro); Art. 31 do Decreto 307/1989, do 23 de novembro, polo que se regula o Sistema de Arquivos e o Patrimonio Documental de Galicia (DOG núm. 23, de 1 de febreiro de 1990); Lei 23/2006 de 7 de xullo de Propiedade Intelectual Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia (BOE núm. 97, de 22 de abril de 1996); Lei 23/2006, de 7 de xullo, pola que se modifica o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual (BOE núm. 162, de 8 de xullo de 2006).

3. HOBSBAWN, Eric, *The Age of Extremes: A History of the World, 1914-1991*, Vintage Books, 1996.

CURRICULUM VITAE



LUIS SOTO FERNANDEZ

EMIGRANTE ECONOMICO I EMIGRANTE POLITICO

Escolante. Periodista, Prof. de Historia Universal do Insino Secundario do México. Dirixente sindical. Aitivista político.

Os 16 anos termina o Bachillerado no Convento ^{frades Escolapios} de Calanova dirixido por frades escolapios. Reside en Vilanova dos Infantes onde a sua nai e maestra e ^{fono} ~~perante~~ 50 anos. ^{Ten 4 fillos} Fillos pequenos abandonados do pai. Luis e o mor. ^{lo} ~~Todo~~ os días camiña polo monte pro Convento zarabitado pola chuva ^{lo} ~~vento~~, desabrigado e sin almorzo. ^{Is} 7 da mañan ten que estar a porta da igrexa de Escorial de Galicia pra ir a misa pois o fra de chamado ^{terrete} ~~terrete~~ agarda con un pau na man. ^{Is e un rapaz} ~~Is e un rapaz~~ triste pro nunca se ~~axou~~ mellar. ^{Is} ~~Is~~ alumno "externo". Oá "internos" señoritos de Vigo, de Ourense, de Lalín, da Cañiza, de Verín están ben abrigados e mantidos. Os frades "cristians" en de xamais invitaron o neq a unha cunca de leite. Chove tanto que leva os libros debaixo da camisa ^{proh} ~~contro~~ seu corazón pra que ~~no~~ se mollen. O probe quere moito os libros. Ten un tío cura en Ourense que ten libros "prohibidos" que lle levan as beatas falsas. O rapaz cando vai a Ourense rouba istes libros.

Don Isaac ^{fai} ~~buquia~~ que non ollaba ~~ren~~. Era un Carlista ^{vallenclanesco} ~~vallenclanesco~~.

Termina o bachillerado con expredientes calificaciós. Matriculas de ~~mu~~ nor. Matriculas de honor. Non ten un ~~can~~ pra comprar un libro ia ~~uni~~ versidade e un coto pechado ^{onde se abarria} ~~pra~~ pobes e pros traballadores. ~~E~~ unha uni versidade maldita ^{onde se abarria} ~~onde se abarria~~ perfilles humanas. ~~E~~ unha ^{de Cadix} ~~incubadora~~ ^{de bandidos} ~~profesionales~~ carne Embarca (Highland Piper no Porto de Vigo. Barco preto, sin camarotes, onde dan un rancho ^{no} ~~de~~ comia. O barco vai cheo de ^{no} ~~mos~~ galegos anal fabetos, abafados por las bagoas, angurizados de medos antergos.

Ten un tío segundo na Arxentina ^{de fai} ~~alo~~ na Pampa. Huincas Renando, que quere ~~de~~ ^{na casa hai 40} ~~decir~~ cristiano morto. Unha casa comercial nun pobo contradictorio, ~~estao~~ de aluición ^{no} ~~empregados~~ que traballan de estrela a estrela sin saber o soldo. O tío promete mandalo estudar a Universidad ^{noite} ~~de~~ Bos Aires. Non cum pre a sua palabra e ^{noite} ~~marcha~~ morrer a Ourense.

Borrador do currículo de Luis Soto Fernández. [s.a., s.l.] AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.634, sobre 86

No que concerne aos fondos propiamente de arquivo podemos atopar moi diferentes tipoloxías documentais tanto de documentos persoais como doutros procedentes dos labores políticos e intelectuais que Luis Soto desenvolveu ao longo da súa vida; son, estes últimos, os que se denominan como documentos de función. A distinción entre un e outro tipo de documentos non é sempre doada, xa que moitas veces prodúcense unha indefinición e interferencias nas actividades da persoa que dificultan a identificación inequívoca da procedencia documental.⁵ Non obstante, o fondo de Luis Soto Fernández do Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu) é en boa medida un fondo con documentos de función, aínda que existan documentos de tipo persoal espallados por el ou documentos híbridos nos que haxa unha indefinición entre o persoal e a actividade política, por exemplo. Eses documentos de funcións desempeñadas soen ser copias de documentos que deberon quedar no arquivo das institucións correspondentes, pero nalgúns casos a confusión entre a persoa e o "cargo" fixo que quedarán no arquivo particular, feito común en arquivos persoais e familiares.⁶

Ao igual que sucede frecuentemente cos arquivos de intelectuais e escritores, o fondo de Luis Soto Fernández ten un carácter mixto, xa que podemos atopar nel un conxunto heteroxéneo de documentos de arquivo e materias bibliográficos mesturados; que deben recibir un tratamento específico e complementario consonte aos criterios arquivísticos, os primeiros, e biblioteconómicos, os segundos.⁴

Entre o conxunto documental hai que destacar, cun relevo salientable, os manuscritos e a correspondencia establecida entre Luis Soto Fernández e numerosos persoeiros e intelectuais coetáneos.⁷ O contido desa correspondencia responde ás veces a esa indefinición natural da que antes falaba, podendo coexistir informacións relativas a cuestións meramente persoais (saúdos, recordos, interpelacións sobre o estado do corresponsal) como outras

4. Os criterios de destino (a arquivos ou a bibliotecas) dos manuscritos persoais varían segundo a casuística. Véxase: SÁNCHEZ MARIANA, Manuel, "Catalogación de manuscritos", en DIEZ CARRERA, Carmen, *La catalogación de los materiales especiales*, Gijón: Ediciones TREA, 2005, pág. 38. Ou: DUCROT, Ariane, "Le classement des archives de personnes et de familles" *La Gazette des Archives*, núm. 182-183 (1998), pág. 220. DUPLÁ DEL MORAL, Ana, "Los Archivos Privados y El Comercio de Documentos" [sic.], en *Boletín ANABAD*, LVII (2007), núm. 3, Madrid: Federación Española de Asociaciones de Archiveros Bibliotecarios, Arqueólogos, Museólogos y Documentalistas, 2007, pág. 62-63.
5. GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga, *Manual de archivos familiares*, Madrid: ANABAD, 1993, pax. 58.
6. Como é o caso dos arquivos nobiliarios. Véxase: GARCÍA ASER, Rosario e Aránzazu LAFUENTE URIÉN, *Archivos nobiliarios: cuadro de clasificación. Sección Nobleza del Archivo Histórico Nacional*, Madrid: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, 2000, pág. 97.
7. AHPOu. Luis Soto Fernández. Caixas: 14.622, 14.6332, 14.637-14.639.

vinculadas a funcións propias de actividades de moi diversa índole, como, por exemplo, políticas e editoriais.⁸

A correspondencia de Soto ten un valor especial para a historia galega contemporánea debido a certas características. En primeiro lugar, é un testemuño da emigración galega por cuestións políticas, pero é, tamén, un reflexo da actividade asociativa e cultural do galeguismo no exterior, evidentemente con especial interese para a comunidade establecida en México, e, igualmente, contén noticias e informacións que permiten, en maior ou menor medida, definir máis nidiamente o perfil humano e intelectual de senlleiros representantes do galeguismo (Castelao, Otero, Celso Emilio Ferreiro, Suárez Picallo, Carlos Velo...). Pero entre a correspondencia tamén podemos atopar información interesante para a historia política contemporánea española, xa que hai, por exemplo, cartas a perseiros políticos comunistas (p.e.: a Dolores Ibarruri).⁹

Dentro do fondo de Luis Soto atopamos documentos vinculados coa súa actividade política, así como coa súa pertenza a diferentes entidades asociativas, recollidos en diversas tipoloxías documentais, entre as que destacan as actas e as cartas sobre outros documentos (recibos, telegramas, invitacións...). Temos por unha banda documentos relativos ao Partido Comunista de España (PCE), á Alianza Nacional Galega, do Frente Democrático Español, da Delegación en México do Consello de Galiza, do Padroado da Cultura Galega de México, documentos da súa actividade política en Cuba, da Unión General de Trabajadores (UGT), da FETE (Federación de Trabajadores de la Enseñanza)...¹⁰

Pero, indiscutiblemente, a parte do fondo documental máis salientable en proporción volumétrica e exhaustividade informativa é aquela vinculada á vida da revista Vieiros, editada polo Padroado da Cultura Galega do México. A pesar de que só saíron catro números do prelo (1959, 1962,



Anuncio da Gran Convención de Solidaridad con los Republicanos Españoles y contra el terror de Franco y la Falange, celebrada en México, Distrito Federal do 21 ao 24 de agosto de 1943. Publicado no folleto Galicia bajo el terror. México, 1943 AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.630, sobre 52


1965, 1968), a revista converteuse nun referente da actividade creativa e intelectual en lingua galega, dado o case absoluto monolingüismo da revista, xa que os textos en castelán traducíronse ao galego, labor no que participou Soto, e admitíronse textos en portugués. No fondo de Luis Soto consérvanse – ademais de relacións de subscritores, correspondencia e outros documentos –¹¹ numerosos orixinais (algúns certos, outros posibles) e galeradas de obras de numerosos intelectuais que participaron na revista sobre a base dun compromiso coa pervivencia e o enriquecemento da cultura galega dende unha perspectiva ideoloxicamente

8. Véxase o *Índice do arquivo de Luis Soto Fernández* [exemplar mecanografado do AHPOu].

9. Carta de Dolores Ibarruri, Pasionaria, ao *Frente Popular Gallego de New-York* solicitando axuda para a causa republicana. 1938, decembro, 19 Barcelona. AHPOu. *Luis Soto Fernández*. C. 14.622, sobre 1.

10. AHPOu. *Luis Soto Fernández*. Caixas:14.622, 14.628-14.639.

11. Íd. C. 14.629.



Viñetas que representan a historia da opresión do pobo galego dende o século XIII ata a liberación da Revolución Nacional Popular [s.l., s.a.] AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.630, sobre 52

Cartel anunciador da charla de Luis Soto Fernández e Alfonso Rodríguez Castelao sobre La verdad de España, impartida no teatro Iriondo da cidade de Santa Fé (Arxentina). Ciego de Ávila, [s.a.] AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.632, sobre 66

La Verdad de España...
SERA DIFUNDIDA HOY MARTES 22 EN EL
TEATRO "IRIONDO"
A las 8.30 de la Noche por:
Luis Soto Fernández
Y
Alfonso R. Castelao

*INVITAMOS al Pueblo Democrático y también a quienes no siéndolo
quieran conocer la tragedia que vive España bajo el yugo fascista.
Escuche la palabra autorizada de estos dos prestigios del intelecto español,
¡Por la Independencia de España!*

CASA DE LA CULTURA.

Cerveza POLAR - La Cerveza del Pueblo!

plural que declaraba o carácter aberto e tolerante da publicación.¹² Atopamos así un abano de obras iconográficas e escritos procedentes de plumas máis ou menos coñecidas, pero todas relevantes no conxunto de marcado carácter interdisciplinar que supuxo a revista Vieiros. Dar conta de todos os autores galegos de nacemento ou de “adopción” implicados na elaboración dos seus contidos excede o marco do presente artigo, mais creo que cunha escolma poderei plasmar a importancia do fondo que custodia AHPOu. Entre os autores dos que o arquivo garda obras, ben posibles orixinais, ben copias ou galeradas, están (a enunciación non é exhaustiva): Celso Emilio Ferreiro, Xosé Neira Vilas, Xosé Luis Méndez Ferrín, Xosé Ramón Fernández-Oxea (Ben-Cho-Sey), Manuel García Barros (Ken Keirades), Elsa Fernández, Benito Varela Jácome, Albino Núñez, Bernardino Graña, Máximo Sar, Pedro de Llano, Julio Vázquez, Baldomero Cores, Xesús Bal e Gay, Xosé Alexandre Criebeiro, Pombal de Sonhos, Pura e Dora Vázquez, Matilde Lloria, Xesús Alonso Montero, Alfonso Gayoso Frías, Arturo Romani, Antón Baltar, Enrique Santamarina, Florencio Manoel Delgado Gurriarán, Luis Soto Fernández, José Fariña, Manuel María, Xohán López Dura, Noriega Varela, Manoel Fabeiro Gómez, Rio Barja, Torres, Luis Seoane, Antón Tovar,...¹³

Pero ademais dos fondos documentais existen diversos materiais bibliográficos, esencialmente vinculados á revista Vieiros, mais tamén doutra natureza. Atopamos un gran número de copias mecanografadas de Información do PCE, na década dos corenta, así como outras publicacións vinculadas co comunismo e a política de esquerda (Frente Rojo, Mundo Obrero. Diario de la Revolución, Nuestra Bandera), con outras institucións ás que pertenceu Soto (folletos de Alianza Nacional Galega, Boletín de información do Padroado da Cultura de México), recortes de prensa editada en España (Portavoz de los antifascistas gallegos, Nueva Galicia...), Arxentina (Galicia. Portavoz

Frente Popular Antifascista Gallego
 Afiliado a Sociedades Hispánicas Confederadas
 Delegación de Newark, N. J. 116 Elm Street

GRAN MITIN

El mitin más importante que jamás se haya celebrado en Newark
 EN EL
SAINT GEORGE'S HALL
 180 New York Ave. Newark, N. J.

Sabado, 18 de Marzo de 1939
 A las 2 P. M.

4 - GRANDES ORADORES - 4
 Representación genuina del Frente Popular Español.
 Diversidad completa en afiliación política y profesional.

ALFONSO R. CASTELAO *El artista*
RAMON S. PICALLO *El periodista organizador*
LUIS S. FERNANDEZ *El periodista maestro*
MARCIAL FERNANDEZ *El obrero general*

Por la importancia y responsabilidad de los oradores y por la diversidad de sus afiliaciones, esperamos que todos los antifascistas cooperen con nosotros y concurren a este mitin.

Apertura del Acto por el Coro de las Milicias del F. P. A. G.

Entrada General — — 25c

Compañeros: Hoy más que nunca debemos luchar unidos solidarios por la causa común. Seguir unidos a nuestros comités y comités con el desprecio más grande que en nuestros pechos a todo agachado cobardemente en nuestra filas que acepten a condicionar la sencilla de la distinción. Los que nos testamos orgulloso de cumplir con nuestro deber para con España y los antepasados Españoles debemos considerar que nuestro deber no es la campaña hasta que ganemos. Que no podamos perder no se discute ya. La explotación la tenemos en que a Franco todas le pide para un plebiscito en España. ¿Porque no la acepta? ¿Otro que si pudiera ganar que no sea un orgullo para él, el poder decir gobierno por la voluntad del pueblo? Pero como sabe que no puede ganar, no acepta. La España vivaría que él obtiene hoy será bien vendida cuando el asunto sea entre República, según bien las señalizaciones de la se milla de discreción. Por tanto que haya hecho, si no riges bastando, en que nunca para límites de cesare.

BOICÓT A LOS PRODUCTOS FASCISTAS

Voandeira anunciando o mitín de representantes do Frente Popular Español no Saint Georges Hall, o 18 de marzo de 1939. Newark (New Jersey), 1939 AHPOu. Luis Soto Fernández, caixa 14.633, sobre 79

de la Federación de Sociedades Gallegas, Galicia. Revista del centro Gallego de Buenos Aires, Lugo, Orientación gallega, Correo de Galicia), Cuba, Uruguai, Venezuela (Irmandade), etc.¹⁴

Estamos pois ante un arquivo (co que se vinculan fondos de natureza bibliográfica) de gran interese tanto para o coñecemento da figura de Luis Soto Fernández como para recabar información sobre aspectos políticos contemporáneos (PCE...), así como culturais do galeguismo emigrado en México (especialmente no que atinxe á revista Vieiros).

12. GONZÁLEZ BLASCO, Luis, voz “Vieiros”, en *Gran Enciclopedia Gallega*, Vitoria: Heraclio Fournier, 1974, páx. 42-43.

13. AHPOu. Luis Soto Fernández. Caixas: 14.622-14.624.

14. Íd. C. 14.624-14.628; 14.636



*Ilustración
de José Luís de Dios
para a contraportada
de Vieiros 3.*

XABIER LIMIA DE GARDÓN

Dr. en Historia da Arte, autor do libro *Antonio Faílde, el escultor que escuchó la música de las piedras*, Caixanova, Ourense, 2001;

e dos capítulos da escultura e pintura en Ourense (1899-1999), no libro colectivo *100 años de historia con Ourense*, Cámara de Industria y Comercio de Ourense, Ourense, 2001.




Buscando a Ertí

(Artistas de Ourense na Revista *Vieiros*)

Xabier Limia de Gardón

As notas que seguen tentan salientar a presenza dos artistas ourensáns en *Vieiros*, sobranceira revista realizada no D.F. de México, e ten a desculpa de estarse a cumprir o cincuenta aniversario do seu primeiro número. Era daquela -como nestes días que corren-, tempo de primavera. Foron a súa andaina catro luminosas pegadas, ou números, pero o seu ronsel chega ata nós. Salienta Ledo Andión, na introdución da súa reedición -que se debe conmemorar como se merece por espallar a súa luz fai vinte anos (A Nosa terra edic., Vigo, 1989)-, que foi o final das publicacións galegas de grupo, expresión pouco afortunada, reflexo dunha certa forma de razoar. Pensar que foi un contínuum dos tempos de *Nós*, é probable tan só dende unha forma de velo, pois foi moito máis: un idealismo é, ó mesmo tempo, un posibilismo que a realidade, sempre teimuda, puxo no chan.

Dende que saíra ao mundo cultural galego no D.F. *Vieiros* alimentou un ideal desde a Galicia do exterior, a do exilio político e a emigración económica, ata aquí, entre nós, nas xentes vellas e novas da Galicia do interior, viviran ou non nela. Os promotores, o Padroado da Cultura Galega de México, queren falar e proclaman dende o boletín, en altofalante son cultural, desde a escolla dos colaboradores literarios e dos deseños gráficos. E dende o seu orto censuran a súa carencia, xa dende a portada: un neno sen melena definidora, infante asexuado sen orellas, que leva un trazo negro na boca, fitándonos sen parpadexar. Un fondo azul o rodea. Sobre a cabeza ten unha estrela negra de once puntas que alumea unha branca luz, e na cima o título da revista, *Vieiros*, en letras capitais, sobre fondo branco, que se sobrepón á cor azul: eis a nova Vía láctea. Esta concepción gráfica convén ó carácter interdisciplinar da



Vello cabilando de José Luís de Dios que ilustra o conto de Otero Pedrayo "O convidante dos camiños".

revista. No plano gráfico foi o seu director o artista Arturo Souto, que en 1962 viaxará ata Galicia, facendo escala coas súas obras en outras cidades do estado regresar a D.F. en marzo de 1964, morrendo en xullo deste ano. O seu traballo directo se centra nos números iniciais, se ben a súa sombra abrangue ós outros. Hai en Ourense, na altura do comezo, autores de boa pluma, mais non de pincel. Iso explica, en parte, que no primeiro número (verán 1959) son as de aqueles as únicas que están presentes. Mais, canta ourensanía! Ramón Otero Pedrayo abre a revista, e a seguir están poetas e poemas de Manuel Curros Enríquez, o inmorredoiro vate de fonda estela e bitola de americano cubano. E tamén Ferreiro Míguez, Delgado Gurriarán, Lamas Carbajal, e López Cuevillas. Este sumatorio é notorio dun proceder, cómo se aprecia na inclusión dun evocador debuxo de Castelao, que finara en Buenos Aires facía anos.

TRES TEMPOS

I. Outono de 1962

Os autores plásticos ourensáns dan sinais da súa presenza no número 2. O primeiro de todos é **De Dios** (José Luís de Dios, 1943), que acompaña o conto fantástico de Otero Pedrayo "O convidante dos camiños", con un vello cavilando, busto dun home pensativo calvo e barbado sobre fondo vermello. Semella ter que ver co fidalgo Don Ventura que matina cando ía, de máis novo, camiñando coas estrelas, para ver "o pintar polas parreiras de Leiro". Ilustra tamén De Dios a "Carta a Ulises" de Xosé Fernández Ferreiro (1931), membro do grupo literario nacionalista "Brais Pinto", que nacera ó redor de 1959, e que tiña publicado daquela os libros de poemas "Ribeirana do Sil" e "A noite". O artista pinta unha muller nova que sorrí, en

tres cuartos e primeiro plano, con unha paisaxe misteriosa por tras, iluminada por a lúa chea. Ela é Ertí / Galicia: “Ertí era verde como os lagartos, verde como as herbas dos nosos lameiros, como as hedras, como a esperanza dos nosos corazóns”. O debuxo está reproducido nunha verde cor, decisión de Arturo Souto quen engade outra ilustración súa por remate. Como sinala Luís Soto, é o factótum. O *modus operandi* seu -vodas entre literatura e arte-, segundo il era así:

“Era emozoante albiscar a devoción con que praneou e dibuxou “Vieiros”. Matinaba na millor Revista do mundo para Galicia. E dibuxaba coa concencia dun inteleitual sin péxegas. (Decíanos: Dame as poesías de Celso Emilio -ehí está ise home que apresenta a testimuña das feridas, cos muñós apodrecidos e ise outro entolecido que esnaquiza as luas estroiturales porque ‘hai un río de lus prós homes rexos’. Dame a carta a Ulises de Fernández Ferreiro -ehí está os touros cereixos, que trai o nauta, ias mulleres que erguen os brazos agardando, na noite pecha-”).

Entendemos entón mellor o proceso, un tour de force creativo, e poder comprender aínda máis o labor dos artistas. Aquel lembra que fixera uns debuxos que Luís Soto Fernández levou ó D.F. logo de trabar coñecemento del en Ourense. O que é tanto como dicir que o mérito é de Souto, o “axeitador artístico”, segundo se nomea no nº 1.

Como o de **Tomás Bóveda** (Tomás Manuel Bóveda Gómez, 1910-1982), que ilustra o texto “O Home Galego diante a Terra”, do tamén ourensán Soto. Dende un poderoso debuxo no que abundan os trazos en ángulo, verdadeiras talladas, presenta nas láminas unhas parellas de labregos pobres: nunha están a comer no campo; e na outra hai outra que traballa duramente. E se naquela salientaba o artista os pés descalzos do home, agora faino cos da muller, grandes en ámbolos casos como



Ilustración de Bóveda para o texto “O Home Galego diante da Terra”, do tamén ourensán Luís Soto.

as mans, ata parecer inchados. É dunha familia de importancia, pois o seu primo Alexandre sería considerado un mártir do galeguismo. Tiña tamén un sobriño famoso, o singular escritor e articulista Eduardo Blanco Amor. Formado na Escola de Bellas Artes de Sevilla e na de San Fernando de Madrid, é un artista aínda por descubrir por ser apenas coñecido en Ourense. De xeito complementario, comparte o artigo **Xosé Conde** (Xosé Conde Corbal, 1923-1999), artista da costa que vivira en Ourense moitos anos, na que fixo exposicións, desde a súa relación con Risco e Ferro Couselo, ilustrando para

1. Co mesmo título Anselmo López Morais, fai outro en 1999.



Ilustración de Prego de Oliver para texto de Luís Soto en *Vieiros* 3.

aquel *El Orense perdurable* (1960)¹. Unha é un pormenor da rúa Lepanto desde a fonte da Praza do Ferro, sendo a outra dous labregos, vistos de costas, que abren a terra coas picarañas. Por outra parte, a revista ábrese tralo "alicerce" inicial con outras pinturas súas, que acompañan as poesías de Antonio Tovar Bobillo: encabeza "*Galicia*" a composición dunha mariscadora vista de fronte con fondo de barcas, na marea baixa –"*¡Érguete Galicia, pedra a pedra/e fouce a fouce,/ érguete Galicia e medra!*"–, mentres outra nos mira revirada en primeiro plano. Na outra cun home con boina leva uns bois no carro, vestido con camisa branca e chaleco. E aínda hai un quinto debuxo, que ilustra o poema de Antonio Tovar "*Somentes Esto*": vista parcial da Praza Maior desde o comezo (ou remate)

da rúa da Barreira, que baixa cara as Burgas.

II. Outono de 1965

No outono de 1965 publícase o número 3. É a eclosión dos artistas de Ourense. Así aparecen os deseños de Tomás Bóveda, Xosé Conde Corbal, José Luís de Dios, Antonio Failde, Acisclo Manzano, Manuel Prego e Jaime Quesada, sendo as carátulas tanto de este como do terceiro da lista. Vicente Risco morre o 30 en abril de 1963. Aparecen "*os artistas*", que se achegaban á taberna do Tucho, no Eirociño dos Cabaleiros, onde Vicente Risco lle puxera mote á súa tertulia: "*A Peña de o Volter*", á que acudían ás veces Prego e Failde. Alí De Dios, Quesada, Prego, Conde Corbal, Acisclo Manzano, e outros, foron pintando ás paredes con murais, e tamén poesías, autodenominándose con aquel nome en homenaxe ó mestre quen así os chamou nalgunha ocasión, e absorbendo o de O Volter. E así se fixo este estreito bar un recuncho de galegitude dende a arte. **Quesada** (Xaime Quesada Porto, 1937-2007), medalla de ouro na Exposición Nacional de Bellas Artes de 1959, que residira de 1960 a 1964 en París, expoñendo en diversos países de Europa. O seu debuxo, reproducido

con fondo azul, é un rostro de muller ou neno adolescente que nos fita.

O primeiro dos debuxos dun ourensán é o de **Prego** (Manuel Prego de Oliver, 1915-1986): unha velliña sentada vendendo pan. Ilustra o artigo de Luís Soto "malia o dente que come a semente"; sendo o outro doutra vella que camiña de costas a nós e co sol no lombo, dobrado polos anos, por un camiño, sobre o que se ve a súa sombra. Prego é a expresividade desde o trazo ancho, e suave. Máis adiante, no artigo do tamén ourensán José Luís López Cid "*O cazador de paxaros*" Prego firma un deseño a toda folla dun neno, un homiño, que camiña vacilante a contraluz, obra que se reproduce con fondo

verde. É por fin, no largo artigo de Carlos Velo Cobelas "Cultura e Sociedade" hai outro dos temas do artista nestes anos, aquí reproducido sobre fondo vermello: un fermoso busto dunha moza noviña espida, unha adolescente de ovalado rostro e cabeleira de abundantes rizos, un dos cales cae sobre o lado esquerdo do pescozo, posando en actitude pensativa. O artista, mestre desde 1933, que xa pintaba daquela, foi depurado despois da guerra civil e expulsado do corpo de mestres, dedicándose en diante á pintura. Estaba casado con Blanca Gómez del Valle.

A continuación, ilustrando o arrepiente artigo de Ernesto Gómez del Valle "Non cantaron os galos", sobre o fusilamento do seu irmán pequeno, poeta, na alba dun día de Agosto, están dous debuxos², un deles firmado por **Failde** (Antonio Failde Gago, 1907-1979), o escultor. Trátase dun debuxo dunha figura de muller nova espida sobre un pedestal, sen mans, á que lle falta un brazo, en actitude lánquida. Remata o artigo con outro debuxo, o dun Cristo de singular iconografía, obra de **A. Manzano** (Acisclo Manzano Freire, 1940) coas mans pechadas en puño, de pé, cos sinais de catro cravos e vestido como o Santo Cristo da catedral de Ourense, máis unha escuridade cruza o seu peito, que será do sangue da ferida do peito. A cruz suxerida tan só. En canto á firma, baixo o pé esquerdo, diminuta. O irmán de Ernesto Gómez se chamaba Manuel "Beiro", en prisión desde o 20 de xullo de 1936, consello de guerra polo delito de "traizón" o 31 do mesmo mes, sendo fusilado o 11 de Agosto no campo de Aragón. Segundo a ficha, estaba casado, tiña 30 anos e cualificación de periodista. Outro dos irmáns, Ricardo, mecánico, fora asasinado en Valencia en marzo de 1939. Seica, tamén a nai foi "paseada", mais non constan máis datos que un comentario realizado por Carlos Casares. Da autoría do propio **Failde** semella outro debuxo escultórico que vai sen firmar "Romance ó Lobo Gris" de Anri Masso: unha muller espida e media axeonllada que amosa -ó igual que aquela da que falamos denantes- o

brazo dereito, agora contra o peito mentres agacha o esquerdo. A coxa e a perna dereita van en ángulo case recto estando o pé revirado cara o interior, elemento este que é unha das características compositivas do mestre.

Xosé Conde fai o debuxo dun home guiando un carro de bois por un camiño con arboredo, en perspectiva alta, pé do artigo "Labranza e labregos" de Adolfo Vázquez Humasqué. Do artista é a ilustración co mesmo punto de vista dun mariñeiro e o seu aprendiz arriando unha vela dunha gamela para o artigo de Jesús Alonso Montero (sic) "Dous cousas sobre Castela" (sic). Ámbolos dous están datados en 1962, igual que o da praciña diante da porta norte da catedral, coa rúa do Santo Cristo paralela á capela do mesmo nome, que sube desde a singular casa retranqueada, obra que vai sobre fondo verde. Serve de encabezamento do poema "Consello de Administración" do lucense Ricardo



Ilustración de Xosé Conde para texto de Jesús Alonso Montero.

2. Antón Tovar, *A grande ilusión e outros contos*, Galaxia, Vigo, 1989, pp. 7-22, no conto que dá título ó libro, conta a historia narrando o suceso. Así aparece o poeta fusilado co seu, p. 17, e tamén o da súa nai, Pastora, p.20. Segundo Augusto Valencia foi paseada outra das súas irmáns."




Ilustración de José Luís de Dios para o artigo de Ramón Otero Pedrayo “Cen anos de pasamento de Fontán”.

Carballo Calero. Ó seu carón, noutro poema, **Tomás Bóveda**, coa súa obra sobre fondo vermello: unha parella facéndose acenos, que sorrí. Vai no poema de Ramón Lourenzo “Renacemento”.

Pecha a revista un gran debuxo de **Xosé Luís de Dios**, que así firma, datado en 1964. O artista fai unha coitada composición de fondo azul, con influencias cultas, na que un feixe de figuras ocupan todo o espazo,

mulleres e homes novos preferentemente: son diversas xeracións, nena que presenta unha nai, detrás a aboa de negro e un home coa súa parella, pirámide que remata en altura con una muller e un home espidos (¿a parella primixenia?) con un sol (¿lúa?). Desde a nai, por tras, dispón mulleres en uve, a derradeira en pose como unha da coñecida obra de Picasso “Les demoiselles d’Avignon”. Unha disposición pseudorománica silense cun neno cos brazos cruzados, nunha beira, que me fai lembrar en outro neno, o fillo de El Greco, no marabilloso cadro “El entierro del Sr. De Orgaz”.

III. Primavera de 1968

Derradeiro “Vieiros”. É o desembarco dos ‘bonaerenses’ Seoane e Díaz Pardo. Os ourensáns son Quesada e De Dios, e un case asimilado, Xavier Pousa, das terras baixas miñotas do Rosal, vinculado a eles³. Mais é unha presenza ourensá dende o comezo ata o final xa que comeza na capa, e remata na contracapa, límites ou envoltorio dun ideario que son o escaparate dun sentir⁴. Ámbolos son da autoría de Quesada, quen ten ademais outras intervencións no interior. Na portada hai un ser con dúas cabezas, coroadas por flores, unha das cales nos mira sorrindo. Ten cornos e perilla, –mais non rabo–, e mans do Picasso no Guernica, levando nunha delas o aulós grego, frauta dos simposios. Os marxines, ou enmarques, van a dúas cores con elementos vexetais, de flores, uvas, e follas, mais tamén con estrelas, paxaros e a lúa. Eis un Sátiro, divindade mitolóxica que se relaciona cos seguidores salvaxes de Dionisos, deus do viño e da fertilidade, mágoa que nos se inclinara polos Faunos, oraculares e proféticos, e tendese máis desde moi cedo pola folía confundindo vida e arte. Para a contraportada debuxa unha aguia de fero porte, moi lonxe aínda do moucho co que se identificaría en anos posteriores. O enmarque é agora de tres follas, flores e landras na base, idéntico do das poesías de Celso Emilio Ferreiro no interior, aínda que aquí o responsable reproducíuno a unha cor. Tamén realiza o debuxo dun home con pucha que lle cubre a cabeza, que vai co artigo de Alberto Míguez “Galiza, País

Colonial” desde un fondo negro, mais os trazos no campesiño apenas competan o texto; e aínda menos apropiado é o lánguido neno en pose, con ampla pucha -nun brando lirismo que repetiría en debuxos e pasteis-, que bate co texto de Xosé Luís Méndez Ferrín “Os movementos de liberación na Europa occidental”. Firma agora como Xaime, mais non con dobre ese.


De Dios ten varias entradas. Hainas con debuxos que son apuntes mais que obras decantadas, tal a do artigo “O Subdesenrolo Galego e o tempo Presente” de Xohán López Durá, un home entrando na idade vella, medio calvo, e camisa branca pechada con chaqueta. Ou o dunha muller de expresión melancólica e fino trazo debuxístico, datado en 1962, que vai na páxina cos “Catro Poemas” de Neira Vilas e “¡Terra!” de Avelino Díaz. Outros deste feixe son unha muller vella secándose as bágoas, coas poesías de Manuel María e Anri Massó; e un home berrando ó ceo coa man no peito, co artigo “Folklore, política e bioloxía” de Antón Baltar. Distinto é o caso do que vai con “O pobo galego i a Emigración” de Enrique Santamarina, unha acuarela de amplos trazos: un mozo de ampla melena, bufanda estudiantil na gorxa e camisola aberta que está a berrar. Finalmente, unha ilustración de máis empeño, que vai a toda páxina co artigo de Ramón Otero Pedrayo “Cen anos do pasamento de Fontán”, en vermello: o busto curto dun home novo, con unha paisaxe erma e montuosa por tras, que ilumina o sol. A tristura que destila semella profética para a sorte da revista, que morre cando a insua do Miño en Castrelo.

Daquela, cando comezou a revista, Madrid estaba a espertar, coa política de González Robles, o grupo ‘El Paso’. Ata alí ían Dans, Datas, Labra,... e De Dios ou propio Raimundo Patiño, tan presentes en *Vieiros*. Esta xurde no deseño con Souto, como sinalamos, e sen il non se pode entender, traballo que para mellor apreciar a súa modernidade, débese comparar co *Galicia emigrante*, revista que fundou e ilustrou Luís Seoane na capital de Arxentina dende 1954 a 1959, con periodicidade mensual. Ata aquí o *bouquet* ourensán. Albaroque. Cumio.

Ourense, cando medraban os merlos no mes de marzal.

3. Estaba no efémero grupo “Sete artistas gallegos”, con Quesada como “Cibrao de Cachamuiña”, e ademais Manzano, Virxilio Fernández e os escultores Arturo Baltar e Manuel García (“Buciños”, polo seu lugar natal no veciño concello de Carballedo, Lugo). Hai exposicións en 1965 e 1966, e outra como cinco pintores e dous escultores. O debuxo, magnífico de composición e contido, vai co artigo de Carlos Velo “Imaxes para unha película”.

4. É Virxilio?. Seica mandou catro debuxos para este número, que non entraron, co que a súa colaboración acabou antes de comezar.



... revirarase nun canto de ledicia e fartura.

Os Fitos da Xuventude

CARLOS VELO

Un século de imprecizas precursoas e de pranto lírico, abonda pra atopar as taucañas da galeguidade e soerguer a emozon dos galegos pola súa Terra Nai. As anergas actitudes de silencio ou recco, xerancia ou servilismo, consecuencias históricas da asoballada mente rural —onde xurdiron os sentimentos de inferioridade e inseguridade que se espresaron, na nosa literatura e filosofía, coma unha "auguria do non ser" —xa foron superadas. Por iso oxe, ninguen poto en dúbida que Galiza, pola súa unidade cultural de homes e territorio cun idioma e unha economía propias,

home galego e a súa vida decotio; hai tabernas e cafés, pra que soguira o chamelo os señorinos das vilas, mais non hai escolas noctegs nen lirtarias circulantes pros labregos e manificios; hai algus dístros mestres de arqueoloxía ou patoloxía, mais non temos fanctistas nin puericultores; hai moitos caciques mais non hai gobernantes. Diciendo dambra vegada, hai moos intelectuacs, de actitude apolínea e contempreativa e tallan os homes de acento taística, capaces de virar a vella cultura persoual nunha moderna civilización colectiva.

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ

Autor de *Carlos Velo. Cine e exilio* (1996) e *As imaxes de Carlos Velo* (2002).

Carlos Velo

máis aló do cine: escritor e editor

Miguel Anxo Fernández

Pese a que a súa produción impresa non foi moi abundante, á marxe dos guións filmados ou inéditos, a escrita foi sempre unha fiel aliada na traxectoria vital e artística de Carlos Velo. Previamente ao exilio, a súa bagaxe literaria apenas se limitou á publicación dun ensaio sobre as súas descubertas no terreo da comunicación das abellas publicado na *Revista de la Sociedad de Historia Natural*¹, e a curtos tratamentos de guións en fichas para as súas primeiras documentais. Sería na etapa mexicana cando máis vencellado estivo coa literatura, aínda que sempre dun xeito secundario, as máis das veces motivada pola súa actividade de supervisor ou autor de guións, na que tivo o privilexio de traballar moi preto de escritores como Carlos Fuentes ou Juan Rulfo, aparte da súa amizade con Gabriel García Márquez e os narradores novos mexicanos dos anos sesenta como José Agustín, Salvador Elizondo ou José Torres.

En “España peregrina”, “Romance” e “Saudade”

Ao pouco tempo de chegar a México, en 1940, publica dous textos de grande interese, ambos en castelán pola imposibilidade de nuclear aínda aos exiliados galegos con medios de expresión propios como ocorrería pouco tempo despois, con diversas iniciativas editoriais nas que tamén se implicaría o propio Carlos Velo. No número 6 da revista **España peregrina**, dirixida por José Bergamín, aparece o relato “Galicia, paisaje de sangre”, sobre o que Luís Seoane escribiu entusiasmado en 1962 que “é de feito un guión cinematográfico”². Segundo Seoane, daí tomou Velo o “Terra a nosa!”, a contrasinal usada no relato para empregar como saúdas ou despedidas. É un texto de notable forza narrativa, no que pretende manter vivo o drama da represión acontecido na Galicia que viña de deixar. O Velo cineasta aflora nos trazos descritivos da paisaxe das beiras do río Miño

1. García Ferrer, Alberto. “De memoria Carlos Velo”. *Cuadernos Hispanoamericanos*. Nº 410. Agosto, 1984, Madrid, px. 139.
2. Seoane, Luís. “Carlos Velo nos Estudios Cinematográficos de Churubusco”. *O cine e a fotografía*.



Carlos Velo con Gabriel García Márquez.

polas que discorre o “fuxido” Antonio no outono de 1936, como secuencias filmadas coa palabra a falta de cámara.

Pero poucos meses antes, o 15 de febreiro de 1940, escribía o seu primeiro artigo sobre temática cinematográfica na revista *Romance*, “feita por artistas no exilio e dirixida polo poeta Juan Rejano”³. Levaba por título “Ritmo y Cinema”, e nel asoma o profesor de Psicofísica do Cinema, tentando racionalizar algúns aspectos da narración en imaxes na liña docente que xa practicaba. Entre outras cousas insiste en que *“El cinema (...) reúne elementos plásticos y poéticos con elementos sonoros, expresándolos rítmicamente. Naturaleza y Vida se trasponen en imágenes -no imitaciones-, por el artificio de la fotogenia”*, rematando esperanzado no cine xa que *“los momentos culturales de la arquitectura, la pintura y la música, han pasado por un máximo, después del cual por la madurez de la técnica, se formulan leyes estéticas. En cinema estas leyes son incipientes. El retorno a lo visual parece cierto, y los hombres de hoy conceden al cinema la misma*

curiosa atención de los peregrinos medievales a las simbólicas composiciones en piedra argumentada de un pórtico románico”. O seu sentido da anticipación histórica era xa notable.

A seguinte etapa literaria acontecerá nas páxinas de *Saudade*, publicando en dous anos algúns traballos entre os que destacan “Entroido enfeitizado”⁴, estruturado como un guión cinematográfico en catorce secuencias dunha gran riqueza descritiva na paisaxe e na antropoloxía galega, cunha prosa de fondo sentido poético; e “Na costa verdecente”, onde recrea o poema de Pondal para o Himno Galego, trasladando os seus versos á Matria en recreacións que son pura imaxe, desde panorámicas a primeiros planos ou planos detalle. Outra volta está presente o cineasta-documentalista a través da palabra.

Fundando “Vieiros” con outros galeguistas

Xa en 1959 participa na creación da mítica revista *Vieiros*, seguindo unha iniciativa de Luís Soto de “editar unha revista que fose espello de galegidade, intranxistentemente monolingüe, cunha liña política de unidade perfectamente clara, sen oportunistas nin sectarismos, e que ademais fose unha publicación expudente dende o punto de vista artístico”⁵. Codirixiu *Vieiros* con Luís Soto e Florencio Delgado Gurriarán (que no número 3, seica por reservas ideolóxicas, deixou o posto a Xosé Caridad Mateos) ao amparo do Padroado da Cultura Galega.

Conta Soto nas súas *Memorias* que cando lle comentou a idea a Velo, este respondeulle que ía oito días a Acapulco para traballar no proxecto e cando retornou “quería que fose a publicación máis extraordinaria de todos os tempos históricos de Galicia, artística, literaria e sociopolítica, estando ademais totalmente de acordo co monolingüismo”⁶. Mentres Soto se atribúe a paternidade de *Vieiros*, outras testemuñas danlle ao seu nacemento un carácter máis colectivo, como é o caso de Elixio Rodríguez na súa autobiografía *Matádeo mañá*⁷. O asunto carecería da maior

3. Precisión feita por Velo ao autor. Rejano era un cordobés, escritor e poeta, que foi director do diario do P.C. *Frente rojo*, e activo militante comunista en México.

4. *Saudade*. Nº 1. Xullo, 1942.

5. Soto, Luís. Castelao U.P.G. e outras memorias. Ed. Xerais, Vigo, 1983, p.177.

6. *Ibidem*, (p.168).

7. Ed. Xerais. Vigo, 1994.



Carlos Velo con Luis Soto. Outubro 1963.

transcendencia de non ser porque este se atribúe o título, de aí que paga a pena reproducir o seu punto de vista sobre o tema, xa que a súa participación foi moi directa na xestación da revista como “relacións públicas”, aparte outras encomendas.

Comeza Elixio cualificando a Carlos Velo como “nacionalista sen concesións, home de exquisita sensibilidade artística, esaxeradamente metódico e perfeccionista”, e sostén que “un día invitounos a Luís Soto, a Florencio Delgado e máis a min (...) para botar a camiña-lo noso proxecto sen perda de tempo (...). Naquela mesma memorable xuntanza repartimos entre os catro asistentes as primeiras responsabilidades de traballo. Luís Soto e Carlos Velo encargáranse da dirección, Florencio Delgado e mais eu -el, ao meu xuízo, o máis idóneo lingüista da nosa xeración- coidaríamos da pureza do noso idioma (...) e tamén nos ocuparíamos de revisa-las probas na imprenta e de traducir ao galego os artigos orixinais en castelán. Eu, ademais, malia o moito que teimeei por evitalo, vinme na obriga de acepta-lo manexo das relacións públicas”.

Di Rodríguez que xa era madrugada cando se dectaron de que aínda non lle tiñan título ao proxecto,

“cansos e somnolentos como estabamos (xa ía nace-lo día), tres dos asistentes propuxemos pospo-lo tema para o día seguinte. Pero o cuarto, Carlos Velo, teimou en que non rematase a reunión ata que se lle atopase á criatura un nome eufónico e suxerente. Foron moitos os analizados, sen chegarmos a un acordo. Ata que se me ocorreu insinuar O Vieiro, topónimo moi coñecido, presente nas proximidades da miña vila de Bande. Agradoulles aos meus colegas; e foi o que se lle deu: aínda que en plural e sen o inseparable artigo determinado”.

“Vieiros” como continuidade de “Nós”

O cineasta concebía a nova revista como a “*continuidade de Nós*”, supondo mesmo *a priori* que non ía ser unha publicación de tipo popular, pero para iso xa propuña como alternativa a coexistencia doutra que se chamaría *Follas* (quedou só en proxecto) e na que mesmo se permitirían textos en castelán para “*facer o rego onde sementar cousas meirandes no porvir*”. Ata a primavera de 1968 saíran catro números e hai coincidencia en calificala de “excepcional, na presentación e nos contidos”⁸.

8. Valcárcel, Marcos. “Carlos Velo”. *Entregas*. A colección completa de *Vieiros* está editada en facsímil por Edicións A Nosa Terra, 1988.



“A xuízo do historiador Marcos Valcárcel, “Vieiros é unha das poucas pontes que se lanzan entre o galeguismo da preguerra, esfarelado tralo conflito bélico, e o nacionalismo de corte marxista que xurde en Galiza nos anos sesenta.”

Marcos Valcárcel.

Escrita en galego, con intencións plurais e integradoras, tivo unha ampla nómina de colaboradores e un deseño de vangarda avaliado por debuxos e obra gráfica de varios artistas encabezados por Arturo Souto que era responsábel do deseño artístico. A xuízo do historiador Marcos Valcárcel⁹, “Vieiros é unha das poucas pontes que se lanzan entre o galeguismo da preguerra, esfarelado tralo conflito bélico, e o nacionalismo de corte marxista que xurde en Galiza nos anos sesenta. E só isto é xa un valor innegable nun país machacado pola represión e o feixismo”. Xosé Manuel Maceira resume o ideario da revista na súa obra *A literatura galega no exilio*¹⁰ como “claro e sistemático: monolingüismo, República federal, colaboración luso-galaica; reformar o réxime xurídico, a propiedade da terra e a educación; do mesmo xeito, demandar un maior interese no proceso de industrialización (...) Estamos diante dun serio reformismo, inspirado no materialismo marxista, polo tanto alonxado da ideoloxía tradicional”.

Non admitía anuncios comerciais e non tiña tarefa de subscricións. A súa distribución en Galicia era semiclandestina, circulaba sen ruído entre os sectores interesados. Os artigos recollíanos na propia sede do Padroado ou persoalmente os responsábeis da revista. Para a preparación do último número, que tiña como obxectivo prioritario amosar a protesta e

a solidariedade do mundo da emigración intelectual galega co problema do val de Castrelo de Miño con FENOSA, Velo dirixe ao Consello de Galiza en Bos Aires, unha carta na que pide “*remeser, sen falla, artigos, canto antes (...) e os debuxos que se poida, pra que non quede fora, neste histórico número de Vieiros, a comunidade galega desa cidade, capital da vella emigración republicana e galeguista*”¹¹.

O propio Velo publicará varios artigos, ensaios, críticas e gacetiñas, nos seus catro números. De entre eles destacan, ademais da xa comentada “Carta ao fato Brais Pinto” o relato “Imaxes para unha película”, no que o autor recrea o ciclo vital dunha parella da Cartelle labrega usando recursos directamente tirados do cine xunto a unha prosa rica en sensacións, na que se aprecian lembranzas autobiográficas. Hai tamén ensaios como “Os fitos da xuventude”, no que Velo non andou con panos quentes á hora de facer xuízo sobre o papel do galeguismo ancorado e fai un chamamento a outro tipo de actitudes intelectuais máis vivas e comprometidas. En “Imaxe da Galiza”, anticipase aos tempos novos e aposta por unha “*pranificación adotada que salve os labregos do Finisterre da morte civil*” que pasa “*por un sistema total de intercomunicacións*” evitando continuar “*ollando pro camiño de Sant-Iago nunha época na que satélites arifriciaes retransmiten mensaxes ó*

9. Ibidem.

10 Ed. do Cumio. Vigo, 1995.

11. Carta a Antón Alonso Pérez. 14.3.1967.

Anagrama
da revista Nós.

NÓS.

mundo, retratan a lúa ou espían os trebós". O Velo filósofo e ideólogo agroma en "*Cultura e Sociedade*", no que propón un "*catastro da intelixencia*" sostido sobre catro ángulos, "*artístico, científico, social e político*". A súa contribución á revista estará tamén na confección dos *alicerce*, que facían a vez de editoriais moi críticos co culturalismo promovido desde o piñeirismo.

De "Terra e tempo" a unha memoria erótica

Como editor Velo aínda sacaría en 1965 o primeiro *Terra e tempo* da U.P.G. Xa en 1992, coordinou a redacción e a edición do tomo "Sonora" adicado ao homónimo Estado norteño de México que en principio foi proxectado para a realización dunha gran documental, pero logo quedaría nun libro "*feito por cineastas*"¹², de case dúscentas páxinas de cuidada presentación e fotografías a cores de Jorge Russek. Entre o equipo de investigadores está a dona que o enviuvou, Carol de Swan.

A última das súas creacións sería un feixe de contos agrupados como "Biografía erótica" que en 1985 confesoume estar "*armando actualmente*"¹³, nos que ademais das lembranzas de mozo de Cartelle e Ourense, fai uso dunha prosa moi ligada ao realismo máxico da literatura americana, coa que mantiña fortes vencellos a través da súa amizade con moitos dos seus escritores máis sobranceiros (García Márquez, Fuentes, Rulfo...). "Sabela, cristal roto"; "Perla Blanca, a muller da miña vida"; "Eudoxia, orto segredo"; "Carmiña, a raiña da ponte", ou "Rosenda, a bruxa Bigaira", son algúns dos capítulos nos que Velo recrea os anos mozos a través de diferentes personaxes femininos.

Pouco antes da última viaxe a Galicia, a finais de xullo de 1985, para asistir ás Xociviga do Carballiño,

"Carlos Velo concebía a nova revista como a "continuidade de Nós", supondo mesmo a priori que non ía ser unha publicación de tipo popular, pero para iso xa propuña como alternativa a coexistencia doutra que se chamaría Follas."

Velo aínda escribira un feixe de folios para ler nunha homenaxe ao seu admirado amigo e protector Fernando Gamboa, nos que resumía en clave autobiográfica, con fina ironía e moita sinceridade, a súa maridaxe coa imaxe por terras aztecas. Chamoulle "Crónica breve del cine documental en México. Con la relación de las andanzas de don Fernando Gamboa en tales circunstancias: según lo redactado para su homenaje por el doctor Carlos Velo".

Foi o seu texto de peche.

Carlos Velo. Xociviga, 1985



12. Carlos Velo ao autor.

13. Finalmente publicado como *Memoria erótica* en 1998, na colección O fardel da memoria, de edicións A Nosa Terra.

VIEIROS



Portada de Vieiros 3.

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Secretario da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística.

NO CINCUENTA ANIVERSARIO DE

VIEIROS

Xosé González Martínez

nos meus anos mozos a Asociación Cultural de Vigo foi a universidade do galeguismo á que acudín e da que tirei moito proveito intelectual. As conferencias e coloquios programados naquela ágora do nacionalismo possibilitounos a algúns o reencontro coa historia, cultura e lingua de Galicia. Esta formación acrecentabámola coa participación nas tertulias da rebotica de Domingo Fernández del Riego, que estaba na metade da rúa do Príncipe. Máis abaixo, a Fundación Penzol custodiaba un tesouro que moi poucos coñecían. Eu tiven a oportunidade de pasar días enteiros nas súas instalacións procurando unha información privilexiada nos fondos documentais e bibliográficos.

Lembro aqueles sábados e domingos nos que Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Xosé Manuel Beiras, Francisco Fernández del Riego... acudían cabo de nós para aleccionarnos no coñecemento da identidade galega. Un claustro de profesores de

luxo para uns cantos mozos e mozas que adoitabamos recluírnos naqueles salas ateigadas de libros e folletos que Fermín Penzol fora mercando nas librerías de vello, salvándoos do expolio de bibliotecas privadas.

Foi na Fundación Penzol onde coñecín a revista "Vieiros" da man de Xaime Seixas Subirá, o xesuíta que fixo o milagre de levar ao nacionalismo a un grupo de rapaces que procedíamos da clase obreira. Para min, que coñecía moitas publicacións editadas en Buenos Aires, Uruguay, Cuba e Venezuela polas respectivas colonias galegas, aquela revista engaioloume. Tiña unha fasquía diferente, na que o que máis chamaba a atención eran as ilustracións do pintor Arturo Souto. Pero tamén as colaboracións de persoas de inequívoca militancia antifranquista.

"Vieiros" editabase en México; era unha publicación do Padroado da Cultura Galega de México. Eran os seus directores tres ourensáns,

Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. Aos dous primeiros coñecínos anos despois. O director artístico era Arturo Souto. Polo medio andaba tamén o Elixio Rodríguez. Débeselle a este o nome da revista. Contabame Luís Soto que o Elixio propuxera o nome de "Vieiros", porque era un topónimo que os unía a tódolos tres –Luís Soto, Carlos Velo e el mesmo-, por teren nado nas terras de Celanova.

En 1959 saeu publicado o primeiro número, completísimo. Límolo con degaro. Mesmo coa ilusión de termos atopado razóns para abrazarnos a causa do nacionalismo. A mesma que profesaban desde había moitos anos moitos dos colaboradores dese primeiro número. Axiña fomos tendo referencias biográficas de todos eles. Soubemos das súas andanzas e servizos prestados a Galicia desde distintas posicións político-partidarias. Uns pertencían ao partido comunista, outros ao partido galeguista. En todo caso, uns e outros,

Lembro aqueles sábados e domingos nos que Ferro Couselo, Ramón Otero Pedrayo, Méndez Ferrín, Xosé Manuel Beiras, Francisco Fernández del Riego... acudían cabo de nós para aleccionarnos no coñecemento da identidade galega.

Fernández del Riego.
Debuxo de Seoane



compartían o amor pola Patria e a ela seguíanlle dedicando os esforzos e a ilusión que tronzara a guerra civil española. Aló, no exilio, impuxéranse a tarefa de incidir na Galicia real para facer posible o rexurdimento da conciencia colectiva. E abofe que “Vieiros” conseguíuno en parte. Porque esta publicación diferenciábase das outras, editadas polos centros e colectividade galegas, no discurso do combate.

Carlos Velo, entomólogo de profesión, e director de cine por vocación, aguilloaba a nosa conciencia afirmando

conceptos deica entón pouco precisos en nós, descritos nunha prosa peculiar, provocadora de emocións: “Galiza é unha nación subdesenrolada; o povo galego, que certamente chegou na súa historia cultural a maioría da idade, non poido, no devalar da súa conciencia cívica, gobernarse a sí mesmo e oxe a nosa sociedade polítea atópase inda na fase tribal con estratos da vida familiar, cheos de primitivismo clánica, coexistindo coa fase cidadina cáxeque medieval, chea de fuxida narcisista dos intelectuaes cativos, sen ter ne xiquera conciencia do Estado moderno e moito menos Nación”.

Máis adiante, noutro parágrafo, Carlos Velo pedíanos aos mozos “que loitásemos contra aqueles que aínda teñen un sorriso ferinte cando se fala dos “galegos”. Sodes vós, -dicianos-, os que esbordando os sinxelos anceios estatutarios, os que tendes que conquistar os fins colectivos da Administración Autónoma de Galicia”.

“Vieiros” servíu para aguillar e mobilizar as conciencia coutadas polas gadoupas do réxime franquista. Eran os anos dos “milagre económico” do réxime franquista, dirixido polos tecnócratas do Opus, e Celso E. Ferreiro, interpretaba aquel falso milagre cun poema titulado “Contribución ao Plan de Desenrolo Económico”, cunha crítica retranqueira e despiadada á política económica daquel goberno. Alberto Míguez, nada sospeitoso de ser nacionalista, malia ter sido multado polo réxime, anunciábanos a situación colonial de Galicia. Xohán López Durá, o profesor de dereito expulsado da universidade compostelá, abordaba as características do subdesenrolo galego con razóns e argumentos de peso científico. Méndez Ferrín ollaba para Europa e describía con precisión os movementos de liberación na súa vertente occidental. Adolfo Vázquez



Tiña unha fasquía diferente, na que o que máis chamaba a atención eran as ilustracións do pintor Arturo Souto. Pero tamén as colaboracións de persoas de inequívoca militancia antifranquista.

Ilustración de Souto para Vieiros 4.

Humasque afirmaba que o encoro de Castrelo de Miño “é, nin máis nin menos, que a expresión funcional dun réxime político ausente de calquera senso democrático”, alentando con esta análise as mobilizacións dos labregos contra aquel expolio de terras e facendas. A redacción da revista, baixo o rubro “Alicerces”, denunciaba a política de construcións de encoros en Galicia e nomeadamente do asu-lamento do val de Castrelo de Miño: “A historia dos Saltos Eléctricos de Galicia será investigada e escrita, con seguridade, por antropólogos, sociólogos, economías, enxeñeiros e literatos, para demostrar como en nome dun mentireiro desenvolvemento industrial faise afastar o “estándar” de vida dun pobo, xa que de seu esfameado, e ademais incúbanse traumas psicolóxicos tremendos que atafegan a nosa xente traballadora”. Certeira análise.

Os catro números de “Vieiros” publicados marcaron un fito na estratexia da comunicación do exiliados coa Galicia sometida por un réxime ditatorial.

Tiven a oportunidade de coñecer a Luís Soto en 1969. Desde entón deica a súa morte, fomos grandes amigos e compartimos as arelas que el fora debullando nas colaboracións publicadas en “Vieiros”. Foron anos de grandes ilusións e moitos avances na organización da conciencia nacionalista. Cando vexo cara atrás no tempo decátome do importante que foi para min a revista “Vieiros” e o ronsel de clarividencia que deixou. A colección da revista “Vieiros” gárdoa desde entón nunha carteira de coiro repuxada co calendario azteca, agasallo de Luís Soto.



Carlos Velo

Carlos Velo, entomólogo de profesión, e director de cine por vocación, aguilloaba a nosa conciencia afirmando conceptos deica entón pouco precisos en nós, descritos nunha prosa peculiar, provocadora de emocións: “Galiza é unha razón subdesenrolada”.

VIEIROS

REVISTA DO PADROADO DA CULTURA GALEGA DO MEXICO

ENGÁDEGA

NOITE COMPOSTELAN. RAMON OTERO PEDRAYO. Galiza
 POEMAS, MANUEL CURROS ENRIQUEZ. Galiza
 A LABOURA DE AVANTORA. RAMON CABANILLAS. Galiza
 OS FITOS DA XUVENTUDE. CARLOS VELO. México
 EVOCACION DE LAMAS CARBAJAL, F. L. CUEVILLAS. Galiza
 GALICIA, VALENTIN LAMAS CARBAJAL. Galiza
 GALICIA SIN TÓPICO. DOMINGO GARCIA SABELL. Galiza
 PRANEAZÓN AGRO-PECUARIA, A. VÁZQUEZ HUMASQUÉ. México
 LÚA, CÉSAR TEIXEIRA. Portugal
 A DOENZA DAS DCBIDAS, LUIS SOTO FERNÁNDEZ. México
 JOAO VERDE, POETA MINHOTO, JULIO EVANGELISTA. Portugal
 DIÁLOGO, JOHAN VIQUEIRA. Galiza
 PEDIMOS, ALFONSO R. CASTELAO. Bós Aires
 A POESIA DE DELGADO GURRIARÁN, MARCIAL FERNÁNDEZ. México
 POEMAS, FLORENCIO MANOEL DELGADO GURRIARÁN. México.
 GRANDEZAS E MISERIAS DA NOSA TERRA, A. NÚÑEZ DOMÍNGUEZ. Galiza
 POEMAS, CELSO EMILIO FERREIRO. Galiza.
 A ELETRIFICAZÓN DA GALIZIA, HILARIO CALOTO. México
 PRESENCIA DA NOSA CULTURA, SALVADOR LORENZANA. Galiza
 UNHA HORA NA PAZ DO CIMITARIO DE NOIA, F. BOUZA-BREY. Galiza
 POESIAS PARALELAS, RICARDO CARBALLO CALERO. Galiza
 A LINGOA, SANGUE DO ESPRITO, RAMON PÑEIRO. Galiza.
 GIL VICENTE, PAI DO TEATRO GALEGOPORTUGUES, A. REY ROMALDE. México
 AS IDEIAS • OS HOMES • OS FEITOS • AS LABOURAS

DESEÑOS: CASTELAO • A. SOUTO • MASIDE • E. GASCÓN
 V. ROJO • BARTOLÍ • GIRONELLA • LEDO

NÚMERO EXTRAORDINARIO MEXICO
 VRAN — 1959

Directores:
 LUIS SOTO FERNANDEZ • CARLOS VELO • FLORENCIO DELGADO GURRIARAN
Relaxás: ELIXIO RODRIGUEZ — *Axeito artístico:* ARTURO SOUTO — *Administración:* XERMAN RASO

VIEIROS: “Registro pendiente de autorización” • Pregamos o espallamento do contido desta publicación, sinalando a orixe.
 Correspondencia: Apartado Postal 6994 • México, D. F.
 Prelo: EDITORIAL MUÑOZ, S. A. Armaze: A. SOUTO ALABARCE

“Vieiros” editabase en México; era unha publicación do Padroado da Cultura Galega de México. Eran os seus directores tres ourensáns, Luís Soto, Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán. O director artístico era Arturo Souto. Polo medio andaba tamén o Elixio Rodríguez. Débeselle a este o nome da revista. Contabame Luís Soto que o Elixio propuxera o nome de “Vieiros”, porque era un topónimo que os unía a tódolos tres –Luís Soto, Carlos Velo e el mesmo–, por teren nado nas terras de Celanova.



Elixio nun momento da homenaxe ós presos da guerra civil que lle tributou o Concello de Celanova no ano 2003.

ANTONIO PIÑEIRO

1959

Técnico de Cultura do Concello de Celanova. Colaborador asiduo do diario La Región de Ourense e direc-

tor da revista Auria. Ten acadado varios premios literarios e publicados varios monográficos sobre aspectos diversos da historia de Celanova. É Secretario da Fundación Curros Enríquez.

Elixio Rodríguez:

«'Vieiros' chamouse así en memoria do alto do Vieiro, que une as Terras de Celanova da Baixa Limia»

Antonio Piñeiro

A primeira vez que Elixio Rodríguez volveu ó lugar no que estivera recluído nos primeiros meses da Guerra Civil e do que unha noite saíu camiño do Furriolo cun destino de estación término, pero que afortunadamente estaba aínda sen escribir, fíxoo na miña compañía unha mañá de do mes de Santos que nada tiña que ver con aquela noite setembrina do 36 no que lle dixeron que quedaba liberado cando el sabía que o aquela nova aparentemente feliz non era senón o preludio da morte nunha cuneta calquera das estradas que radialmente comunicaban con Celanova. Foi unha experiencia única para el e unha excepcional ocasión para min, a de verme trasladado -con aquel longo silencio ateigado de queixumes, salaios, murmurios, sons e arrecendos recuperados- a unha época que eu tiven a fortuna de non vivir e España a desgracia de tela protagonizado.

Aconteceu, como digo, un sábado pola mañá do mes de novembro de 1994, pouco despois de que el publicara o libro “Matádeo mañá” onde conta toda a historia que a súa figura miúda ía protagonizar logo de que a fortuna -que tanto o acompañou ó longo dos 98 anos que viviu- lle regalara a primeira carta de vida. Funo recoller a Bande e ó chegar a Celanova entramos polo portalón principal do Mosteiro que dá á praza Maior, o mesmo polo que o meteron a el, cando o prenderon naqueles días iniciáticos do levantamento militar do 36 por ser un dos fundadores das Mocidades Galeguistas de Bande.

Entramos e a medida que camiñabamos polo pasillo claustral, el ía identificando portas que naqueles intres de rebumbio colectivo conducían a lugares cun significado moi diferente ó que hoxe en día nos levan ós celanovenses. “Por aquí entraban os milita-



Elixio na súa casa de Bande no transcurso da entrevista.

res". "Esta porta daba acceso a unha sala onde tiñan lugar os xuízos sumarísimos". "Aquela comunicaba coa cociña"... Ata que chegamos ó portón central do actual salón de actos municipal, noutrora construído como refectorio conventual e onde foron amoreados de forma provisional, coma pericas estabuladas ás portas do matadeiro, aqueles primeiros presos que non cabían no penal de Ourense.

Abrín a porta e ó recibir o arrecendo do ambiente fresco que conservaba a ordenada sillería que pecha o recinto, encomendouse a un longo e intenso silencio durante o cal viu pasar por diante da súa memoria ducias e ducias de pantasma dun pasado que el só lograra sortear, como adoitaba dicir con frecuencia, "con moitísima, moitísima sorte".

"Se lle sacamos as butacas, está todo igual, o único que non é igual é o frío que facía e, sobre todo, o cheiro. Aínda parece que me quere volver ó nariz aquel fedor insoportable que provocabamos tres centos ou máis homes aquí metidos". Así, foime rela-

tando anécdotas (se é que calquera sucedido contado no contexto daquela situación terminal pode ser cualificado como unha anécdota) e detalles de cómo facían quendas e se organizaban para durmir, porque "se nos deitabamos ó mesmo tempo, non había chan suficiente para todos".

O intre máis emotivo da nosa estadía no vello refectorio benedictino chegou, sen embargo, cando se colocou nun lugar determinado e me dixo algo así como: "Nunca souben quen era, nin lembro como se chamaba, pero o caso foi que os visitantes trouxeron un pote con garavanzos para darnos a cea, que nos repartían cunha cullerada por cabeza. Entón houbo un que lle preguntou ó carcereiro se podía repetir, ó que aquel cabrón custodio lle contestou cun sorriso máis cabrón aínda, dicíndolle que claro que podía repetir cantas veces quixera porque, total, non ía darlle tempo a facer a dixestión. Evidentemente o home quedou moi preocupado e tardou en durmir. Cando estabamos no primeiro sono abriron a porta de novo e o vixiante pronunciou varios nomes entre os que estaba o del. Denantes de erguerse e saír pola porta, o home rosmou para si, algo así como 'o fillo de puta tiña razón...' E vaia se a tivo porque o pobre nun tivo oportunidade de dixerir os malditos garavanzos".

Logo seguimos vendo outras dependencias máis solaces do mosteiro e coma se o que precisara fose facer un singular exorcismo, falamos moito e de moitas cousas, ademais, evidentemente, do libro no que relata estas e outras moitas experiencias vitais que fixeron do transcorrer de Elixio Rodríguez -moi ó seu humilde pesar- unha vida auténticamente de novela.

Cando chegamos a Bande, de regreso, baixou do coche e díxome: "Gracias pola mañá que me acabas de regalar" e escribiu unha dedicatoria no libro que gardo co mesmo agarimo que se garda un viño dunha excepcional colleita porque cos anos gaña en intensidade emocional e en grandeza testemuñal polo que significa para poder coñecer a crueza dunha época que xamais deberíamos ver repetida.

Aquel día naceu unha fermosa amizade entre ámbolos dous e a periodicidade duns encontros que se repetían a miúdo nas xornadas de verán cando el regresaba de México e se achegaba ás terrazas do espolón celanovés para tomar un café na compañía da súa inseparable Gloria e do benquerido cura de Bande, don José, co que mantiña unha fraternal relación dende había moitos anos.

Como consecuencia diso foron varias as entrevistas que lle fixen en diversas ocasións, unhas temáticas e outras de carácter máis xeral, nas que me foi relatando pormenores –escritos ou non- da súa longa e froitífera traxectoria.

Unha delas tivo lugar o día 3 de outubro do ano 2002, sentados a carón da mesa camiña da súa casa de Bande, onde unha vez máis me contou boa parte das súas andainas que, como xa referín, foron case unha novela.

Nela, Elixio non fala só daquela etapa primeira da detención e de cómo gracias a un bulo que alguén creou arredor dos seus coñecementos sobre unha partida de fusiles para loitar contra a república portuguesa, lle salvaron a vida por primeira vez, nin de tódalas peripecias que como piloto de aviación lle aconteceron durante os tres anos da guerra, ou do seu exilio en Francia; senón doutros aspectos menos coñecidos da súa biografía, como foron os contactos cos irmáns Castro e co Che Guevara no México anterior ó desembarco en Sierra Maestra. Dos seus negocios con Cantinflas ou da amizade que cultivou cun case adolescente Olof Palme que logo acabaría sendo primeiro ministro sueco.

E, como non, fala tamén do seu traballo a prol da cultura galega en México, participando activamente na fundación do Padroado da Cultura Galega naquel país, na compañía de Carlos Velo, Luis Soto, Delgado Gurriarán e outros galegos tamén exiliados, no que sería o xérmolo sobre o que se ergueu a revista “Vieiros” da que este ano conmemoramos o 50 aniversario, efemérides que provocou a exhumación desta conversa enlatada que mantive-

mos Elixio, Gloria, a súa muller, e máis eu e que agora cobra de novo actualidade nun contexto de literalidade (é dicir, tal como foi rexistrada pola gravadora, de aí que as palabras de Gloria estean reproducidas en castelán) pero en forma de letras de molde.

Entre os moitos episodios rocambolescos que o tiveron como protagonista, faloume unha vez dun que sempre lle quedou por contar polo miúdo. Dígame cómo foi aquel asunto duns fusiles que seica foron escondidos na raia para loitar contra a república portuguesa e que serviron para salvarlle a vida na cadea de Celanova.

Os militares portugueses que eran fieis á monarquía e que foran expulsados do país xunto co rei Don Manuel II, axudados por Alfonso XII fixeron varios intentos de adentrarse en Portugal por distintos lugares co fin de reinstalar a monarquía. Para poder levar a cabo iso, Alfonso XII forneceu a este grupo resistente do país veciño con mil fusiles, a parte dos que eles mesmos puideran ter. Escondéronnos nalgún lugar moi próximo á fronteira, aínda que non lles valeron de moito porque non foron quen de levar a cabo ningunha acción insurreccional xa que a república consolidouse moi ben en Portugal e non lles deu opción a iso. Pero, polo visto, os fusiles quedaron escondidos no mesmo lugar no que foran agachados e eu non sei ben por qué, os falanxistas da zona pensaban que eu coñecía o lugar onde estaban escondidos. Pero eu non sabía nada. Si é certo que cheguei a ter na man un deles, perfectamente engrasado.

¿Pero, cómo o relacionaron con esa partida se a monarquía portuguesa caeu no ano 1910, cando vostede malamente acababa de nacer?

Eu non sabía onde foran escondidos, aínda que si é certo que sabía quen coñecía o lugar. E aqueles que sabían deles pretendía organizar unha emboscada porque se empezou a correr a voz de que o xeneral, aquel que se matou en Portugal, o xeneral Sanjurjo, que estaba



Gloria Díaz, a muller de Elixio, foi quen transcribiu toda a obra “Matádeo mañá”.

desterrado en Lisboa, ía entrar en España por aquí, polo que pretenderon organizar un ataque masivo á súa comitiva cando pasara polas Conchas, utilizando aqueles mil fusiles ou polo menos parte deles. O caso foi que alguén, non sei quen, me meteu no paquete dos que presumiblemente sabían do escondite e foi así como me relacionaron coa partida dos fusiles. O que si sei seguro é que nalgún lugar estaba soterrados. Haber, habíaos, iso si que é certo.

¿E cómo unha cousa así lle puido salvar a vida?

Os fusiles servíronlle de pretexto a quen me quería salvar; que foi o teniente Pousa, que estaba de comandante militar en Celanova. O teniente Pousa tiña unha filla que me collera moito cariño e que me azanaba dende unha fiestra. Aínda vive (no 2002) e chámase Paquita.

Ela choráballe ó pai para que fixese algo por min e, aínda que a el non lle importaba nada, ó final fíxolle caso á nena. Entón, o día que me sacaron de Celanova e me levaron ó Furriolo, atáronnos as mans ás costas e entregáronnos ós falanxistas, que nos metéronnos nun camión e nos conduciron alá arriba.

¿Entón, o teniente Pousa utilizou o asunto dos fusiles como pretexto para que non o levaran ó Furriolo, non si?

Si. Ese foi o pretexto utilizado por el para riparme da man dos falanxistas porque sabía que o meu destino era unha cuneta. E tiven sorte de que chegara a tempo. Pois cando se enterou de que me sacaran do mosteiro foi detrás do camión que nos levaba ó Furriolo e foi unha sorte de que fora o último pois cando el chegou alá os que foran comino no camión



Elixio Rodríguez e Gloria Díaz pasean polo claustro do Poleiro do Mosteiro de Celanova.

xa foran fusilados. Entón díxolles “a este matádelo mañá” (de aí o título do libro) porque lle teño que facer un interrogatorio para ver se damos co lugar onde están escondidos os fusiles de Portugal. Así foi como me trouxo de novo ó Mosteiro. Despois falou co teniente do bandeirín de engache de Ourense para que viñese sacarme de Celanova. Díxonos, a mi e a outro preso que era coñecido polo Pepe do Felisindo, que ía vir o teniente a facer propaganda do tercio e a animarnos a incorporarnos ó frente, e que cando os viramos entrar no salón, nos colocamos ó seu carón e un botándolle o brazo por riba ó outro. E así foi, veu e botounos unha arenga, alí no mesmo refectorio onde estabamos presos, convidándonos a ir de forma voluntaria ó tercio. Informou de que aquel día só podía levar a dous porque non tiña máis sitio no coche e, coma non quere a cousa, sinalounos a min e ó tal Pepe do Felisindo, preguntándonos se

queríamos ir voluntarios. Nós, claro, non tardamos nadiña e contestarlle que si, porque o caso era saír dalí fose como fose.

¿Marchou ó “frente” e acabou de aviador?

Bueno, eu xa estivera na aviación antes, así que me enrolaron na Legión Codor e alí estiven ata que logrei pasar para o bando republicano, que era o que quería.

¿Cómo foi o paso de un a outro bando?

Eu fun a Sevilla porque tiña que cobrar uns cartos que me debían na Comandancia, penso que eran catro mil pesetas das que me correspondían polo meu salario de piloto. Alí coincidín con outro piloto que estaba adestrando naquela base a pilotos novos e fixen algo de amizade con el. Entón díxenlle que me gustaría ver a cidade de Sevilla e as ruínas de Itálica dende



Elixio intervindo no mesmo salón onde estivo preso no Mosteiro de Celanova e onde se celebrou a homaneaxe do ano 2003.

o aire –a aquilo chamabámoslle “un garbeo”- e logo de porfiar un pouco, permitiume coller un avión recomendándome encarecidamente que non tardara moito. Eu, antes, tivera a oportunidade de ver un mapa cartográfico que incluía Gibraltar e botei ben as contas. Repetíume varias veces aquilo de “no tardes”. Aínda me está esperando... En canto me vin arriba, nunca mellor dito, vin o ceo. O malo foi que ía en mangas de

camisa cunha chambríña que non abrigaba nada e tiven que subir a 4 mil metros. Pasei un frío do carallo.

¿E ó chegar a Gibraltar non tivo problemas?

Iso foi un domingo e recibíume un sarxento inglés. Eu díxenlle que acababa de desertar e el non pareceu darlle moita importancia porque me dixo

que estaba só e que se quería comer algo que o mellor era que saíra do aeródromo. Lembro ben que coincidiu coa derrota de Guadalajara porque entrei nun restaurante e ó sentarme nunha mesa vin a un señor que estaba lendo un xornal que titulaba: “Gran derrota italiana en Guadalajara”. Pregunteille se me permitía ler o xornal e acabamos comendo xuntos. Chamábase James Playdom e aquela noite durmín na súa casa. Logo levoume a un barco que transportaba cementos e no que vivían uns 15 republicanos que fuxiran ja nado! dende Algeciras ata Gibraltar. Estaban cheos de piollos. Eu tamén empiollei. E, empiollado e todo, puíden dar o salto dende Gibraltar a Tanger, que esa tamén foi outra...

¿En resumen, unha odisea?

E. R.: Unha historia bonita..., pero para contala agora (risas).

Gloria: ¿Sabes lo que le costó todo eso? Le costó el estómago, el pílora, el duodeno y medio metro de tripa...

E. R.: ...Pero gracias a iso estou vivo. Regulei sempre moi ben a alimentación, non excedo nada e levo unha vida alimentaria moi moderada e iso consérvame ben, por iso non sei canto máis durarei, moito máis, seguro... (Elixio durou aínda outros seis anos), porque o comer moito mata á xente.

¿Aínda hai máis episodios polo medio, que tamén puxeron en perigo a súa vida no bando republicano, pero como están suficientemente contados no libro, gustárame que me explicara cómo chega a México despois de pasar por Francia e cómo asenta a súa vida alí?

Cando chegamos, leváronnos a un campo de refuxiados que máis semellaba ser un campo de concentración. Estaba en Argelès-Sur-Mer, e aquela mesma noite que eu cheguei morreron 17 homes. Aquilo era unha sangría e un espectáculo dantesco. Eu tiven a fortuna de estar

soamente un día, porque ó ver cómo morría a xente tratei de fuxir. Unha vez máis, tiven sorte e fuxín. Ademais, andaba cun flemón que me tiña tolo e endei á procura de alguén que me dera algún remedio para paliar a dor.

¿E resultoulle fácil fuxir de alí?

Si. A verdade foi que si. Houbo un rebumbio e como aquilo era completamente aberto, xa que estabamos na praia, non me resultou complicado desaparecer de alí. O caso foi que ó andar polo pobo topei a unha muller que me viu medio perdido e debílle dar tanta pena que me levou á súa casa. Eu ía completamente atarecido e cheo de dor pola moa e meteume na cociña –tiña unha cociña de ferro-, empezoume a por cataplasmas -cataplasma vai cataplasma ven- ata que me empezou a aliviar a dor. Logo deume un café con leite e sacoume a guerreira para pasarlle o ferro. Estiven arredor dun mes naquela casa. Supoño que foi algo da pena que lle din e moito do boa muller que era, o caso foi que non me deixaron saír, nin ela, nin os fillos nin o home.

¿Pero era xente comprometida cos refuxiados ou eran uns veciños máis da zona?

Eran uns señores, xa de idade, cuns fillos aínda novos que me acolleron coma se fose da familia.

¿E de alí marcha para...?

De Argelès-Sur-Mer fun a París. Eu vía que o conflito bélico estaba a piques de estoupar, polo que tratei de ir a París, e dende alí contactar con alguén que me axudara a fuxir de Europa. E outra vez volví ter moitísima sorte. Cando cheguei a París andaba completamente perdido, sen papeis, tratando de buscar un sitio para durmir e tiven a fortuna de encontrar unha fonda onde non che pedían papeis nin nada. Ó día seguinte, cando me erguín fun á Avenida da



Elixio recolle da man do alcalde de Celanova, Antonio Mouriño, uns recordos con motivo da homenaxe ós presos do ano 2003

Ópera, pois tiña informacións que falaban de había un café por alí onde se reunían os españois das altas xerarquías da política, para ver de conseguir que alguén me botara unha man. E cando ía pola rúa presenciei unha redada da policía que sabía que por alí se reunían os republicanos españois e de cando en vez facían un peinado para coller a alguén. Eu, cando vin á policía, metínme no primeiro portal que topei e empecei a subir as escaleiras coma se levara toda a vida vivindo alí. Cheguei ó cuarto piso e petei na porta, cando me abriron, metín o pé no medio e xa non lla deixei pechar. As que vivían alí eran dúas irmás velliñas que aínda lembro coma se fora hoxe. Máis que dicirlo, imploreille que eu non era ningún delincuente, que era un refuxiado español e que acababa de fuxir da rúa porque houbera unha redada e detiveran a varios refuxiados. Igual cá muller de Argelès-Sur-Mer, tamén lles debín dar pena que acabaron por acollerme na súa casa.

¿Certamente foi un home de sorte?

A verdade é que sempre fun un tipo afortunado, pois non só me acolleron, senón que a medida que pasaron os días empecei a conxeniarme tan ben con elas que, aínda que pareza increíble, quixéronme porfillar. Eran dúas mulleres moi ricas que ademais non tiñan familia. Tiñan un café que lle administraba un xerente na praza de Clichy, do que desconfiaban, polo que a súa pretensión era que me quedase con elas e levase a xerencia do café. Pero eu vía vir a guerra e o que quería era saír de Francia como fose. Senón houbera feito o gran negocio da miña vida, porque me houberan porfillado aquelas dúas vellas. Eu non sei o que tiña, pero algunha gracia debería ter porque sen facer nada, caíalle moi ben á xente.

¿Despois destas peripecias, con quén contacta para poder viaxar a Mejiço?

A cousa, como vas vendo, non estaba fácil. Pero, eu escoitara no café da praza da Ópera que andaban por alí uns galegos que andaban facendo unha lista para a xente que quería viaxar a Méjico porque aquela viaxe estaba pagada polos galegos de Nueva York. O xefe deste movemento era un tal Castro. Nun principio eu non sabía como dar con eles, pero a base de investigar por aquí e por alá, entereime de que paraban nun determinado hotel e tratei de localizalos para que me incluían na lista. Dei co hotel e cando cheguei dixéronme que non estaban que andaban polos campos de concentración tratando de anotar á xente. Como non tiña presa, esperei a que chegaran e acabei contactando con eles, pero cando lles pedín que me anotaran dixéronme que non había sitio, xa que andaran polos campos de concentración e que xa tiñan o barco ateigado de máis. Pero eu seguín insistindo ata que un deles medio se deu por vencido e dixo, “bueno, poña aí o seu nome e veremos se o podemos meter, pero non lle garantizamos nada”. Entón, cando puxen os datos, o tal Castro colleu o papel e pasoullo ó compañeiro e empezaron cunhas risas que eu non sabía o que significaban. Pero logo saín da ignorancia, pois o Castro díxome: “É vostede o primeiro da lista, non sabe ben ata onde o andivemos buscando. Castelao e Soto déronnos a súa referencia e dixéronnos que o buscamos ata debaixo das pedras”.

¿E ó chegar a Méjico, qué? ¿Que tal foi a súa experiencia persoal na chegada a aquel país?

Cárdenas dera orde de que os españois fosen recibidos con toda a hospitalidade posible e así foi como nos recibiron. Ó chegarmos sentímonos mellor ca se estivésemos na nosa casa.

¿Cómo empeza unha vida no exilio, sen esperanza ningunha de volver algún día a España?

Esperanza si que tiñamos, aínda que sabíamos que por desgracia Franco xa se asentara ben aquí. Pero esperanza de volver algún día si que tiñamos.

¿A qué oficios se encomendou para poder gañar a vida?

Unha vez máis a sorte andou comigo. Tiven a fortuna de encontrar ó pai de Gloria, a quen non coñecía de nada. Ó chegarmos no Ipanema a Veracruz organizáronse unha serie de grupos que ían traballar a diversas rexións de Méjico. Algún grupo foi traballar a agricultura, os vascos, por exemplo, organizáronse e empezaron a traballar na siderurxia. Outros encomendáronse en na cría de ovellas no norte do país. Os cataláns tamén puxeron a andar unha incipiente industria téxtil. E para por a andar estas iniciativas, o goberno ofrecía moitas facilidades económicas, de forma que a xente podía empezar de forma relativamente levadeira unha nova vida. En fin, que cada grupo social ou cada colectivo territorial foise organizando á súa maneira. Eu non lembro en qué grupo concreto me meteron, pero cando atopei ó pai de Gloria, Indalecio Díaz Bouza, que era galego e que xunto con outros galegos nos fora recibir, recomendoume que non quedara en Veracruz, senón que marchara para México, que alí seguro que atopaba boas alternativas para gañar a vida.

De pronto, Elixio para a conversa e fai un longo silencio...

Qué queres que che conte máis...

Eu preguntolle se se mareou e el contéstame:

Estou mal, hoxe. Teño días así. Bueno, mellor dito, teño 92 anos e medio. Con iso está todo explicado. ¿Non si?

Estabamos en que o pai de Gloria recomendoulle que fose para o Distrito Federal...

Ab! Si. Xa lembro como foi. Eu quería botar unha carta para informar á miña familia, en Bande, de que chegara a Méjico e que estaba ben. Pero non tiña ningún selo para poder



Elixio e a súa dona con Ricardo Gurriarán e os fillos de Florencio Delgado Gurriarán na súa casa en México DF (febreiro 1999).

mandala. Entón ó atoparme con el pregunteille se me podía axudar con aquel envío e se podía por a súa dirección para cando me contestaran. El díxome que si e cando fun mirar se me chegara a contestación da miña familia foi cando coñecín a esta rapaciña (Elixio mira para Gloria, que está ó noso carón), que era aínda unha nena.

¿Isto sucedeu en Veracruz?

O que sucedeu en Veracruz foi o encontro co pai de Gloria, pero o encontro con Gloria xa foi en México.

¿E en qué empezou a traballar?

Empecei a traballar cun asturiano que se chamaba José María Suárez e que facía negocios co goberno. Pronto aprendín a facer o que facía el, que era ser intermediario do goberno, fornecén-

dolle material, e independiceime. Un día collín e díxenlle, “moitas gracias don José María, pero vou empezar a traballar pola miña conta”. Ata me prestou diñeiro. A verdade foi que se portou moi ben...

¿E qué lle vendía ó goberno?

Vendiámoslle material de todo tipo. Segundo o Ministerio que fixese a demanda. Eles promovían unha subasta de material e os provedores –igual que se fai hoxe– acudiamos coa nosa mellor oferta. O que ofrecera o mellor servizo, nas mellores condicións e co prezo máis competitivo era o que gañaba o concurso.

¿Dedicouse sempre a iso?

Non. Un tempo despois estiven traballando no restaurante de Cantinflas. Bueno, de Cantinflas non era. Era de Pepe Fustemberg, pero era

moi coñecido porque nel actuaba Cantinflas. Realmente o asunto era que estaba o restaurante de Fustemberg e ó lado estaba un teatro, que se comunicaba interiormente co restaurante a través dunha porta e que era onde actuaba Cantinflas. Eu empecei traballando como empregado, pero os donos eran uns bohemios que acabaron afundíndoo, polo que eu e outros dous socios acabamos por collerllo en aluguer.

¿E Cantinflas seguiu actuando para vostedes?

Si. O segredo do restaurante era, sen lugar a dúbidas, o reclamo de Cantinflas. Aquilo estaba montado á sombra do actor. O teatro enchíase sempre e o restaurante tiña unha afluencia proporcional. Foi un bo negocio ata que Cantinflas deu o salto ó cine. Entón acabouse o negocio do restaurante. En canto durou, o negocio só tiña un inconveniente e era que tiña que aguantar a Cantinflas despois das actuacións, porque viña para o restaurante e como lle gustaba moito cantar e tocar a guitarra, púñase a cantar para el e botaba ata as tantas da madrugada.

¿Nesa época xa estaba casado con Gloria?

Non, aínda non.

¿Entón, ó rematar o negocio do restaurante tivo que volver cambiar de negocio?

Si, claro, ó rematar o negocio do restaurante volví de novo á venda de material ó goberno e creei a empresa “Importadora y distribuidora mejicana”, coa que fun gañando máis ou menos para vivir.

¿Durante esa etapa inicial, mantén contactos coa colonia galega de México?

E. R.: Non. Non creas. Non moito. A colonia galega, salvando casos puntuais coma o do pai de Gloria, non creas que nos recibiu moi ben.

“Ó che Guevara coñecino no Café Madrid. Era un tipo moi calado que andaba facendo fotos pola rúa. Cando che sacaba unha foto dábache un papeliño como referencia para entregarcha despois. Era moi misterioso, tanto el como os Castro formaban un grupo moi cerrado e custoume moito traballo entrar en confianza con eles.”

Gloria: La mayoría de los que llevaban tiempo allí eran franquistas. De hecho, mi padre era presidente del Centro Gallego y cuando empezaron a llegar barcos como el que llevó a Eligio, les propuso ir a Veracruz para recibirlos y sus compañeros del centro les dijeron que no, que no merecía la pena ir a recibir a unos “rojos”.

E. R.: Si. A maioría eran franquistas e a mentalidade que tiña alí era que Franco ía reconquistar o mundo.

¿Pero coa colonia exiliada si que mantén contactos. Sobre todo con Soto, con Velo...?

Gloria: A Velo lo integró en el Padroado, Andrés Valín. Velo no quería participar porque no quería meterse en problemas, pues ya había pasado por unos cuantos. Sin embargo, Valín lo acabó convenciendo.

E. R.: Creamos o Padroado da Cultura Galega, que era moi activo.

¿E quen participa na fundación do Padroado da Cultura Galega?

“Alberto Bayo sabía ben que eu fora piloto de aviación na Guerra e quixo convencerme para que fora con eles a Cuba, dicíndome que ían precisar aviadores e que eu pedería ser moi útil para a causa.”

E. R.: *Carlos Velo, Luis Soto, eu...*

Gloria: *No. Velo todavía no estaba, Velo entrou despois... Los que estaban era Rogelio Rodríguez, Andrés Valín, Román Rañó, Florencio Delgado... Aunque Florencio, como vivía en Guadalajara, venía menos.*

E. R.: *Entre todos levábamnos a cabo unha actividade moi intensa. A verdade é que faciamos bastante ruído.*

¿Algunha vez faloume de que chegou a manter contactos co Che Guevara e cos irmáns Castro na época na que o Che andaba por México?

Si. Ó che Guevara coñecino no Café Madrid. Preto da miña casa había unha cafetería que se chamaba así, Café Madrid, ó que eu ía tomar un café practicamente tódolos días. El tamén ía con frecuencia por alí. Era un tipo moi calado que andaba facendo fotos pola rúa. Cando che sacaba unha foto dábache un papeliño como referencia para entregarcha despois. Era moi misterioso, tanto el como os Castro formaban un grupo moi cerrado e custoume moito traballo entrar en confianza con eles.

Gloria: *Con ellos también estaba Bayo, que había sido coronel de aviación en el ejército republicano.*

¿Fala de Alberto Bayo?

E. R.: *Si. É certo, con eles estaba o coronel Bayo. Eu, a Bayo coñecérao aquí, en España. Bayo fora aquel que quixera desembarcar nas Baleares e aínda que chegou as portas para tomar as illas por parte do exército republicano, non foi quen de desembarcar e volveu para Barcelona porque as illas estaban fortemente defendidas co apoio das brigadas italianas.*

¿Entón é Alberto Bayo o que o introduce no grupo dos irmáns Castro e do Che?

A. R.: *Claro. El sabía ben que eu fora piloto de aviación na Guerra e quixo convencerme para que fora con eles a Cuba, dicíndome que ían precisar aviadores e que eu podería ser moi útil para a causa. Pero eu xa estaba casado e tiña dous fillos, daquela. Entón díxenlle que non, que xa me chegaran as aventuras que vivirá durante a Guerra Civil e logo en Francia. Eran todos moi idealistas. A verdade é que non sei por qué se dan épocas en que a xente é moi idealista, moi romántica..., e noutras, sen embargo, o que se dá é o pragmatismo*

¿Supoño que, en todo caso, as tertulias e as reunións con eles tiveron que ser moi ilustrativas para vostede?

Home claro que eran. Fidel tiña moita admiración por Bayo. Queríalle moito, case ata a veneración, porque Bayo foi o que instruíu ós cubanos nas artes militares nunha finca moi grande que tiñan alquilada e que se chamaba, se mal non lembro, “El Charco” e que estaba a uns 40 quilómetros de México. E Fidel queríalle tanto a Bayo que non o quixo levar con eles no desembarco de Sierra Maestra porque dicía que xa era un home maior e que aquilo era para xente nova. E para que non fora -porque el quería ir-, cando

"Luis Soto, como sabes, era de Vilanova dos Infantes. Era comunista, pero por riba de todo era un nacionalista convencido. Un nacionalista tremendo, pederíamos dicir que intransixente."



dormiron en Tuxpan, a noite antes de partir no Gramma deulle un somnífero, de forma que cando espertou, Fidel, Raúl, O Che e os demais xa estaban en alta mar. Logo, pasado un tempo, si que se incorporou á guerrilla. E a verdade foi que mellor lle houbera sido que non o fixera, pois unha vez que ía no avión, voando baixo, un soldado do exército de Batista disparoulle e feriu no de morte. Logrou aterrar co avión no aeródromo, pero xa non lle deron salvado a vida.

¿Entón vostede non volveu voar dende que o fixera na guerra?

E. R.: *Si, pero xa de forma ocasional. Algunha vez con algunha avioneta alugada e por cuestións do meu traballo comercial, porque as distancias en Méjico son moi grandes.*

Gloria: *Una vez, yo estaba con mi madre y con los niños en el muelle de Veracruz y vimos una avioneta que volaba muy bajo, entonces le dije a mi madre, "ese es Eligió", y era él.*

E. R.: *Aquel era un avionciño moi pequeno que non tiña ningunha protección contra a chuvia, entón cando chovía mollábame coma un pito.*

Outro personaxe histórico do que me ten falado algunhas veces e co que tamén tivo contacto en México, foi co que, co tempo, chegaría a ser primeiro ministro de Suecia, Olof Palme. ¿Cómo xurdiu aquela relación?

Gloria: Yo creo que eso fue antes de tu relación con el grupo de Fidel y El Che.

E. R.: Creo que si, que foi antes. Foi cando eu estaba no teatro ¿Non? Olof Palme era sobrino dunha madrileña e dun sueco apelidado loxicamente coma el, que xunto cun irmán tiñan unha ferretería moi grande que levaba precisamente o nome familiar, Palme. Eu daquela xa traballaba no servizo de provisión de material para o goberno mejicano e polo tanto tiña un contacto comercial con distintas ferreterías de grandes dimensións como era a dos Palme. Aí foi onde establecemos unha relación que acabou sendo de moita amizade. El era bastante máis novo ca min e, polo que me contaba, parece ser que non o trataban moi ben, sobre todo os seus tíos. A única que polo visto se salvaba era a madrileña. A nosa relación xurdiu cando empezamos a quedar para saír xuntos nas fins de semana. El non tiña coche e eu si, así que íamos xuntos as mozas. Eu creo que se o chegaran a tratar un pouco mellor e lle ofrecerán algunha perspectiva de futuro no negocio da ferretería, non houbera regresado a Suecia.

¿Desde que regresou para Suecia no volveu coincidir con el?

Non. Houbo un momento en que viu que baixo o paraugas dos seus tíos non tiña futuro ningún e entón decidiu regresar. Perdinlle a pista e só souben del cando me enterei pola televisión de que fora elixido primeiro ministro sueco, igual que despois me enterei tamén polos periódicos e pola televisión, que o asasinaran na rúa.

¿Ben. Entón os cartos que gañaban nos seus traballos -tanto Soto, como Velo, como vostede e outros- logo fun-

díanos en proxectos tan faraónicos para o momento como foi a revista Vieiros?

E. R.: Vieiros costounos moito traballo e moito diñeiro. Foi unha idea de Carlos Velo.

Gloria: Cuando estaban trabajando en la creación de la revista Vieiros, a mi se me ocurrió anotar en un calendario que día llegaría antes de las dos de la madrugada e hice las cuentas durante nueve meses, como si hubiera sido un parto. Llegaba a la una, a las dos o a las tres de la madrugada diariamente y estuve ese tiempo casi sin ver a los hijos, porque cuando los niños iban a la escuela, él todavía no se levantaba.

E. R.: Si. Máis ou menos así é. Si. A verdade é que eramos un grupiño moi axeitado e que nos levábamos moi ben. Carlos Velo, Florencio Delgado, Luís Soto... Luís Soto, como sabes, era de Vilanova dos Infantes. Era comunista, pero por riba de todo era un nacionalista convencido. Un nacionalista tremendo, poderíamos dicir que intransixente.

Era arroutado. ¿Non? Sen embargo, segundo me contou o irmán de Carlos Velo, Castor, parece ser que paradoxicamente era un home que tiña moito medo...

E. R.: Si. Medo, moito.

Gloria: Mira, una vez llevamos a Soto y a Alfonsito Santalices a Santiago, a la celebración del 25 de julio, creo que fue en el año 1978, o en el 80, o así..., y había unos chicos que se pusieron muy pesados con las pancartas y con sus proclamas, entonces los grises empezaron a lanzar pelotas de goma con sus fusiles y yo me fui a esconder porque estaba recién operada y tenía miedo de que me dieran algún golpe. Luego, cuando ya pasó todo no encontrábamos a Soto y a Alfonsito y cuando nos dimos cuenta estaban debajo de un banco, (risas)

E.R.: *Si, xa marcharan os tiradores e eles seguían debaixo do banco. A verdade é que Soto tíñalle moito medo a todo. ¡Que gran tipo, Soto! E ¡qué gran tipo, Velo! Velo era un home a parte. Era un tipo perfeccionista ata límites insospeitados. Esaxeradamente perfeccionista.*

Si. Iso tamén mo destacou Castor Velo na entrevista que lle fixen hai uns meses...

E. R.: *Era algo que rozaba o maniático. Fora o que fora e tivese a importancia que tivese, calquera cousa que fixésemos tiña que estar perfecta. Pero non perfecta de calquera maneira, non. Tiña que estar perfecta de todo. Era unha virtude que tiña, pero que ás veces se convertía -precisamente por iso- nun defecto. Luis Soto, pola contra, era un desorganizado e un despistado.*

Ou sexa, que eran a antítese, un do outro. ¿Supoño que iso era o que os facía complementarios?

E. R.: *Para que vexas como era de desorganizado Soto, vouche contar que el tiña un bidón deses da gasolina, que son tan grandes, e alí botaba tódolos papeis que ía acumulando e tiñaos cheo de todo, polo que, el sabía que, cando quería buscar algo, os papeis estaban alí. Outra cousa era dar con eles. Iso vino eu moitas veces.*

Gloria: *Cuando fue Elixio Villaverde a catalogar el archivo no se cuanto tiempo estuvo, porque eran tres bidones llenos de papeles, los que guardaban sus hijos...*

¿Cómo xurdiu o nome de Vieiros?

Despois de moito tempo facendo propostas, a medida que íamos traballando nos contidos e nos colaboradores posibles, así como na fórmula que íamos utilizar para distribuila polo mundo, todos aportabamos nomes posibles, pero uns por unha cousa e outros por outra,


sempre acababan desbotados. Entón un día pechámomos co compromiso de non saírmos da reunión ata que decidiramos o nome. Así foi como a min se me ocorreu, de pronto, dicir: ¿E por qué non lle poñemos “Vieiro”? Eles quedaron un pouco sorprendidos preguntáronme por qué. Eu díxenlle que podía quedar ben por ser o nome do monte que une as comarcas de Celanova e da Baixa Limia. Alguén apuntou que ademais desa circunstancia –non debemos esquecer que Carlos Velo, Luís Soto e máis eu eramos naturais destas dúas comarcas- relacionouno tamén co simbolismo dos vieiros que tiveron que coller os galegos polo mundo, os vieiros do exilio e da emigración, e así foi como bautizamos a revista.

E xa para rematar, ¿cándo e por qué decide escribir o libro?

E. R.: *O do libro é cousa, máis de Gloria ca miña. Ela foi a responsable.*

Gloria: *Imagínate, cuarenta años moliéndome con estas todas historias, que yo siempre le decía que las escribiera. Hasta que me puse tan pesada que ya no me aguantó y escribió algunas notas. Así fue como empecé yo a copiar aquellas notas en el ordenador. Me enseñaron a encenderlo a apagarlo, a escribir y nada más, pero fue suficiente para poder hacerlo y ahora la gente puede conocer su historia.*





Como é ben sabido, un dos principais impulsores da revista *Vieiros*, ademais de promotor económico da mesma –xunto cos tamén ourensáns Carlos Velo e Florencio Delgado Gurriarán e Elixio Rodríguez– foi o mestre vilanovés Luís Soto Fernández, que, entre outros moitos datos e actividades sociais, políticas e culturais, conta no seu perfil biográfico co aval histórico de ser o acompañante de Castelao e da dona deste, Virxinia, na viaxe que o patriarca do galeguismo realizou no ano 1938 a Nueva York para tratar de conseguir fondos e adhesións para a causa da República. A intensa actividade sindical no ámbito da docencia e política no ámbito do Partido Comunista e doutros colectivos fundamentalmente galegos obrigárono, como tantos outros, a ter que fuxir ó exilio e, como tantos outros,

asentouse no Méjico hospitalario de Lázaro Cárdenas onde botou arredor dun cuarto de século sen poder regresar á súa Galicia natal.

De entre os moitos textos que poderíamos exhumar do arquivo persoal que os herdeiros de Soto trasladaron ó Arquivo Histórico Provincial de Ourense ou daqueles outros publicados en moi diversas revistas e xornais do momento, con motivo da conmemoración do 50 aniversario da saída á rúa do primeiro número da revista “*Vieiros*” rescatamos un fragmento da longa crónica que Soto Fernández publicou en forma de diario no cuarto e derradeiro número de “*Vieiros*” e no que, baixo o tan expresivo como cru título de “Antre pau e pau: fame, medo, diáspora e trauma”, conta a experiencia dunha viaxe de volta que realiza á

patria da súa infancia, Vilanova dos Infantes, na primavera de 1968, para ver de novo á súa nai.

Nela, o vello mestre exiliado, ademais de filosofar profundamente sobre a condición do ser galego que modelou en gran parte da sociedade galega a traxedia do exilio e da emigración, e ademais de describir con grande dose de excepticismo local as súas lembranzas sobre Vilanova dos Infantes, tamén fala abondosamente do seu amigo “Pajilla” so o epígrafe “A morte do meu amigo que non quixo emigrar”.

Velaí de qué xeito Luis Soto fai un repaso pola idiosincrasia labrega e artesanal de Vilanova dos Infantes, tomando como fío conductor a derradeira experiencia vital –a da morte– daquela pobre amigo que “sin ser emigrante, flaxelo-uno e matouno a emigración”.

A morte do meu amigo que non quixo emigrar

Xoves Santo

Xoves Santo. O Poema de Ourense retríncase no silencio.

“¡Ai Xerusalén, Xerusalén, que matas aos profetas e apedrexas aos que foron enviados onda ti!; ¡cántas veces Eu quixen reunir aos teus fillos, mesmo como a galiña que recada aos seus pitiños baixo das alas, e non quixeches!” S. Mateo 23, 28-38.

A primaveira esgarabella por Cabeza de Vaca, onde o cuco estivo recucando pola mañán. Antre lanzas de sol, chove mainiñamente. Ourense no silencio das campas, revístese cunha crámide de hipocresía. Podía que haxa dez xustos verdadeiramente traspasados de cristianismo. Podía que haxa máis asulagados na protesta. Os fariseus, ios escribas, levan farelo dentro da cachola. Aitudes funambulescas nos xestos estereotipados. Petulancia no ollar amarelo dós “que á saben toda”. Sípanse gardadores da fé, da verdade, das valoracións temporales i eternas. (Polo menos Pilatos preguntaba que cousa era a verdade.) Pro istes escribas teñen iles toda a verdade, disto, do outro e do demáis ala. Craro está que son o mesmo tempo os donos dos Bancos, das Empresas Eléctricas e aínda eisportan diñeiro a Suíza, mentras os probes braceiros galegos aforran homildemente pra mandar us caninos a casaña aldeán.

Xa estou na cama. Insonnio fadal. Son as doce da noite. Estou lendo. Chaman a porta. Chega meu sobriño —rapaz sinxelo, candoroso, magníco, compasivo— con cara de espanto. De boas a primeiras:

—*¡Morreu o Pajilla!*

—*¿Cómo dis?*

—*Acábano de atopar morto, tirado no alto da escaleira, espido. Ninguén se deu conta.*

—*¿Cómo foi?*

—*Coa cousa dos “oficios” da Semana Santa ninguén reparou. Hoxe as dez da noite, coma non rebulía fai varios días, os veciños chamaron a porta e coma non contestaba, rachárona. Estaba morto, espido, no cban. Seguramente que quixo fuxir ou berrar.*

—*¿Quen cba dixo?*

—*Agora mesmo chegaron de Celanova coa nova.*

—*A ti queriache moito, cando eras meniño.*

—*¿Non vas ir o enterro?*

—*Non.*

—*Descansa ben.*

—*Foi a contrafigura da emigración. Negouse a emigrar e morre esfameado i escarnecido, vítima da emigración.*

Non podo ir. Agora lémbrome que hai dous anos, cando cheguei, o Pajilla xa estaba moi maliño, somentes tiña osos e pelexos, talmentes cun can esfameado. Afogábase.

—*Xúrame que si morro, estando tí eiquí, non deixas entrar a ningunba bruxa a casa, a rezarme, nin a ningún disgraciado, dises que din que sempre fun un perdido, un peringallo.*

—*Xúroche que collo un estadullo e boto a todos afora. Mais non morres tan axiña. O millor vou eu diante.*

En Vilanova todos teñen motes, alcumes. Do outro viaxe un sobriño meu axudoume e anotamos máis de 500, aínda que xa non hai máis ca 100 veciños, moi escasos.

O Pajilla era mote. Chamábase Pepe. O seu pai, o señor Domingos do Viana, compráralle un sombrei-

ro de palla. Tiña máis alcumes: “Rachela”, “Tapia”, “Gorra de can dañado”.

Non debo ir a Vilanova, pois non podo cumprir co xuramento. Probé Pajilla. Cincoenta anos soio, nunha casa esborrallada, sin sábanas pra dormir. Probe meu amigo.

Vilanova era un pobo de autenticidade crasista. Proletariado en punna cos señores tendeiros de Celanova. Dúas familias pequeno burguesas, que elí vivían, esfumáronse nas cidades. ficaron nó pobo somentes zapateiros e cinco ou seis labregos. Todos eran probes de solemnidade. Os zapateiros tiñan, ou arrendaban, algunha leira prá coller berzas pro caldo. Fame. Caldo sin grasa. Necesidade. Titis. Tifus. Laceira.

O pobo tiña un senso de crase intuitivo, que máis tarde fixose coscente.

O pobo tiña un senso de crase. Seis réas un par de zapatos. Tamén facían chancas. Non había ningún señorito. Naide sabía falar o castelán. Os barcales, onde se mollaba a sola, fedían. Os “maestros zapateiros” iban as feiras, acañábanse e findaban pedindo limosna ou morrían nos caminos. O pobo tiña un senso de crase estraordinario. Agardaban novos abrentes. Déranse conta. As rapazas eran bonitas, delgadas, cun aire greco, estilizadas.

O pobo emigrou en masa: Arxentina, Cuba, Brasil, Uruguay, Chile, Norteamérica, dispois Venezuela. Endexamáis voltaban. Familias enteiras. Picaron os vellos, algunhas “viudas de vivos”. Os que quedaron, ó chegar a noite de pedra, esqueceron a súa prosapia proletaria domesticándose i esmorecendo no chisme, na frieza e na servidume.

Probe Vilanova dos Infantes, cantada maravillosamente por Curros Enríquez de onde era a súa nai: “a mártire escura”.

Vilanova ten un castelo feudal no meio do pobo. O redor a muralla, onde se fixeron as casas, furando nela. Foi cabeza de Axuntamento, máis dispois o quedar sen señoritos, suprimíronlle o Axuntamento, —ios Infantes, por Real Decreto— e xunguírona a Celanova. A casa do Pajilla está na muralla. Morrera o señor Domingos. (O Pajilla non coñeceu a súa nai).

O Euloxio, a María, a Sara, o Xulio, seus hirmaus, marcharon todos pra Arxentina i endexamáis voltaron. (O Xulio tornou pra morrer logo tuberculoso). O Pajilla os vinte anos ficou sen familia prá sempre. Probe Pajilla. Cantas pasou. Facía chancas e perdía nelas. A feira do Couso, de Porqueirós, de Xinzo, do sete en Ourense, do Vinteún, de Rivadavia, de Gomesende, de Cartelle, de Chantada, de Bande. Mollado, feito un pito. O burro non andaba.

(Eu ben sei que o Domingo resucitará.) O fillo do Home —a vida— resucita sempre.)

Viernes Santo

O pobo esborrallábase pouco a pouco. A xentiña hipotecaba a casa ia horta i emigraba entolecida pola necesidade.

¡Ai que demo de cousas! Matino nisto na mañan do Viernes Santo, niste Ourense mollado. Comprei un paraguas. Mentras sigo cismando no enterro do Pajilla.

¡Probe meu amigo! Sin ser emigrante, flaxelóuno e matóuno a emigración. Os irmaus mandábanlle o pasaxe prá que se fose. Emborrachábase, gastaba ós cartos —pagaba algunhas deudas— e ficaba no pobo.

Tornei de América, voltei de África, viña das escolas, e decíalle:

—*Tés que tanguer Pepe.*

—*No me sai do carallo...*

—*Eiqué no fas ren, A túa vida e un martirio.*

—*No me sai do carallo...*

—*Vaise a xente toda. Os teus sobriños dinche que non vas traballar; túas irmás, velliñas, quérente bicar denantes de morrer.*

—*Eiqué nacín, eiqué ei de morrer. Eu sei o que fago. Que se marchen tódolos cobardes.*

O Pajilla botaba moitos carallos. Centos e centos o día. De calquer xeito era un bó católico. De verdade. Endexamáis faltou a misa o Domingo. Cumpriá có “preceito pascual”. Na misa non se axionllaba diante o altar maior dándose golpes de peito, senón que se escondía no fondo, detrás dun confesonario, e rezaba sinceramente. (A familia da Arxentina xo esquecera.)

As “señoritas” castrapistas, ademiten isa “palabra fea” en castelán. (O idioma: balado de castas.) Dispois de todo trátase de cousa coñecida, dun xeito ou doutro. Ora ben isa “palabra fea” dita en galego e cousa noxenta. (Tamén algús “intelleituales” argallan aínda pior. Xa fixeron unha edición do Quixote sin ós “hi de puta” de Cervantes e matinan mutilar a Valle Inclán sacándolle a verba “cabrón”.)

Pola noite chegaron uns amigos do enterro. Están tristes.

—¿Como foi?

—Unha cousa estarrecedora. Tiveron que partirle as pernas cun machado, pois como estaba teso non se podía meter na caixa. Enterrouse as tres da tarde, coma Xesucristo.

—A Cristo non lle romperon os osos. Somentes llos romperán os ladrós, seus compañeiros.

—Levámolo o lombo. Como era Viernes Santo había moita xente. Ó millar levaba xa dous ou tres días morto. Estaba moi teso. Soio tiña unhas galiñas. Vendéronas pro enterro.

—¿Moitos responsos?

—Moitos. As “sacristanas” berraban: “responsos pro Pajilla, que era un home de ben”. Nos tamén lle dimos. E un “da maravalde” no teu nome.

—*Fixestes mal. Era millor de “Lázaro”. Sempre vale a resurrección ia vida. Probe Pepe. A agonía debeu ser témera...*

—*Dispois pasou unha cousa moi feia. O cura anoxouse porque desaparecían os cartos dos responsos. Debía haber axudantes que os metían ná balsa en lugar do Caldeiro. O cura foi a Sacristía e trouxo unha “bula” na cal se di co diñeiro dos responsos debe ser dado propiamente o sacerdote, ñinas súas maus.*

—*Non sabía disa lei. O mesmo lle faguía o Padre Antón a meu tío, Don Isaac, nós enterros de Mariña Mansa.*

—*Mollámonos moito. Alá quedou no cemeterio. Houbo que suspender os responsos por mór dos “oficios” do Viernes Santo.*

—¿Entón moitos responsos pro Pajilla?

—*Os que máis berraban pedindo responsos eran as persoas que lie chamaban perdido, lacazán, peringallo, borracho, pelexo, mal falado... Fixéches ben non ir. Foi unha cousa tremenda, horribel. Tiveron que racharlle as pernas. Estaba moi teso. Espido no relanzo da escaleira.*


—*Gracias polo responso, aínda que no é do meu agrado.*

Morreu solteiro, —somentes tivera unha noiva e quitóulla outro mozo— sin familia, sin burro, sin toura, —que ó escornara e lle rompera as costelas— sin cocina, —cairon as pedras da muralla nela-; sin compasión; sin viño; sin sábanas, sin lembrar un bico de amor; sin xiquera unha apalpadela mercada; sin poder discir o que tiña dentro. (Matóuno o panteismo das cerdeiras en fror).



LETRAS GALEGAS 2009

Ramón Piñeiro





Ramón Piñeiro nun acto electoral do Partido Socialista.

XOSÉ RAMÓN QUINTANA GARRIDO

Universidade de Vigo.

Ramón Piñeiro

e os *galeguistas históricos* como valedores da Autonomía galega

Xosé Ramón Quintana Garrido

1. Significación do galeguismo histórico

Un dos actores máis significativos e de maior protagonismo no proceso autonómico galego foi o grupo dos que se deron en denominar *galeguistas históricos*. En ausencia dunha institución que puidese enarborar a lexitimidade histórica do autogoberno, pois o Consello de Galiza no exilio nin tiña nin se lle recoñecía representatividade, os intelectuais galeguistas relacionados coa editorial Galaxia (fundada en 1950) e coa Real Academia Galega, actuaron no novo escenario político aberto pola transición democrática como depositarios do capital simbólico da tradición galeguista e como albaceas dos “dereitos históricos” ao autogoberno que Galicia tiña como pobo.

Desde a súa perspectiva, o labor non pasaba xa por revivir o vello Partido Galeguista nin en participar na creación dunha nova forza política galeguista máis. De feito, cando se resucite o PG (Asemblea Constituínte: novembro de 1978, I Congreso: novembro de 1979), as máis relevantes e coñecidas figuras do galeguismo histórico rexeitaron incorporarse ao proxecto. Desde había moito tempo viñan defendendo unha concepción transversal do galeguismo:

o labor prioritario era galeguizar as novas xeracións e as forzas políticas existentes, e non a “resurrección do que foi”, en palabras de Domingo García-Sabell, presidente da Real Academia Galega. O propio Ramón Piñeiro, académico e director da editorial Galaxia, seguramente xa canso de tantos requirimentos, chegaría a expresalo con contundencia nunha sonada intervención ante o II Congreso do PG en xuño de 1981. Así pois, en palabras de Ramón Piñeiro, principal estratega e mente gris do grupo (de aí o termo *piñeirismo*), para os galeguistas históricos do que se trataba era de “moverse no plano destinado a espertar unha conciencia patriótica do deber”, que estaba “máis alá do campo de acción dos partidos”. De aí a negativa a formar parte do renacido PG e a aposta pola devandita estratexia transversal do galeguismo, xa que “a principal forza política de Galicia non está no galeguismo organizado, está no galeguismo dos galegos”.

Os galeguistas históricos presentáronse, xa que logo, como a “conciencia moral” suprapartidaria da colectividade galega no seu conxunto. Pois como dirían nun dos documentos feitos públicos, “non temos máis representación que a nosa propia nin máis autoridade que a da nosa fidelidade activa a



Rafael Dieste asinante do “Documento dos 29”.

Debuxo de Isaac Díaz Pardo

Carballo Calero asinante do “Documento dos 29”.



Galicia e á dignidade humana, ... , pero sabemos que os sentimentos que hoxe nos moven responder ao sentir da comunidade”. A súa (auto)elevación por riba das continxencias partidarias viría dada tanto polo prestixio da súa condición de inveterados homes da cultura dedicados durante décadas ao estudo e á promoción da identidade cultural de Galicia, como tamén polo feito de que algúns deles foran “galeguistas dos de antes”, o que os facía portadores dun capital simbólico derivado dunha longa traxectoria de entrega á “causa de Galicia” e de ter sido represaliados nos momentos máis duros do franquismo. De feito, Ramón Piñeiro estivera preso no cárcere franquista entre 1946-1949 polas súas actividades políticas clandestinas galeguistas, e Domingo García-Sabell pasara unha breve estancia no campo de concentración de Labacolla e sufrira o veto para acceder á docencia universitaria. En momentos clave da historia do proceso estatutario galego, saíran á palestra tentando facer valer a súa influencia.

Nun primeiro momento, en marzo de 1977, os galeguistas históricos promoven o chamado *Documento dos 29*, asinado por Sebastián Martínez-Risco, Fermín Penzol, Domingo García-Sabell, Rafael Dieste, Ricardo Carballo Calero, Luis Seoane, Valentín Paz Andrade, Enrique Vidal Abascal, Ánxel Fole, Ramón Piñeiro, Marino Dónega, Celestino Fernández de la Vega, Lorenzo Varela, Isaac Díaz Pardo, Xenaro Mariñas del Valle, Eduardo Moreiras, Andrés Fernández Abalat, Manuel Gallego Jorroto, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xaime García-Lombardero, Andrés Torres Queiruga, Xosé M. López Nogueira, Manuel Espiña Gamallo, Ricardo Palmás, Camilo González Suárez Llanos, Xosé Luís Franco Grande, Carlos Casares e Paco Martín. Ante a inminente convocatoria de eleccións a Cortes constituíntes, e “desde a serenidade que nos pode dar o non estarmos implicados nas naturais tensións partidarias”, facían un “chamamento fraternal aos partidos e máis ás personalidades que van procurar a representación democrática do pobo galego para que fagan por chegar a un entendemento”. Porque “se os dereitos individuais de cada cidadán van contar nas futuras Cortes con defensores procedentes

de todo o territorio español, os dereitos colectivos de cada pobo terán que ser defendidos polos representantes que ese pobo elixa. Ninguén, a non ser os propios galegos, vai defender os dereitos de Galicia como pobo con personalidade nacional”.

En consecuencia, propuñan un “pacto galego” no que os partidos e as personalidades independentes se comprometesen a defender os “dereitos do noso pobo”. En primeiro lugar, defendendo “a estrutura federal do Estado como fórmula idónea para que este poida asumir democraticamente a pluralidade da España real”, e, en segundo lugar, no caso de que aquela non prosperase, reclamando para Galicia “os mesmos dereitos autonómicos que lles sexan recoñecidos ás outras nacionalidades”. Aínda que segundo os promotores da idea “sería grave, por tremendamente irracional, que un pacto tan sinxelo no fora posible entre os partidos e máis as personalidades que aspiran á representación da Galicia verdadeira”, o caso foi que o resultado do chamamento foi certamente exigüo: a Candidatura Democrática ao Senado, pola que saíría electo un dos asinantes, Valentín Paz Andrade, e tamén Manuel Iglesias Corral, quen máis tarde se pasaría á Unión de Centro Democrático (UCD), ademais do socialista Celso Montero. Pola súa parte, Marino Dónega sería nomeado Conselleiro de Cultura na fase preautonómica con Antonio Rosón, e Domingo García-Sabell senador por designación real (1977-1979). Desde as súas posicións, tratarían de promover, sen éxito, unha pronta institucionalización da autonomía. Asemade, participarían activamente na convocatoria unitaria da Xornada pola Autonomía o 4 de decembro de 1977, realizada por unha amplísima nómina de partidos e sindicatos ‘agás o nacionalismo radical e a extrema dereita’ e que concluiría con manifestacións en Vigo, A Coruña, Lugo e Ourense, a máis grande mobilización cidadá da historia da Galicia da transición con arredor de 500.000 persoas.

Fracasada a tentativa de orientar directamente os partidos no plano político-electoral, e agrupados arredor das figuras de Ramón Piñeiro e Domingo García-Sabell, a tarefa concreta destes intelectuais denominados *galeguistas históricos* “tarefa discuti-



Luís Seoane asinante do “Documento dos 29”.

Debuxo de Siro

da, criticada e incomprendida por moitos” sería a de converterse en valedores pragmáticos da autonomía para Galicia, sen ideoloxismos e facendo gala dun acusado realismo. Tanto a través da potenciación da opinión pública (publicación de “chamamentos” colectivos, artigos e entrevistas individuais nos medios), como de múltiples contactos e intercambios informais “levados con maior ou menor secretismo” co centro, coa dereita, coas esquerdas e, esporadicamente, co nacionalismo posibilista, coa intención de tender pontes entre as principais forzas políticas e influír na súa toma de decisións. Para esta tarefa os galeguistas históricos farían uso dun capital relacional que viñan acumulado durante décadas: a súa condición de notables, en tanto que reputados profesionais da medicina, da avogacía, da cultura ou mesmo da empresa, permitíralles establecer diversificadas redes persoais que os capacitaban para tratar tanto coas elites reformistas que procedían do desaparecido franquismo como cos sectores da esquerda. As súas boas relacións cos medios de



Anxel Fole asinante do "Documento dos 29".
Debuxo de Seoane

Lorenzo Varela asinante do "Documento dos 29".
Debuxo de Seoane



comunicación (directores de xornais, xornalistas) posibilitaba que as súas opinións fosen recabadas ou puidesen ser expostas con asiduidade na prensa escrita e nos medios radiofónicos e televisivos.

De feito, Ramón Piñeiro mantería moi boas relacións cos ucedistas galegos Pío Cabanillas e Antonio Rosón. Cando o primeiro foi proposto como futuro presidente da Xunta preautonómica, foi o único que afirmou que tal designación podía resultar positiva, dado que era "un home intelixente e realista" no que "un contacto directo e intenso coa realidade galega non deixaría de lle facer comprender as razóns profundas que teñen os postulados galeguistas". E cando a rebeldía interna e a presión externa levaron á UCD galega a aceptar a renuncia de Pío Cabanillas e, a instancias deste, a propoñer como presidente da Xunta a Antonio Rosón o 7 de marzo de 1978, Ramón Piñeiro estreitaría lazos con este último, pois eran amigos de vello e lugueses ambos.

Non sería moi aventurado sospeñar que o seu consello áulico tivo algo que ver con que Antonio Rosón vísese a necesidade de lexitimar a nova institución preautonómica mediante a aposta por unha xestión suprapartidaria de cariz integrador e galeguista, como puxo de manifesto no discurso de toma de posesión, onde fixo un "afervorado chamamento a todos: partidos políticos, grupos sociais, económicos e culturais, persoas e entidades, calquera que sexa a súa ideoloxía, para colaborar xuntos na gran tarefa de darlle á nosa terra, á nosa comunidade, as institucións democráticas e as competencias que demanda a súa personalidade". Isto traduciríase en tres feitos de gran relevancia: na elección de técnicos independentes varios deles de traxectoria galeguista para a comisión de negociación de transferencias entre a Xunta e a Administración central, na declaración e celebración do 25 de xullo como Día Nacional de Galicia, e, moi en especial, na potenciación dunha comisión de consenso para a redacción do Estatuto de Autonomía de Galicia, de onde saíría o anteproxecto denominado *Estatuto dos 16*, que acadaba o teito máximo permitido pola Constitución: conceptualización de Galicia como "nacionalidade histórica", articulación do autogoberno como "poder

galego” (Parlamento de 100-125 deputados distribuídos provincialmente con criterios demográficos e representativos e sen tope de porcentaxe mínima, Goberno autónomo ou Xunta de Galicia, Presidente de Galicia parlamentariamente elixido, Tribunal de Xustiza con competencias exclusivas en dereito civil galego e contenciosos administrativos resultantes da aplicación da normativa autonómica), regulación da cooficialidade galego-castelán e compromiso dos poderes públicos de potenciar a lingua propia de Galicia e o establecemento da obrigatoriedade de coñecelo, ordenación territorial con recoñecemento xurídico da parroquia e da comarca e que supuña a práctica desaparición das deputacións, recoñecemento da iniciativa lexislativa popular e máximo posible de atribucións competenciais.

Este anteproxecto sería finalmente desbotado pola UCD e obviado polo PSOE. As rivalidades internas na UCD galega e as inclinacións galeguistas e unitarias de Antonio Rosón traerían como consecuencia a súa denenestración e a súa substitución á fronte da Xunta preautonómica polo médico José Quiroga Suárez, home de Eulogio Gómez Franqueira, fiel aos ditados do aparato central e de moi escasa capacidade política e xestora. Era un punto de inflexión na complicada e frustrante historia da xénese da autonomía galega. A UCD central, coa complicidade de importantes sectores dos ucedistas galegos, tomaría a Galicia como o campo de operacións para desenvolver unha estratexia “racionalizadora” que reconducise o Estado das Autonomías, o que traería como consecuencia impoñer a Galicia un Estatuto devaluado de segunda categoría, moi inferior ao catalán e o vasco. En palabras de Rodolfo Martín Villa, o Goberno tiña “que contemplar el Estatuto gallego desde la óptica de la política de Estado”, política esta que, como diría posteriormente Rafael Arias Salgado, “no podría soportar la presión de diez o doce procesos autonómicos simultáneos conducidos aceleradamente y dirigidos hacia el máximo techo de autonomía desde el primer momento”.

Nestes momentos, nos que o proceso autonómico se encontraba estancado, e mesmo en perigo, por mor



Isaac Díaz Pardo asinante do “Documento dos 29”.

Debuxo de Quesada

das dilacións e atrancos da UCD, é cando os galeguistas históricos trataron de facer valer ao máximo todo o seu capital simbólico e relacional. Sobre todo cando se produza o baleiramento efectivo do proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia polo Goberno e a UCD centrais, ante a impotencia e contemporización de non poucos centristas galegos de inclinación autonomista. Paga a pena centrarse máis detidamente neste momento fulcral da encrucillada autonómica galega.

2. O galeguismo histórico e a loita pola Autonomía.

Ás 8:07 do día 22 de novembro de 1979, a Comisión Constitucional aprobaba, con vinteito votos a favor, dezanove en contra e catro ausencias, o Estatuto de Autonomía para Galicia, única e exclusivamente cos votos dos representantes da UCD, incluídos os galegos, mesmo os daqueles que até o momento fixeran gala dunha posición favorable a unha ampla autonomía. Quedaba así aprobado o artigo 30, que



Carlos Casares asinante do “Documento dos 29”.

establecía unha rebaixa en materia de competencias económicas, e suprimido o artigo 36 que versaba da potestade da comunidade autónoma para solicitar do Estado a transferencia de competencias non establecidas no Estatuto. Pero sobre todo aprobábase o até o momento chamado artigo 32.4, que agora pasaba a ser a “disposición transitoria terceira, apartado dous”.

Con esta disposición transitoria, dirá o deputado comunista Jordi Solé Tura na Comisión, “[se estaba] ante la pura y simple liquidación del Estatuto”. En efecto, como pouco despois analizarían entre outros o profesor de dereito político Ramón Máiz e o maxistrado Claudio Movilla, esta disposición transitoria baleiraba e finiquitaba practicamente o Estatuto. Para Máiz, “hipoteca[ba], rebaixa[ba] e recorta[ba] a Autonomía galega verbo das posibilidades de autogoberno recollidas na Constitución”: arredor do 80% das competencias serían “compar-

tidas” entre o Estado e a Comunidade Autónoma, e, dado que a delimitación material e formal das mesmas e o conseguinte traspaso correspondían unilateralmente ás Cortes e non era consecuencia, como nos casos catalán e vasco, da negociación entre dous poderes recoñecidos como tales (o central e o autonómico), o resultado era a eliminación da iniciativa do parlamento autónomo galego. A este non se lle recoñecía poder de negociación directa, polo que tería que agardar ás delimitacións feitas en Madrid para iniciar o seu labor lexislativo de acordo cos criterios aprobados polas Cortes. O que supuña unha “Autonomía tutelada polo poder central” que “troca-ba en residuais as as competencias ás que Galicia ten pleno dereito”. Deste xeito, diría Movilla, o Estatuto de Autonomía convertíase nunha “cáscara vacía de contenido”, posto que “lo que pueda hacer el poder político gallego ya no dependerá de lo establecido en las listas de competencias ‘podrían ser muchas más y el resultado sería el mismo’, ni tampoco de su línea política, sino de una instancia ajena a los reales intereses de Galicia”. Por se fose pouco, na Comisión Constitucional tamén se refrendaba o que xa fora ditaminado en Ponencia: que o Parlamento galego tería 71 membros e que estivesen sobrerrepresentadas as provincias de Lugo e Ourense, así como o 3% do censo electoral para que unha lista puidese optar á devandita cámara.

Desde mediados de novembro de 1979 xa comezaran en Galicia as mobilizacións contra a *Aldrax*, que tería o seu punto álxido o 4 de decembro de 1979, coincidindo co segundo aniversario da saída á rúa de medio millón de persoas dous anos antes reclamando a autonomía para Galicia. Dentro das accións unitarias contra a *Aldrax*, entre novembro e decembro de 1979, promovidas polos grupos Partido Obreiro Galego, Partido Comunista de Galicia, Partido Socialista Galego, PG e PSOE, e as centrais sindicais CC.OO., UGT e SGS, os galeguistas históricos con Ramón Piñeiro á cabeza xogaron un importante papel. O día 21 de novembro, o gobernador civil tivo que recurrir a medidas policiais para impedir unha concentración ás sete do serán na sede da Xunta en Santiago, prohibíndolle o paso a Ramón Piñeiro e a Domingo García-Sabell, entre outros.

Ese mesmo día os galeguistas históricos deran a luz un duro comunicado (*Documento dos 25*) no que denunciaban a “agresión política a Galicia” e rexeitaban a “brutal discriminación que agravia a conciencia colectiva”, posto que “un Estatuto sen contido autonómico é, en si mesmo, unha farsa, e para nós unha burla”. Á gran maioría dos anteriores asinantes sumábanse agora outras personalidades como Isidro Parga Pondal, Eduardo Blanco Amor, Francisco Fernández del Riego, Álvaro Cunqueiro, Xaquín Lourenzo, Antonio Fraguas, Xaime Isla Couto, Agustín Sixto Seco, Xerardo Fernández Albor ou Benxamín Casal. Neste Documento dos 25, os galeguistas históricos facían pública a súa denuncia e sumábanse á mobilización:


“Sabedores de que a tramitación constitucional do noso Estatuto tropeza cunha teimosa vontade restrictiva, queremos unir a nosa voz á dos que nesta ocasión crítica defenden os dereitos de Galicia na súa plenitude constitucional.

Pretender que os dereitos do noso pobo son inferiores aos que xa se lles recoñeceron ás outras nacionalidades irmáns é unha brutal discriminación que agravia a conciencia colectiva de Galicia... Por enriba das diferencias partidarias..., o pobo galego como tal refuta esta e todas as discriminacións que agravian a súa dignidade...

Para enmascarar o carácter discriminatorio da amputación autonómica que se nos quere impo-

A “aposta” de intregarse nas listas electorais ao Parlamento Galego de outubro do 1981 polos partidos estatais foi duramente contestada por un amplo sector da nova intelectualidade galeguista e nacionalista. Así e todo, Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal e Alfredo Conde concorriron como independentes nas listas do PSOE.





Blanco Amor, asinante do "Documento dos 25".
Debuxo de Seoane

ñer, manéxase un sofisma ben pouco sutil: que a diversidade existente entre unhas e outras comunidades leva consigo a correspondente diversidade autonómica. Afirmación que só é certa en tanto fai referencia a que a formulación concreta de cada Estatuto debe recoller as peculiaridades da respectiva realidade, pero que é radicalmente falsa en canto pretenda significar desigualdade de dereitos. Os Estatutos catalán, vasco e galego teñen peculiaridades diferentes, pero os dereitos autonómicos de Cataluña, de Euskadi e de Galicia son idénticos.

Autonomía é, por definición, auto-goberno. Un Estatuto sen contido autonómico é, en si mesmo, unha farsa, e para nós unha burla. A constitución reconece o noso dereito á autonomía. Estrangular ese dereito pola presión de forzas extra-galegas é unha agresión política a Galicia. Unha agresión que, como nos tempos pasados, segue manipulando o poder político sen ética democrática".

Ao día seguinte, no que a Comisión Constitucional concluía a aprobación do Estatuto, acrecentanse

as protestas, coa convocatoria dunha xornada de loita pola "dignidade nacional de Galicia". Desde o encerro de protesta da noite anterior por parte de alcaldes e concelleiros nuns dezasete concellos, xerárase unha dinámica de acción colectiva que implicou un aumento e unha difusión do conflito. A través dun efecto demostrativo por parte dos primeiros mobilizados (partidos, sindicatos e galeguistas históricos), desencadease unha coordinación súpeta entre grupos e actores habitualmente desmobilizados, mediante procesos de difusión, extensión e imitación da protesta, que se suman aos recursos organizativos despregados polos anteriores.

Deste xeito, en toda Galicia prodúcense múltiples concentracións e manifestacións, asembleas e paros en empresas e organismos oficiais, peches de comercios, plenos e declaracións de concellos, colgadas de bandeiras galegas a media hasta e crespóns negros (na Real Academia Galega, por exemplo), inxentes cantidades de comunicados de repulsa de todos os sectores, desde comités de empresa, alumnos e profesores universitarios e de ensino medio, asociacións profesionais, culturais, recreativas e de veciños, mesmo até o envío de telegramas dun cento de alumnos e profesores do seminario compostelán aos bispos galegos para que se pronunciasen contra a "discriminación centralista de Galicia", así como tamén as condeas que, desde a emigración americana e europea e doutros lugares en España, foron chegando en días posteriores.

Igualmente, prodúcense declaracións nos medios escritos e radiofónicos de relevantes personalidades galeguistas. Unha das máis significativas foi o artigo de Domingo García-Sabell na primeira páxina de *El Ideal Gallego* o 22 de novembro de 1979, titulado "Galicia". Nel, cunha notoria capacidade retórica para pulsar os recónditos resortes do orgullo de ser galegos, establecía unha confrontación entre a imaxe deformada e foránea dunha Galicia sumisa e pintoresca e a dunha Galicia en pé na que "outro tempo comeza. Outro tempo debe comezar. O tempo das realizacións. O tempo da confianza propia. O tempo da seguridade". E acusaba: "Non é que non nos entendades. É que non queredes entendernos..."

Mentides como tramposos. Mentides como canallas”, concluíndo que era tempo de “esgrimir a xustiza da nosa verdade. De empregar a razón”, logo xa viría a hora -“sen queixas nin desesperanzas”- de dialogar.

A ampliación da protesta por toda Galicia foi o resultado da extensión sociocognitiva dun sentimento de agravio (a célebre *aldraxe*) en importantes sectores da cidadanía. En efecto, esta reacción foi posible porque se configuraron uns *marcos interpretativos* (de diagnóstico, pronóstico e motivación) cos que moitos galegos darían sentido á acción colectiva ao compartir un serie de crenzas. Así, identificábase un problema e imputábanse uns responsables (os galegos necesitamos apremiantemente unha verdadeira autonomía para poder desenvolvernos, pero esta é negada por un poder central que, unha vez máis, inxustamente nos marxina, concedendo a vascos e cataláns o que non nos quere dar a nós), establecíase un plano de acción para corrixir a situación (só protestando todos xuntos, só facendo valer a vontade de sermos galegos, podemos impedir esta afrenta a nosa dignidade), e xerábanse as razóns urxentes para proceder á mobilización (este é o momento de impedir tan enorme discriminación: agora ou nunca).

Acontecía o que Eduardo Blanco Amor, con esperanzadas palabras, definía como “la recuperación, que esta vez se anuncia con razonable agresividad, de nuestra conciencia colectiva suprapartidaria, con su tácita resolución de echarnos a la calle, jóvenes y viejos, mujeres y chiquillos, que es el lenguaje que entiende el poder mucho mejor”. Tanto o campo semántico do termo *aldraxe*, que incluía todo aquilo que se rexeitaba (marxinación, discriminación, desprezo, imposición, burla, farsa, prepotencia, humillación, manipulación, afrenta, amputación, devaluación, imposición, agravio, inxustiza, asoballamento, estafa, desigualdade no trato, esmola, centralismo), como a expresión ‘pronunciada por un concelleiro coruñés’ “Nós non somos máis, pero tampouco menos que os cataláns ou que os vascos”, sintetizaban á perfección o sentir de moitos galegos. Para unha parte da cidadanía quedaba perfectamente identificado o problema e o axente causante: a UCD era a única culpable dun Estatuto de segunda



Francisco Fernandez del Riego, asinante do “Documento dos 25”.

Debuxo de Aguilera

categoría. O comentarista Antonio Papell facíase eco do anterior ao sinalar que “lo que está en juego es la `dignidad´ de la `nación gallega´, que se siente `humillada´ por esta conducta restrictiva que otorga un `tratamiento de segunda´ a una de las regiones españolas más marginadas y deprimidas”. Na configuración deste sentimento de agravio, Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell e os galeguistas históricos tiveron un notable papel.

Nunha entrevista con Domingo García-Sabell publicada no diario *ABC* o 29 de novembro de 1979, este destacaba: “Se aplicó un criterio simplista: como la UCD había ganado las elecciones en Galicia, era ella la que habría de decidir el contenido de nuestro Estatuto”, pero “sentenciaba” “Galicia no es un partido”. Aínda que, para deixar a porta aberta a hipotéticos acordos de futuro, desculpaba aos parlamentarios galegos da UCD, que, na súa opinión, “lucharon tenazmente a favor de una auténtica autonomía” e “chocaron con los criterios desdeñosamente restrictivos de la



Álvaro Cunqueiro, asinante do “Documento dos 25”.

Debuxo de Gogue

Xaquín Lorenzo, asinante do “Documento dos 25”.

Debuxo de Quesada



organización central”, á que “le mareó la soberbía del poder y la supuesta debilidad del País Gallego”.

Non opinaba o mesmo o xornal *El País*, quen nun editorial de seis días antes, afirmaba que o Estatuto galego aprobado era da mesma talla que os de Sau e Guernika, e defendía a “disposición transitoria terceira” porque evitaría “eventuales manipulaciones de los caciques”, ao tempo que preguntaba: “¿Por qué, entonces, tanto clamor y crujir de dientes?... ¿Por qué se ha llegado a esta situación, mezcla de teatro absurdo y de puro astracán?”, e acusaba ás reaccións de “clara demagogia oportunista”. Pola súa banda, o nacionalismo radical da UPG e a AN-PG, fiel a súa función de contramovemento de oposición á autonomía e de defensa das súas *Bases Constitucionais*, paradoxalmente tamén coincidía coa UCD e demais defensores do acontecido: non habería diferencias entre os estatutos catalán, vasco e galego, o único que sucedía era unha “manobra de intoxicación e confusión da opinión pública” dunhas forzas autonomistas que non tiñan “incidencia real” no pobo galego.

A onda de protestas contra a *Aldraxe* tería a súa culminación o 4 de decembro de 1979, coa convocatoria unitaria dunha xornada de protesta baixo o lema “Fronte ao Estatuto centralista de UCD, loitemos por unha auténtica autonomía e pola reconstrución nacional de Galicia”, en medio dunha intensa contracampaña ucedista que sostiña as bondades do Estatuto e desprestixiaba a oposición acumándoa de oportunista e de estar formada por “partidos marxistas” que antepuñan os seu intereses aos de Galicia “a costa de provocar la inquietud y la inseguridad ciudadana”, cuxa única intención non sería outra que a de socavar o partido e o Goberno. Algúns antigos defensores da autonomía vólcanse nunha pechada defensa destes, como Manuel Iglesias Corral, agora senador centrista desde marzo, que acusa aos disconformes de “demagogos” e “empresarios de la alteración”. A pesar da feroz contracampaña, da escasez de medios e preparación, de ser nun día laborable e nunha hora invernal e intempestiva, as manifestacións que se producen ese día nas sete princi-

país cidades galegas, ademais de en Vilagarcía de Arousa, xuntan cerca de 200.000 persoas. Unha cifra que, se ben non acada a de dous anos antes, non é nada despreziable dadas as circunstancias.

3. Realidade Galega: recondución do proceso autonómico e participación institucional.

O 6 de marzo de 1980, os galeguistas históricos formalizan a súa acción colectiva mediante a creación do grupo Realidade Galega (REGA). No seu manifesto fundacional, unha selecta nómina (67 firmantes) da intelectualidade galega e galeguista (novelistas, poetas, ensaístas, médicos, pintores, historiadores, etnólogos, filósofos, teólogos, avogados, arquitectos, xornalistas, editores), amosaban a súa preocupación pola situación e decidían xuntar esforzos para “configurar reflexivamente o modelo dunha Galicia autónoma”, a través do estudo da problemática galega “con independencia de todo vencello partidario ou ideolóxico-programático”. Aos asinantes tradicionais anteriores, incorporábanse tanto outras figuras da intelectualidade máis propiamente galeguista (entre outros, Luís Tobío, Ramón Lourenzo, Carlos Baliñas, Constantino García, Xosé Ramón Barreiro Fernández) como galega en xeral (Camilo José Cela, Gonzalo Torrente Ballester, Manuel Prego, entre outros).

Integrada por personalidades con sensibilidades non sempre coincidentes e rodeada dunha expectación que xeraría unha rumuroloxía moitas veces fantástica, e tamén claros receos por parte das organizacións nacionalistas, REGA foi, en realidade, a plataforma creada por un sector clave das elites culturais galegas para promover o desbloqueo no que se encontraba o Estatuto de Autonomía. Pois cunha estrutura colexiada pouco operativa, esa sería a orientación que lle imprimiría o seu Comité Executivo (Ramón Piñeiro, Domingo García-Sabell, Marino Dónega, Andrés Torres Queiruga, Agustín Sixto Seco), como se puxo de manifesto en abril de 1980, co chamamento público á UCD para que rectificase a súa “actitude impositiva, arbitraria” e que, antes do referendo, negociase cos partidos interesados na autonomía “a efectividade real” da mesma.



Antonio Fraguas, asinante do “Documento dos 25”.

Debuxo de C. Silvar

Polo tanto, a principal misión de Ramón Piñeiro e dos demais galeguistas históricos “activando o seu capital simbólico e relacional” consistiu en servir de ponte entre a UCD e o PSOE, aos que se sumarían PG, PCG e AP, para que acadasen un acordo razoablemente satisfactorio para todos. Coa intención de xogar un papel mediador “que se supón importante, pero difícil de precisar” entre a UCD e o PSOE e desbloquear a situación, o 10 de abril de 1980 fan un chamamento público á UCD (“Ante o referendo”) para que mudase de posición:

“É necesario rectificar a actitude impositiva, arbitraria, que se aplicou nas Cortes á negociación do Estatuto Galego... Non se trata de que os tres Estatutos teñan que ser iguais, senón de que os tres teñan igual tratamento constitucional. O erro cometido nas Cortes e recoñecido oficialmente deberá ser rectificado antes do referendo mediante negociación cos partidos interesados na autonomía. Cremos que sería un desacerto presentar o referendo como unha operación política de UCD. Ao contrario, UCD pode e debe lograr que o referendo sexa unha operación política dos autonomistas galegos. Para iso ten un camiño claro: negociar cos partidos a efectividade real da autonomía. As fórmulas xurídico-políticas están ao alcance do goberno”.



Agustín Sixto Seco, asinante do “Documento dos 25”.

Debuxo de Siro

O resultado global da confrontación das forzas desafiadas á UCD e ao Goberno viña a ser un xogo de suma cero, no que todos apostaban todo e todos perdían todo: a situación achábase bloqueada. A UCD tiña nas súas mans os resortes do poder, pero un sector cada vez maior era consciente do desprestixio acadado polas fracturas internas e pola xestión dunha Xunta preautonómica paralizada política e administrativamente, e de que posuía un déficit de lexitimidade ante importantes sectores da sociedade galega. Ante as demandas das forzas proautonomistas, a UCD tiña dúas opcións: ou impoñer unilateralmente a institucionalización dunha autonomía degradada, cos conseguintes custos políticos, como a posible perda do referendo, o que tería imprevisibles consecuencias; ou gañar tempo, relanzar a actividade do partido e abrir un proceso de negociación no que cedese o menos posible e que servese para recuperar a credibilidade e a iniciativa do partido, posición que gaña adeptos sobre todo despois dos resultados adversos do referendo andaluz e das eleccións aos parlamentos vasco e catalán.

Así as cousas, e despois de tanteos e contactos informais, retómanse as negociacións oficiais entre os

partidos para a reforma do Estatuto, que comezan o 13 de setembro de 1980 e rematan rapidamente o 29 do mesmo mes, recibindo indistintamente o nome de Pactos, Negociacións ou Conversacións do Hostal [dos Reis Católicos]. Chégase ao acordo de suprimir a tan debatida e polémica “disposición transitoria segunda (apartado dous)” e o límite do 3% para acceder ao parlamento autónomo, así como a alusión ao artigo 28 no artigo 30 sobre competencias económicas. Ademais, regulábanse, entre outros, aspectos como a xestión do réxime económico da Seguridade Social sen prexuízo da caixa única, a coordinación orzamentaria das deputacións e o coñecemento da lingua galega, e fíxabase un plan para a constitución da comisión mixta de transferencias e un tope temporal no traspaso de servizos á comunidade autónoma. Non se contemplaba, en cambio, a ampliación do número de parlamentarios e a reforma proporcional da asignación provincial, como tampouco outros aspectos de menor importancia.

O Pacto do Hostal foi asinado por UCD, AP, PSOE, PCG e PG o 29 de setembro de 1980, e o 1 de outubro apróbase pola Asemblea de Parlamentarios galegos. En escrito de 3 de outubro, Antonio Rosón, en calidade de presidente da Asemblea de Parlamentarios, diríxese ao presidente das Cortes e remítelle o acordo para que sexan convocadas a Comisión Constitucional e a delegación da Asemblea coa fin de levar a cabo as modificacións propostas no Pacto. O 22 de outubro a Comisión acepta a reconsideración do proxecto de Estatuto, e o 29 reúnen en sesión conxunta Comisión e delegación da Asemblea, aprobando por unanimidade as modificacións estatutarias acordadas cunha ovación de un minuto.

Os partidos asinantes, seguindo a lóxica das organizacións competitivas, presentaron o acordo non só como un acerto común, senón tamén como un logro particular, coa vista posta nas próximas e primeiras eleccións autonómicas. Pero aínda quedaba o derradeiro paso: a celebración do referendo do Estatuto de Autonomía o 21 de decembro de 1980. O nacionalismo radical desenvolverá unha forte campaña polo non, e o POG, descolgado do acordo e cunha campaña menor e máis cansina, tamén. Con todo, o obxectivo das forzas favorables ao Estatuto era vencer un descomunal inimigo: a abs-

tención. O descoñecemento xeralizado da poboación, o torpe deseño da campaña e a limitada implicación institucional, a inadecuación da data ou os reproches e falta de unión entre os partidarios do si, entre outros motivos, fixeron que dun total de 2.172.989 electores só acudisen ás urnas 614.218, dos cales votaron afirmativamente 450.556 e 121.448 negativamente. O gran partido da abstención triunfara claramente: 71,7%.

A Autonomía chegaba a Galicia en medio da indiferencia da maioría da sociedade. A desilusión polos resultados do referendo expresouno mellor ca ninguén Álvaro Cunqueiro: “O país galego parece esquecer as voces que escoita desde hai cen anos... Nunca vin cousa así, un pobo que demite do seu destino. Teño na boca un sentimento amargo e até un sentimento de noxo”. Pero non era exactamente iso. Era, en derradeira instancia, a consecuencia dun proceso complexo e dilatado, inzado de desunións e conflitos, e de moi difícil comprensión e seguimento para a maioría da cidadanía. Todo isto fixo que, no canto de ilusionarse, se desentendese das manobras dos “políticos”. Agora ben, a Autonomía abría un novo horizonte e, co paso do tempo, o seu desenvolvemento institucional sería un factor clave na construción dunha identidade e duns intereses comúns dos galegos. Hoxe, ninguén concibe a Galicia sen autogoberno. Pasados xa tantos anos, cómpre un novo impulso que implique unha reforma estatutaria á altura e esixencia dos novos tempos.

Unha vez logrado o desbloqueo da autonomía e aprobado o Estatuto, determinados galeguistas históricos foron

requeridos polas principais forzas políticas para integrar as súas listas electorais ao Parlamento galego de outubro de 1981, dado o capital simbólico que achegaban. Segundo Ramón Piñeiro, a decisión de participar non foi persoal, senón colectiva (en realidade, de sete dos máis significados), coincidindo na necesidade de garantir a presenza do galeguismo no primeiro Parlamento de Galicia, tendo en conta que, na súa opinión, resultaba improbable que o nacionalismo organizado “agás o radical” lograse representación parlamentaria.

Esta “aposta” polos partidos estatais foi duramente contestada por un amplo sector da nova intelectualidade galeguista e nacionalista. Así e todo, Ramón Piñeiro, Carlos Casares, Benxamín Casal e Alfredo Conde concorriron como independentes nas listas do PSOE, Xerardo Fernández Albor nas de AP e Marino Dónega iría nas de UCD, pero finalmente renunciou. Pola súa parte, en agosto de 1981 Domingo García-Sabell sería nomeado Delegado do Goberno coa UCD e revalidaría o cargo co PSOE en 1982, xogando un polémico papel en tal cargo (1981-1996), que tentaría facer compatible coa presidencia da Real Academia Galega (1977-1997), tamén moi discutida. A promoción e recoñecemento institucional da lingua e da cultura galegas, e a creación do Consello da Cultura Galega, no que se integrarían os principais galeguistas históricos e os seus epígonos, foron os dous obxectivos fundamentais que se propuxeron nesa nova e derradeira etapa política. Ramón Piñeiro ocuparía a presidencia do CCG (1983-1990), sendo substituído polo discípulo e escritor Carlos Casares (1990-2002).

BIBLIOGRAFÍA:

- BARROS, M. (2009): *Ramón Piñeiro, o Partido Galeguista e o revisionismo nacionalista*, Vigo, Galaxia.
- CASARES, C. (1991): *Ramón Piñeiro. Unha vida por Galicia*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- CASARES, C., ed. (1991): *Homenaxe a Ramón Piñeiro*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L. e QUINTANA GARRIDO, X.R. (1995): “Nacionalismo radical, transición y proceso autonómico en Galicia (1975-1980)”, en J. Tusell / A. Soto, dirs., *Historia de la transición y consolidación democráticas en España (1975-1986)*, Madrid, UNED-UAM, vol. 1.
- DOMÍNGUEZ CASTRO, L. e QUINTANA GARRIDO, X.R. (2005): “Á busca do autogoberno perdido: nacionalismo posibilista, comunistas e galeguistas históricos na xénese do Estatuto de Autonomía para Galicia”, *Grial*, nº 166.
- FERNÁNDEZ, C. (2000): *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro*, Vigo, Galaxia, 2000.

- FREIXANES, V. (1976): *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia.
- GACIÑO, X.A. e RIVAS, M. (1980): *Informe dunha frustración. As claves do proceso estatutario galego*, A Coruña, Edicións do Rueiro.
- GONZÁLEZ ENCINAR, J.J. (1982): *Galicia, sistema de partidos y comportamiento electoral, 1976-1981*, Madrid, Akal.
- MÁIZ, R. (1980): “El Estatuto de Galicia: un modelo de autonomía degradada”, *Argumentos*, nº 30.
- MÁIZ, R. e PORTERO, X.A. (1988): *As institucións políticas no Estatuto de Autonomía para Galicia*, A Coruña, Parlamento de Galicia.
- MEILÁN GIL, J.L. (2002): *La construcción del Estado de las Autonomías. Un testimonio personal*, A Coruña, Fundación Caixa Galicia.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1997): “National Reawakening within a Changing Society: The Galician Movement in Spain (1960-97)”, *Nationalism & Ethnic Politics*, vol. 3, nº 2.
- PIÑEIRO, R. (2002): *Da miña acordanza. Memorias*, Vigo, Galaxia.
- QUINTANA GARRIDO, X.R. (1995): “El nacionalisme gallec, de la posguerra ençà”, *L’Avenç. Revista d’Història*, nº 197 e 198.
- RIVAS, M. e TAIBO, X.I. (1977): *Os partidos políticos na Galiza*, A Coruña, Edición do Rueiro.

En abril de 1978, a comisión do Estatuto dos 16 -integrada por parlamentarios e representantes de forzas políticas extraparlamentarias, de acordo coa idea de Ramón Piñeiro asumida polo presidente preautonómico- presenta o seu traballo, pero en maio unha comisión de nove deputados asume a reelaboración e rectificación do proxecto.



AFONSO VÁZQUEZ-MONXARDÍN

É de Ourense, onde exerce a docencia de Lingua e Literatura Galega, no IES As Lagoas.

Aquel día das letras de hai trinta anos

Afonso Vázquez-Monxardín

Non hai moita dúbida de que hai trinta anos, ou sexa en 1979, eramos todos trinta anos máis novos. E tampouco parece haber dúbida ningunha en que no mundo cambiaron moito as cousas.

Aquel avolto 1979 empezara co establecemento de relacións entre China e Estados Unidos, coas tropas de Vietnam liberando ao mundo do ditador camboiano Pol Pot, co sha de Persia fuxindo de Teherán e co ascenso de Jomeini. Segue coa visita de Xoán Paulo II a Polonia, co triunfo da guerrilla sandinista en Nicaragua e a invasión soviética de Afganistán. Europa lanza o primeiro satélite Ariane e Björn Borg gaña todo en tenis. En España, despois de ser aprobada a Constitución en decembro e co terrorismo de ETA en horas altas, triúnfalo 1 de marzo Adolfo Suárez nas primeiras eleccións xerais da nova era. O 3 de abril, as primeiras municipais democráticas sitúan a UCD coa maioría nos concellos de España -entre eles Ourense onde será alcalde José Luís López Iglesias- e o PSOE gaña cidades como

Barcelona, Valencia ou Madrid. Nesta última Tierno Galván comeza a época da imovidaí madrileña. En Coruña hai alcalde nacionalista, Domingo Merino, de Unidade Galega.

En Galicia, o réxime preautonómico que botara a andar en abril de 1978 baixo a presidencia de Rosón trata de redactar o proxecto de Estatuto. En abril a comisión do Estatuto dos 16 ñintegrada por parlamentarios e representantes de forzas políticas extraparlamentarias, de acordo coa idea de Ramón Piñeiro asumida polo presidente preautonómico-presenta o seu traballo, pero en maio unha comisión de nove deputados asume a reelaboración e rectificación do proxecto. Rosón, partidario do Estatuto dos 16, é substituído por José Quiroga e o proceso ralentízase ata que a finais de decembro do ano seguinte, se aproba en referendo o proxecto consensuado polas forzas autonomistas no Pacto do Hostal, -setembro de 1980- presentado aos cidadáns no medio dunha grande indiferencia popular (só votou o 28 por cento da poboación) e coa opo-



Póster de Quessada pola autonomía de Galicia.

sición frontal do nacionalismo popular que aínda se mantiña alleo ao mundo das transformacións políticas.

Pois no medio deste fervedoiro, a Real Academia Galega -cunhas novas instalacións inauguradas polo rei Xoan Carlos en marzo de 1979- declarara como persoeiro ao redor do que celebrar o Día das Letras Galegas ao rupturista poeta da vangarda da preguerra, Manuel Antonio.

Desde o fervedoiro social e cultural que era o Ourense daquela primavera, unha boa parte dos interesados nestas cousas e con lastres de oposición a todo o que parece institucional, non entendían ben que fose a Real Academia a que ditase, ano tras ano, o que debía ser o eixo da celebración. Así, entendían que se debía dedicar a òficialización da lingua, á ògaleguización do ensino ou cousas semellantes.

As colaboracións buscadas foron moitas e todas moi agradecidas. Xaime Quessada, xeneroso coma sempre, elaborou un dibuxo a plumiña para un folleto que repartimos xunto co manifesto reivindicativo.

Coa experiencia das ìmesas de partido e plataformas semellantes que proliferaron para o impulso das manifestación pro-autonomía (4 de decembro de 1977) ou contra as rebaixas no estatuto (4 decembro de 1979), constituíuse unha ìComisión organizadora dos actos do 17 de maio, día das letras galegas baixo o lema de ìPola oficialidade da lingua e a recuperación da cultura galega. Desde esta, integrada por xentes moi diversas do progresismo ourensán ño xornal La Región indica que estaba formada polas ìforzas vivas da cidade, menos a dereita e o Bloque, planificáronse unha serie de actos pensados para teren ampla participación popular. Pola súa banda, o ìfrente cultural da AN-PG ño organización integrante coa UPG do vello BN-PG- organizara tamén unha xeira de actividades moi ampla pola rede de asociacións culturais da súa obediencia en todas as vilas importantes e na cidade, na Auriense. O lema ìOficialización do galego entendíase distinto do da ìoficialidade proposto pola ìComisión de que falamos aquí, por non sei que piollada semántica.

Como integrantes da ìComisión cidadá lembro, de memoria, como moi activos, ao profesor David Cortón, a Nacho López Cid, ao delineante Fernando Ferro, a Mercedes Suárez Pazos... e á xente que se movía ao redor a Escola Universitaria e o Museo Arqueolóxico de Ourense. As colaboracións buscadas foron moitas e todas moi agradecidas. Xaime Quessada, xeneroso coma sempre, elaborou un dibuxo a plumiña para un folleto que repartimos xunto co manifesto reivindicativo.

Os actos duraron a semana das letras, entre o luns 14 e o xoves 17.

A “Comisión Organizadora” dos actos do 17 de maio, baixo o lema de “Pola oficialidade da lingua e a recuperación da cultura galega”, fixo un amplo e variado programa. Entre outras actividades, proxectáronse dous cortos: “O pai de Migueliño” e “Os Oleiros”.

O luns houbo un acto no Salón dos Salesianos. O martes proxectáronse dous cortos ‘O pai de Migueliño’ e ‘Os Oleiros’ na Casa de Cultura. O mércores no Saón de actos da casa de chocolate houbo unha mesa redonda sobre a problemática da cultura galega que presentou Francisco Fariña, e na que tamén interviron Plácido Bahamonde, o arquitecto Fernando Blanco, o arqueólogo Xosé Carlos Sierra, o cantante Suso Vaamonde, o crítico musical Nonito Pereira, o escritor Manolo Catoira, o pintor Alexandro, o escultor Iñaki Basallo, a pedagoga Mercedes Pazos e o psicólogo Manuel Filgueira.

O xoves, o propio día das letras galegas, celebrouse unha festa popular na Praza da Magdalena en dúas fases. Ás seis da tarde organizouse a parte infantil llevada por mestres e alumnos da Escola Universitaria, Mercedes Suárez e María Bucinoi, especialmente- e ás sete e media para maiores, coa intervención de Suso Vaamonde, o Ballet Folclórico Ourensán, a Unión Orensana e o Cuco de Velle.

Clave foi a apertura da prensa. *La Región* abriu as súas páxinas a colaboracións neses días dos organizadores e o propio 17 de maio empezou o costume de sacar a primeira páxina en galego, á parte do extra dedicado ao tema. A colaboración de *Radio Orense*, estreando daquela, creo lembrar os estudos de Viacambre, lonxe xa da Rúa da Paz, manifestábase na posta á nosa disposición nas ondas dun espazo para difundir entrevistas sobre o tema. E nas tarefas daquela comisión, cadroume facer unha serie de entrevistas a persoeiros. Desde a inmensa ousadía dos dezaioito anos, no prazo duns días houben de entrevistar a Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco



Fotograma de “O pai de Migueliño” de Miguel Castelo.

Amor, Xoaquín Lorenzo Fernández, Ramón Piñeiro, e a uns mozos da cidade ñTatís López, Raúl Romás, Julia Rodríguez, Xose A. García, etc.- que impulsaban unha revista chea de pretensións, *Soportal*, da que creo só apareceran os números 0 e 1.

En calquera caso, é obvio que era moita fariña para inexperto muiñeiro, pero a propia existencia desta cinta gravada e as inmediatas mortes de Celso Emilio (31 de agosto) e Blanco Amor (1 de decembro) fixeron que tomase consciencia da importancia do mantemento da recuperación e arquivo das gravacións de conferencias e entrevistas. De aí partiu o noso interese persoal no lanzamento do proxecto de Arquivo Sonoro que acolleu o Consello da Cultura Galega desde 1992.

A entrevista de Celso Emilio Ferreiro produciuse no Hotel Padre Feijóo e foi amable e próximo e, coa gravadora apagada, díxonos, a Nacho López Cid e a min, as cousas máis interesantes sobre a súa decepción da política. A entrevista a Xoaquín Lorenzo, -publicada no número 9 de *Raigame* (decembro de 1999) foi na sala da súa casa da Rúa da Paz. A Blanco Amor entrevistámolo no seu piso das Lagoas, na rúa que hoxe leva o seu nome. As declaracións de Ramón Piñeiro que arestora ven a luz, foron feitas ao redor dunha visita que fixera días antes das Letras Galegas aos locais da Casa de Cultura da Avenida da Habana.



Celso Emilio Ferreiro por Siro.

Desde a inmensa ousadía dos dezaioito anos, no prazo duns días houben de entrevistar a Celso Emilio Ferreiro, Eduardo Blanco Amor, Xoaquín Lorenzo Fernández, Ramón Piñeiro.

Eu, recoñézoo, fun falar con el, cos prexuizos propios da miña xeración. Con esa lenda negra que o situaba, pouco menos, que como axente da CIA contra o nacionalismo militante.

O que me encontrei foi unha persoa esforzada, razoable, optimista, positiva e firme que buscaba sempre a complicidade do interlocutor co seu recorrente iverdá?i e a vontade de claridade e convencemento do oínte coa constante coa repetición de frases e o aclaratorio iÉ decirí que tanto usaba. As dúas parvadiñas que lle preguntou o entrevistador foron aproveitadas por un Ramón Piñeiro moi habituado a estas cousas para espallar a súa verdade integradora.

O que aquí se transcribe, como testemuño de homenaxe, é o central daquelas palabras:

ENTREVISTA

¿Como ve a situación da cultura galega hoxe?

Pois eu teño trato con moitos xovenes, con moita personas pois preocupadas pola vida cultural galega e teño nese sentido, pois un privilexio informativo dentro do contacto casi constante con medios distintos.

Eu penso que hai nestes momentos un grande pulo cultural que vai ligado a unha especie de toma de conciencia da personalidade colectiva porque na actividade cultural, hoxe hai en Galicia ducias de asociacións culturais e ducias de iniciativas culturais, que independentemente unhas de outras xurden, intentan realizar cousas, uns queren facer teatro, outros queren facer música, outros queren facer libros de lectura, textos escolares en galego.

Hai unha serie de iniciativas espontáneas independentes unhas doutras que van xurdindo, desde un grupo que se constitúe para facer textos de matemática moderna en galego, outros grupos, varios, que se reúnen, e que se constituen para facer textos para o ensino da EXB, outros que se reúnen para estudar a música galega, que está pouco coñecida, pouco investigada, e hai pois xa, un grupo de musicólogos, homes que están preocupados, volcados neste esforzo.

Outros diríamos con entusiasmos innovadores, con entusiasmos creadores. Realizadores de tipo cultural. Por exemplo no teatro hai moi diversas grupos e iniciativas, preocupacións, actividades orientadas a darlle pulo o teatro galego e incluso a darlle unha certa continuidade.

Hai en calquera dos campos da actividade cultural encontramos núcleos, encontramos iniciativas, encontramos confianza na propia capacidade e encontramos entusiasmo. É un labor orientado ao futuro de Galicia.

É dicir que, todo esto responde como a vangardia, ben sexa actividade cultural galega, ben sexa como a vangardia do actual renacer da conciencia

colectiva de Galicia, foron nacendo historicamente... É dicir, foron, precisamente os grupos culturais, os poetas, os artistas, os investigadores, foron sempre a vanguardia da conciencia galega. Foron sempre os que estudaron e se preocuparon dos problemas, os que trataron de comunicalos os demais, e hoxe neste renacer cultural, pois siguen sendo a vanguardia cara ao futuro de Galicia.

No plano político hai atrancos, hai conflitos, hai antagonismos, hai dúbidas, hai ambigüedades; no plano cultural hai fe, hai confianza, hai entusiasmo. Eso colócoa na vanguardia do actual renacer de Galicia.

Vostede desde o seu posto de director da editorial Galaxia, terá cumprido coñecemento dos problemas con que se encontraban en xeral o libro galego i en concreto as editoriais, tanto na situación política anterior como agora.

Na etapa anterior as dificultades eran tremendas, primeiro, porque despois de unha dura persecución pois había medo nos libeiros e non había lectores. É dicir, publicabas libros e a difusión do libro galego era un labor difícil, e os libeiros mesmo non se atrevían a poñelos en lugares visibles, estaban alí metidos nunha estantería inicialmente. A xente en xeral estaba deshabituada, estaba absolutamente allea a preocupación cultural gallega. Incluso vían eso algo peligroso, porque vían eso unha intención e un significado político, porque llo daban así o propio poder, verdá?, e a xente percibía moi ben e porque era efectivamente a nosa intención. A xente intuitivamente percibía eso, e percibía o risco. Entonces era moi difícil vencer ese retraemento, pero pouco a pouco foise vencendo, pouco a pouco foise estendendo. Neso contribuíron moito por un lado os galeguistas convencidos, e por outro lado os xovenes. Os xovenes que a medida que se foron incorporando foron dándolle un dinamismo a ese expansión cultural, e fóronse creando con todas esas dificultades, fóronse creando lectores do galego, foise creando un público para os libros galegos, nun nivel que nunca tiveran ata antes de agora. Por exemplo antes do 36 as edicións viñan a ser pois 500 exemplares, hoxe editanse... ao mellor dun libro de Cunqueiro, dun libro de Castelao, dun

libro de calquera en xeral, así pouco coñecido, editas 3000 exemplares. Logo hai que reeditar. Logo, ás veces, nuns casos, por exemplo Cunqueiro, Rosalía ou Castelao algúns destes escritores, o propio Celso Emilio Ferreiro e outros así, pois que se repiten e se repiten as edicións e dicir que se levan vendidos miles e miles de exemplares en edicións diversas. É dicir eso nunca existiu en Galicia hasta agora. É dicir gracias a ese público amplo, hoxe hai en Galicia non unha senón bastantes editoriais; cinco ou seis editoriais en actividade para un público que aumenta, verdade? Empeza a haber xa a invasión das editoriais de fóra. Agora mesmo unha editorial vasca acaba de publicar 20 libros de contos infantís en galego. ¡20 libros! Unha editorial catalana está preparando unha obra sobre Galicia en tres tomos, unha obra con moitas ilustracións, unha obra cara en galego, totalmente en galego. É dicir que empeza xa, e outras grandes editoriais empezan a vir a buscar o mercado do libro escolar. Pois quérese dicir que neste sentido, nestes vinte e tantos anos, nestes trinta anos, cambiou radicalmente o panorama. Hoxe hai moitos máis lectores do galego, moitísimos máis, dos que había pois antes da Guerra Civil, ou dos que había cando iniciou Galaxia a súa actividade. As dificultades de hoxe son a crisis económica que repercute no libro. Hai moitas editoriais españolas están nunha situación delicada pola crisis económica. É dicir, a xente pola inflación, pois a calidade adquisitiva diminúe, o precio das cousas aumenta, tamén o precio dos libros, entonces ten menos capacidade para comprar libros. É dicir diminúe a capacidade de adquisición de libros. Isto é un fenómeno xeral, sen embargo o libro galego resiste bastante ben polo de agora a crisis. É dicir mantense bastante, bastante ben dentro da adversidade da crisis. Mantense bastante ben.

¿Vostede é optimista ante o futuro dos libros en galego das editoriais e en xeral de todo o que se refire a cultura galega a recuperación?

Penso que a batalla cultural está ganada, a batalla política en parte, diríamos beneficiase da batalla cultural, verdá?, e que creo que o do triunfo da batalla cultural pois influirá e favorece o triunfo da batalla política.



a pegada de

RAMÓN PIÑEIRO

en **VIEIROS**

Antonio Piñeiro

Hai unha feliz circunstancia neste ano dedicado pola Real Academia Galega á figura sempre controvertida pero de indubidable interese histórico do político e pensador Ramón Piñeiro, como é o feito de que no mesmo ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas, se conmemore o 50 aniversario da publicación do primeiro exemplar da revista “Vieiros”, a máis inxente empresa editorial que a emigración galega tratou de editar para por en comunión ó conxunto da diáspora universal.

Con tal motivo e dándose a circunstancia de que, xunto á interminable pléiade de nomes que forman parte xa da historia cultural galega, o de Ramón Piñeiro tamén militou –por tres veces– no capítulo de colaboradores desta revista, cremos oportuno rescatar os tres textos que Ramón Piñeiro asinou en tres dos catro números que foron publicados e nos que reflexiona sobre temas que se daquela estaban de plena actualidade no marco das preocupacións culturais da emigración, hoxe manteñen plena vixencia e, como tódolos textos clásicos, serven incluso para axudar aínda a unha toma de parecer para quen desexe reflexionar sobre os asuntos que abordan.

Se no primeiro deles, que titulou “A lingua, sangue do espírito” e que escribiu no ano 1959, Ramón Piñeiro fai afirmacións tan claras e contundentes

como “Pol-a posesión do idioma entra o home en comunicación íntima e trascendente con todo-los contemporáneos, con todo-los antepasados e con todo-los sucesores que ó longo do tempo formaron, forman e formarán, a unidade histórica que il chama ‘o meu pobo’. Pol-o idioma entra en comunicación –i en comunión– con isa totalidade humá que constitúe unha irmandade espritoal que constitúe un pobo. Por iso todo home nado de boa caste, sempre sentirá amor e sagro repeto pol-o idioma”; no segundo axuda a reflexionar sobre o papel que deben xogar no marco da historia “Galicia, Portugal e Brasil” como “comunidade cultural”, urxindo “que galegos, portugueses e brasileiros tomemos conciencia de que constituimos unha comunidade espritoal e de que precisamos afirmala mediante a acción da totalidade dos seus recursos”; mentres que no terceiro e último apunta as grandes liñas ideolóxicas que marcaron o que nalgúns intres foi chamado “exilio interior” que se refuxiou na editorial Galaxia, un colectivo creado “en intres difíciles prá nosa cultural” e que, na súa propia definición “converteuse de contado na vangarda anovadora e, ao mesmo tempo, no centro aglutinador da vida cultural galega”, sen o cal –tanto para ben como para mal– é moi difícil de entender, no xa o panorama cultural galego de hoxe en día, senón incluso tamén o noso propio panorama político.

RAMON PIÑEIRO



Para que unha colectividade humana teña a categoría de pobo, para que teña unha unidade íntima e trascendente, ha de ter unha alma de seu. E un pobo ten alma de seu cando posee "idioma", cando fala nunha lingua propia, que tal é o que significa a palabra idioma.

A lingua ven a ser a alma viva do pobo que fala, ven a ser a súa comunidade esencial. Entre todos os factores de natureza comunal que gobernan a vida social, a lingua é o máis espontáneo, o máis íntimo e tamén o máis común e duradeiro.

O máis espontáneo porque expresa o curso inmediato da vida anímica, tanto individual coma colectiva, que na palabra faise luz.

O máis común porque a necesidade íntima de comunicación abrangue a totalidade da comunidade social. A convivencia baséase na comunicación, no intercambio de ideas e sentimentos, que mesmo é a función esencial do idioma.

O máis duradeiro porque goza de unha estabilidade dinámica, viva, superior á dos demais factores da cohesión social.

Cando un pobo crea unha lingua de seu, dálle expresión, dálle vida fecunda á comunidade de ideas e sentimentos. Unha lingua propia manifesta unha espíritoalidade propia, unha comunidade vivencial peculiar.

A forma de convivencia típica dos pobos é a convivencia fraterna, a participación en común —a comunión— en algo tamén común. Hai unha forma primaria de fraternidade, que é a fraternidade étnica, baseada na comunidade de sangue. Pero hai tamén unha fraternidade superior, unha irmandade espíritoal, baseada na comunidade de lingua. A lingua ven a ser, xa que logo, algo así como un sangue do espírito, un sangue espíritoal que vivifica e imprime identidade familiar a todos os que a falan.

Como si se tratase de unha impalpable cadea anímica, a lingua cingue en irmandade espíritoal única á cantos á falan no pasado, á falan no presente e á falan no futuro. En cada intre do tempo a lingua conserva e amosa, convertidas en palabras —que venen a ser coma vivas arquiñas sonoras— todas as esperencias espíritoais dos que a foron creando no pasado; recolle e asimila todas as que lle

incorporan os que a falan na actualidade; e entégalle todo iste caudal expresivo, todo iste inmenso tesouro espíritoal, arrequecido sin descanso por sucesivas xeneracións, a cada un dos que comencan a deprendela cada día.

Veleiqni un tesouro, un ben, que sendo obra de todos, presentes e pasados, dónaselle enteiro a cada novo ser que chega á comunidade. É un herdo espíritoal que lles pertence por igual a todos os que nacen no mesmo eido idiomático. Con il, cada un recibe o legado colectivo de cantos pertenceron ó mesmo pobo. E aínda se pode decir que é o único herdo que verdadeiramente recibe da totalidade histórica do seu pobo. Nil están lantado, acochadas no ámago de cada palabra, as arelas, as emocións, as esperanzas, as tristuras, os pensamentos, as dúbidas... a vida espíritoal enteira de cantos o precederon. Pol-a posesión do idioma entra o home en comunicación íntima e trascendente con todos os contemporáneos, con todos os antepasados e con todos os sucesores que ó longo do tempo formaron, forman e formarán, a unidade histórica que il chama "o meu pobo". Pol-o idioma entra en comunicación — e en comunión— con isa totalidade humana que constituíe unha irmandade espíritoal que constituíe un pobo. Por iso todo home nado de boa caste, sempre sentirá amor e sagro respecto pol-o seu idioma.

Ademais de ser o vencello esencial entre o home e máis a súa comunidade, o idioma tamén xoga un papel decisivo na formación da personalidade espíritoal do home mesmo, pois sin a luz que as palabras lle infunden

A LINGOA, SANG

no espírito, estaría eternamente condenado a vivir atoutiñando na escuridade íntera individual. Esa riquísima fatura de esperencias humanas ás que a lingua lles dá trasparencia ouxetiva, ven a ser coma un espello ideal no que o home vai pouco a pouco identificándose a si mesmo. É que o home pasa do reino do natural ó reino do espíritol mesmamente por medio da fala. Nasce no mundo biolóxico e moi axiña, talmente segundo vai dependendo a falar, comenza a ascender ó mundo do espírito. As novas palabras que vai dependendo veñen a ser como ás invisíbeles que xurden dentro do seu ser, e que o elevan ó reino do coñecemento, da luz, da liberdade; ó reino do home, ó mundo especificamente humano. E si no mundo biolóxico necesita da nutrición orgánica pra a súa subsistencia e desenvolvemento, tamén pra o seu desenvolvemento espíritoal necesita mantenza, que a atopa no idioma, porque o espírito soio se mantén de sustanza espíritoal. Así, pra o espírito do home son bocados de pan as palabras do seu idioma, e íste, o camiño estrelado que o leva dende a escuridade biolóxica inicial hastra o mundo lucido do pensamento e da liberdade.

Un idioma é sempre unha creación colectiva: a meirande creación de todo pobo; creación incesante, decote anovada, na que se vai plasmando o mundo espíritoal da comunidade que lle dá alento. O espírito colectivo do pobo faise forma viva no idioma, que é de todos, que é patrimonio comunal, mais que evaporiso añaña no interior de cada un, de onde van saíndo e saíndo palabras que, revoando perenemente de boca en boca, levan e traen a intimidade de cada home rente da dos demais, mesmo como si as palabras fosen moedas maravillosas acuñadas coa quentura aloumitante de todol-os beizos da comunidade idiomática. Forman, ó cabo, a expresión ouxetiva disa constante inter-comunicación en que descansa a vida dos pobos.

Cada pobo crea e fala o seu idioma propio. Si os idiomas son entre si distintos, é porque tamén cada pobo ten un mundo espíritoal propio e ese mundo espíritoal crea il mesmo a súa lingoaxe expresiva, ou seña, o seu idioma. Iste idioma feito con sustanza espíritoal da comunidade que o fala, transfóndelle tal sustanza a cada novo ser humano que o depende. Así, cada un nítrese, dende o comenzo, da sustanza espíritoal do seu pobo, a través de unha auténtica, de unha verdadeira comunión. Os que son irmáns na lingua son tamén irmáns no espírito. Por iso resultará sempre que toda persecución a un idioma, veña de onde veña, será un crime espíritoal do que han de arvenegar total-as almas nobres.

O noso pobo, o pobo galego, soupo crear o seu propio idioma. Si a nós se nos distingue como unidade peculiar entremedias da familia europea, é talmente gracias ó idioma. Non é pol-a nosa soberanía política, nin pol-a realización de grandes feitos históricos colectivos, nin pol-a posesión e utilización de grandes riquezas económicas que repercuten no mercado internacional. O que verdadeiramente nos singulariza, o que nos dá personalidade definida e caracterizada diante dos alleos, é o idioma, ou seña, o espírito; ese espírito xenuinamente noso, que se refrexa fidelísimamente na lingua galega. Poderían, nonha gran treboada histórica, queimar todol-os documentos do noso pasado sin deixar un; poderíannos arropañar os bens económicos e condenarnos a unha meirande probeza; poderían estordegar toda a nosa estrutura social de maneira violenta; poderían, si se quer, encarcerar milleiros ou ducias de milleiros de irmáns nosos. . . Con todo, mentras que nos nosos beizos resoasen decote as palabras do idioma galego con toda a súa cadencia íntima, Galicia continuaría a ser un pobo, unha irmandade espíritoal indestruíbel.

O idioma galego é o herdo que nós recibimos de todol-os nosos antepasados, e que nos foi transmitido de xeneración en xeneración ó longo dos séculos. Il garda en si a máis outa creación, o meirande título de gloria de toda a comunidade galaica de todol-os tempos. Porque está por arriba das diversencias ideolóxicas e das loitas de intereses; quen perseguir ó noso idioma perseguirá a alma mesma de Galicia, o seu honor, a súa personalidade esencial. Aquil que for inimigo do noso idioma é, de certo, un inimigo noso. Inimigo satánico, posto que é inimigo da nosa alma.

O idioma galego forma parte de unha gran familia: é irmán do francés, do castelán, do italiano, do catalán e de total-as demais linguas románicas. A forza espíritoal do pobo galaico soupo crear, de maneira semellante ó pobo francés, ou ó italiano, ou ó castelán, a súa lingua propia, o seu idioma, expresión da propia personalidade. Os nosos maiores tiveron alento e grandeza de espírito pra se pôr en par dos demais pobos europeos. A lingua galega, o mesmo que as demais linguas irmás, téñ en si mesma unhas posibilidades de plasmación cultural. Da mesma maneira que o francés serviu pra xermolar unha gran cultura de valor universal, ou o italiano, ou o castelán, o galego pode servir de base a unha cultura de valor universal semellante. Daquela que os nosos devanceiros tiveron vontade de o conquistar, agromou niste chan occidental a lírica galaico-portuguesa, unha das grandes creacións da cultura europea. Veleiqñ a gran ambición colectiva que nós debe axuntar por arriba das loitas de ideas ou de intereses, pois ningunha outra nos pode ennobreecer tanto. Percurar que así seña é o deber fundamental que todo galego ten coa súa comunidade. Renunciar a ilo, total ou parcialmente, denota debilidade moral, impotencia de espírito, caducidade. . .

Compostela (Galiza), 1959.

UE DO ESPRITO

* GALICIA *

PORTUGAL * BRASIL

Poucos feitos aítúan sobre a sensibilidade do noso tempo con tanta intensidade como a conciencia de cambio, de transformación do mundo. O chan histórico sobre o que imos camiñando é inseguro, abaladizo e, sobre todo, cambiante. Si algo temos en común hoxe en día os habitantes do planeta, é mesmamente esa conciencia de cambio e de transformación, esa sensación profunda de ser partícipes dun poderoso proceso que modifica a fisonomía tradicional do mundo.

Tal proceso, vivido por todos como unha experiencia —incluso, en certos intres, como unha experiencia dramática— prantexa a todos os grupos humanos a necesidade de revisar a súa liña tradicional de acción pra axeitola rápida e eficazmente ás novos horizontes históricos que van xurdindo.

Esa renovación dos respetivos horizontes históricos está condicionada por un feito radical: a necesidade de aítuar, de estar presentes a escala mundial. Parte do proceso transformador consiste talmente en substituír as vellas áreas de acción por outras de maior amplitude que poidan participar con efectividade na nova ordeación do mundo. De ahí o reagrupamento de forzas e intereses que a cotía estamos presenciando na relación de uns países con outros.

E non son soia forzas ou intereses de orde político, económico ou militar. Tamén as realidás de orde cultural se avencellan, porque as necesidás integradoras son eiquí igualmente urxentes. As culturas dotadas de unha afinidade esencial non poden permanecer por máis tempo isoladas entre si, choidas en áreas de carácter nacional. Precisan abranguer todo o ámbito natural da súa vixencia con unha vigorosa cohesión operante. Soio así acadarán a necesaria presenza aítiva no panorama cultural do mundo, sin a cal caerían axiña no estancamento e na progresiva depauperación.

Galicia, Portugal e maila Brasil forman, entre os tres, un área cultural ben crara e definida. A comunidade idiomática que os abrangue serve de fundamento a unha inequívoca comunidade cultural. Pouco importa que no orde político ou económico non teñan seguido un camiño común. Poden e deben seguilo no orde cultural, no que os seus intereses, consideradas a escala mundial, son idénticos.

Certamente que as peculiaridás respetivas seguiranos diferenciando internamente. O que ocorre é que se deben de unir no que teñen de común pra gravitaren con todo o seu peso conxunto no dinámico concerto das forzas espritoás do mundo, aportando cada un os seus propios recursos, que non teñen por que perder a súa siñificación orixinal. Non se trata de diluír uns cantidos noutros senón de os sumar nun patrimonio superior común, único xeito de garantir a súa vixencia e irradiación universal.

A situación histórica do noso tempo require esa colaboración, imponnos o deber de a levar a cabo. Urxe que galegos, portugueses e brasileiros tomemos conciencia de que constituímos unha comunidade espritoal e de que precisamos afirmala mediante a acción da totalidade dos seus recursos.

Si nono facemos así, si permanecemos pasivas, deixaremos de estar á altura do noso tempo.

Compostela (Galiza), 1962

RAMON PIÑEIRO



Galaxia e a Cultura Galega

Na Feira do Libro deste ano fixo alta de presenza, por primeira vez, o Editorial Galaxia. Entremedias do Espasa-Calpe e máis do Fondo de Cultura Económica, o caso de Galaxia, atendida con cordial entusiasmo por un fado de rapaces galegos residentes en Madrid por razóns de estudo ou de traballo, ofrecíalles aos visitantes da Feira unha imaxe viva da nosa cultura actual. Moitos "descobríron" a súa existencia, e moitos, cósque todos, sorprendéronse da súa vitalidade.

A identificación de Galaxia i a cultura galega —entendida ésta como realidade actual—, é un feito que se foi producindo de seu na estimativa da xente. Tanto dentro como fóra de Galicia, cando se trata da nosa cultura é Galaxia o punto de referencia. E non certamente por influxo da propaganda, xa que a despreocupación propagandística é unha das características galaxiás, senón pola peso real dos feitos. Quéirase ou non, Galaxia é un capítulo importante da futura Historia da Cultura Galega.

Nas seus 14 anos de vida leva xa publicadas máis de cen títulos, cuxo conxunto representa o esforzo sistemático de máis alento que en orde á revalorización idiomática se ten realizado na cultura galega. Diante deste conxunto de obras non se lle poderá negar honestamente a nosa lingua a súa plena maturidade cultural, non só nos eidos da lírica, onde xa lle era reconecida por todas, senon nos da prosa. Ensaio, narración, literatura dramática, etc.

Creada en intres difíciles pra nosa cultura, Galaxia convertiuse decantada na vangarda renovadora e, ao mesmo tempo, na centu aglutinador da vida cultural galega. Por unha banda, soupu manter constantemente vivo o espírito de progresión na líña das conquistas idiomáticas; polo outra, soupu artellar o esforzo de tres núcleos culturais distintos, o das figuras xa consagradas antes da guerra civil —Caballeros, Castelao, Otero Pedrayo, Cuevillas, Risco, Moside, Dieste, etc.—; o dos promotores de Galaxia ou que con ela se incorporaron á nosa cultura —Anxel Fole, García Sobell, Ruf Carballa, Carballa Calero, Fernández del Riego, Cunqueiro, Celestino F. de la Vega, Pimentel, Díaz Castro, Xaime Illa Couta, Silvio Santiago, Xohan Lado, Alvarez Blázquez, C. E. Ferreira, Mariñas del Valle, Ferro Couselo, Dónego, etc. (algúns, por exemplo Cunqueiro e Carballa Calero, xa eran moi coñecidos como poetas na anteguerra, pra a súa presenza cultural adquire unha nova e máis anplia fisonomía a través de Galaxia); e das novas, ou seña a dos formados na post-guerra —Isidoro Millán G. Pardo, Novoneyra, M. Yidán, R. Lugiá, Xohana Torres, López Nogueira, Méndez Ferrín, Franca Grande, Cortezón, A. Tovar, Camilo G. Suárez-Llanos, Bernardino Graña, Manuel María, Basilio Losada, Pérez-Barreiro Nallá, María Xosé Queizón, Allué Andrade, Raimundo Patiño, Arcadio López Casanova, Carlos Casares, X. A. Arxana, etc.—. E, ademais destes núcleos, incorporóv igualmente unha serie de galegos espallados por América: Sebane, Guerra Do Cal, Tobío Fernández, Blanco Amay, Delgado Gurriarán, Neiro Vilas, Emilia Pita. I o extraordinario fenómeno cultural encarnado por Anne Marie Morris, americana de Illinois que fixo do galego a súa lingua poética.

A mobilización cultural de tan variada conxunte —levada a cabo con inteira independencia das tendencias ideo-

lógicas— foi a gran éxito de Galaxia, pois a ela se debe que o panorama actual das letras galegas amosre unha notable variedade, un mínimo de coherencia interna e un innegable pulo creador. Non era empresa doada, como ben se comprende; en primeira lugar, polas atrancas de tipo ambiental; en segunda, pola fraqueza dos medios; en terceiro, pola aguda individualismo predominante no mundo psicológico intragalego; finalmente, as discrepancias —ou mesmo antagonismos— de tipo ideolóxico que inevitablemente tiñan que xurdir nun conxunto tan amplo e diverso. Cada unha destas dificultades foille creando sucesivos —á veces simultáneos— problemas a Galaxia. Pra a continuidade i o progresivo arriquecemento do seu labor demostran que soupu saír adiante con liña. Resulta doado, hoxe, atacar a Galaxia dende unha posición unilateral calquera; o difícil era facer a que Galaxia fixa, e ahí está feito pra honra e proveito do patrimonio cultural galego, nas condicións en que o tuva que facer. Otramente ¿qué sucedería si desaparecese Galaxia? Ben claro está: a aitividade cultural galega perdería a súa coherencia actual e disgregaríase en grupos de carácter ideolóxico.

Certamente, as discrepancias e antagonismos de tipo ideolóxico constitúen un fenómeno natural co que hai que contar e que, de seu, non ten nada de negativo. Pola contra, en toda comunidade sanamente constituída debe de existir o dereito á discrepancia. Ora, pra non caer nas formas aberrantes, sempre doadas no ánimo polémico, as discrepancias e antagonismos ideolóxicos deben deixar á solva a función de aqueles realidás que ofrecen un campo común de colaboración por enriba dos particularismos ideolóxicos. Tal é o caso, en Galicia, da aitividade cultural, única campo no que todas podemos colaborar, independentemente da ideoloxía persoal de cada ún. Non é que na cultura non haxa tensións ideolóxicas. O que ocorre é que esas tensións, si se manteñen a nivel cultural, non coen no particularismo disgregante que se pode dar e se dá no campo da loita política.

Unha das realidás con que hoxe conta a cultura galega pra manter vivo o espírito de colaboración é precisamente Galaxia, cuxa breve e intensa historia é un puro esforzo colaborador. De ahí que resulte necesario atallar futuros confusionismos facendo agora esta nidia aclaración: en Galicia, o mesmo que no resto de España, estamos asistindo a un renacer das inqedanzas políticas, inqedanzas que se van concretando en tendencias ideolóxicas determinadas i entre si diversas e, en certos casos, antagónicas; a pluralidade diverxente ou antagonista dos grupos ideolóxicos tende a crear unha visión "politizada" —ou seña, unilateral e partidista— de todas as problemas, incluso as culturais; aplícondolle esta óptica a Galaxia, pódese incurrir no erro de coidar que é un grupo político entre os demás. Mais eso é kustamente o que compre aclarar: Galaxia non é un grupo político, nin tan siquer unha tendencia determinada. Galaxia é unha aitividade cultural que, como tal, está por enriba dos grupos e tendencias concretos. Galaxia sirve á cultura galega, que é patrimonio de todas, e pra servilo ten que se manter a un nivel supra-partidista, seño cal fora o ideoloxía persoal dos seus colaboradores.

Compostela, 1965

R A M O N P I Ñ E I R O





Raigame

CENTRO
CCEIR
PDRER
JAQUIN
LORENZO